

## **PLENO DO EXCMO. CONCELLO.- NUM. 5**

### **SESION ORDINARIA 30 DE MARZO DE 2015**

#### ASISTENTES

##### POLO GRUPO MPAL. SOCIALISTA

Excmo. Sr. Alcalde  
Abelairas Rodríguez, Isaura  
Alonso Suárez, M<sup>a</sup> Olga  
Fernández Pérez, José Manuel  
Lago Rey, M<sup>a</sup> Jesús  
López Font, Carlos  
Regades Fernández, David  
Rivas González, Angel  
Rodríguez Escudero, Cayetano  
Rodríguez Díaz, Santos H.  
Silva Rego, M<sup>a</sup> Carmen

##### POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG

Alonso Pérez, Fco. Xabier  
Veloso Ríos, Iolanda M<sup>a</sup>

##### POLO GRUPO MPAL. DO PARTIDO POPULAR

Alonso Alonso, Alexia María  
Álvarez Pérez, José Luís  
Araújo Pereira, Marcos.  
Bernárdez de Dios, Antonio  
Cendón Alonso, M<sup>a</sup> Teresa  
Egerique Mosquera, Teresa  
Fidalgo Iglesias, Miguel  
Figueroa Vila, José M  
García Míguez, M<sup>a</sup> Angeles  
Iglesias Bueno, Marta  
Muñoz Posse, Carlota  
Pérez Dávila, Alejandro  
Relova Quinteiro, Roberto F.

#### NON ASISTE:

Domínguez Olveira, Santiago (BNG)

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e dous minutos do día trinta de marzo do ano dous mil quince, coa Presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, e asistencia dos concelleiros Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Alonso, Alonso Pérez, Alonso Suárez, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fernández Pérez, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Lago Rey, López Font, Muñoz Posse, Pérez Dávila, Regades Fernández, Relova Quinteiro, Rivas González, Rodríguez Escudero, Rodríguez Díaz, Silva Rego e Veloso Ríos, actuando como Secretario Xeral do Pleno que asina D. José Riesgo Boluda, constituíuse o Pleno da Excmo. Corporación en sesión ORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a todos os Sres. e Sras. concelleiros e concelleiras coa antelación legalmente requirida. Está tamén presente o Interventor Xeral

Municipal, don Luis García Álvarez.

PRESIDENCIA: Iniciamos Pleno ordinario, orde do día en poder das señoras/es concelleiros, constatamos quórum, está aberta a sesión pública e iniciamos o Pleno.

### **PARTE RESOLUTIVA**

#### **1(55).- ACTAS ANTERIORES: (ACTA ORDINARIA DO 9.02.2015).**

Por unanimidade dos vinte e seis membros presentes da Corporación dos vinte e sete que a constitúen de dereito e de feito, aprobase a acta do Pleno da Corporación correspondente á sesión ordinaria do 9 de febreiro de 2015.

#### **1.1(56).- TOMA DE POSESIÓN DA CONCELEIRA DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, DONA CARLOTA MUÑOZ POSSE. EXPTE. 1077/1101.**

ANTECEDENTES.- Por escrito de data 16 de marzo de 2015, Rexistro Xeral de saída da mesma data, o Presidente da Xunta Electoral Central, expide credencial expresiva de que se designou concelleira do Concello de Vigo a D<sup>a</sup> Carlota Muñoz Posse, por estar incluído na lista de candidatos presentada polo Partido Popular ás eleccións locais do 22 de maio de 2011, en substitución por falecemento de Don Pablo Beiro Diz.

*Ante o Alcalde-presidente e en presenza do Pleno da Corporación, a Sra. Carlota Muñoz procede na forma ritual a xurar o seu cargo coa seguinte fórmula:*

SRA. MUÑOZ POSSE: Xuro pola miña conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleira con lealdade a El Rei e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado.

PRESIDENCIA: Benvida a formar parte deste Pleno por segunda vez, aínda que en todo nós está a memoria de D. Pablo Beiro Diz que faleceu.

**.- (57) INTERVENCIÓN DE DONA CARMEN ALBO LÓPEZ PARA EXPOR A PROBLEMÁTICA DO TRASLADO DOS LABORATORIOS CENTRAIS DO “CHUVI” AO HOSPITAL DO MEIXOEIRO. EXPTE. 1050/1101.**

ANTECEDENTES.- Con data de entrada no Rexistro do Pleno do 9 de febreiro de 2015, número 1050/1101, D<sup>a</sup> María del Carmen Albo López, traballadora do Hospital Xeral de Vigo, presenta o seguinte escrito:

“Expoñer a problemática do traslado dos laboratorios centrais do CHUVI ao Hospital do Meixoeiro polo que queremos intervir no seguinte Pleno do Concello de Vigo”.

PRESIDENCIA: Ten un tempo de intervención de cinco minutos aproximadamente.

SRA. ALBO LÓPEZ: Bos días a todos/as, volvemos de novo a esta sede a solicitar o apoio desta casa do concello na reclamación dos profesionais sobre a situación do laboratorio central no Nuevo hospital de Vigo ou hospital Álvaro Cunqueiro. Os profesionais temos a obriga odontolóxica e ética de denunciar as deficiencias do sistema sanitario e dende un principio advertimos que non é lóxico, nin clinicamente coherente, que a Área de Laboratorios como parte integrante dos Servizos Centrais de diagnóstico, se distancie do Hospital Álvaro Cunqueiro. No Hospital Álvaro Cunqueiro serán atendidos: tódalas urxencias da área de influencia do devandito hospital e tódolos pacientes críticos, dado que neste se situarán as unidades de coidados intensivos de adultos, pediatría e neonatoloxía, toda a cirurxía complexa, a hematoloxía clínica e o transplante hematopoiético, a oncoloxía, etc. Non é seguro para os pacientes, nin apropiado para o persoal médico que os servizos centrais de laboratorio dotados ao 100% en medios humanos e recursos técnicos sexan desprazados do corpo do Hospital Álvaro Cunqueiro a un hospital situado a máis de 10 km.

Reiteramos ata aburrir que as mostras poden sufrir alteracións en tódolos pasos que necesitarán para o transporte entre ámbolos dous hospitais, que fagan inviable a realización dos estudos solicitados ou a identificación das bacterias ou virus que causan as enfermidades. En moitas patoloxías o atraso no diagnóstico e a instauración dun tratamento axeitado supón unha mortalidade de ata o 50%, tal como é o caso das enfermidades infecciosas graves.

A inmensa maioría dos hospitais do nivel do Hospital Álvaro Cunqueiro teñen entre os seus servizos laboratorios complexos plenamente operativos, non laboratorios de urxencias ou de 24 horas. E isto será por algo. Presentamos extensa documentación científica ao respecto e esperamos aínda a que a Consellería di ter apoiando a situación fóra do hospital.

Ademais reclamamos para os nosos pacientes un trato igualitario ao dos grandes hospitais do noso ámbito. A propia Conselleira de Sanidad Sra. Mosquera, na inauguración do laboratorio integrado de Santiago en outubro de 2014 destacaba que esa actuación supón a reorganización dos laboratorios existentes na área de Santiago, a ampliación das instalacións no CHUS e o establecemento dunha cadea única para análise o que, e cito textualmente:"incrementa a eficiencia dos laboratorios, permite axilizar o diagnóstico de diversas patoloxías, e permítese mellorar o tempo de resposta, a trazabilidade das mostras e a seguridade do paciente". Desconcerta moito a opinión contraria sobre o novo hospital de Vigo, e tamén cito textualmente:"o novo hospital si terá un laboratorio de urxencias, pero o servizo de probas complexas quedará no Hospital Meixoeiro e atenderá as peticións de toda a área sanitaria", iso si aquí xa non se fala nin de axilizar diagnósticos nin de seguridade para o paciente, quizais a poboación da área de influencia de Vigo non o mereza.

A nosa opinión é que a Administración o fixo mal, xa externalizou os Servizos Centrais nos Complexos de Coruña (situounos no bloque materno-infantil), en Santiago (situounos no Gil Casares) e en Pontevedra e en todos eles os foi recuperando paulatinamente ao corpo dos grandes hospitais, e agora vai cometer o mesmo erro en Vigo, quen se beneficia diso?. Todos estes problemas derivan de que non se abordou un plan funcional do Novo Hospital cos distintos Servizos, pero se con empresas externas que foron as encargadas de supervisarlo.Todos sabemos que a construción do novo hospital de Vigo depende dunha UTE que cambiou en varias ocasións a súa composición debido a absorcións bancarias, desaparición de entidades ou quebra de empresas. A relación desta UTE co SERGAS establécese a través da directora da consultara sanitaria EfficientiaClinical Management Ana Sánchez, que é nomeada directora da Oficina Técnica de Seguimento da Construción e Posta en Marcha do Novo Hospital de Vigo. Ana Sánchez, repito responsable da Construción e posta en marcha do novo hospital, insiste cada vez que se visitan as novas instalacións que deixar fora aos laboratorios do novo hospital foi unha decisión tomada en 2012 polos responsables naquel momento, entendemos que o Sr. Núñez Feijoo e a entón Conselleira de Sanidad a Sra. Farjas, quen, se recorremos ás hemerotecas, aseguraban naqueles tempos que o plan funcional do hospital seguía sendo o mesmo que desenvolveran os profesionais, que era público ao 100% e que non había nada privado no novo hospital. Neste momento os laboratorios están fóra do hospital e xa se recoñeceu que se privatizaron a cociña, a lavandaría, manteniemento,... serán os próximos os laboratorios?

Só lles quero recordar por último que estamos a falar de vidas, da nosa vida e a das nosas familias, que deixar os laboratorios fóra do novo hospital ten consecuencias sobre elas.

PRESIDENCIA: Moitas gracias dona Carmen Albo, quenda de grupos.

DEBATE:

SRA. VELOSO RÍOS: Unha breve intervención simplemente para amosar, unha vez

máis, o apoio do Bloque Nacionalista Galego ás reivindicacións que hoxe expresou moi ben fundamentadas e argumentadas a Sra. Carme Albo outra vez neste Pleno. É reiterativo falar da sanidade da nosa cidade neste Pleno porque son moitos os problemas que están afectando á sanidade pública na área sanitaria de Vigo, moitos problemas con consecuencias moi graves para a vida das persoas, debido aos recortes e á privatización da sanidade pública na nosa cidade. Este é un exemplo do que xa falamos noutras ocasións e que hoxe hai que volver traer aquí porque ten e vai ter consecuencias moi graves para a cidadanía nun servizo público básico como é a sanidade, e polo tanto, nós queremos manifestar unha vez máis o noso apoio á sanidade pública e a esta reivindicación máis que fundamentada, insisto, por moito que o Partido Popular insista tamén en contarnos outra historia, en relatarnos os feitos dunha maneira diferente, mostrándonos unha realidade paralela na que só cre o Partido Popular dende a Xunta de Galicia, recortando en sanidade pública para adicar os cartos a outras cousas bastante menos produtivas e menos importantes para a cidadanía, pero moito máis importante para un partido que goberna, fundamentalmente para manterse nos cargos.

Esa é a realidade a día de hoxe, e por iso manifestamos de novo o noso apoio a esta reclamación.

SRA. RODRÍGUEZ ESCUDERO: Gracias no nome do grupo Socialista neste Pleno, aos profesionais do CHUVI do laboratorio pola súa loita, que non é unha loita corporativa, é a loita de tódolos que cremos na sanidade pública, como profesionais e como cidadáns. Gracias porque a vosa loita intentou ser denigrada, “ninguneada” pola administración pero a vosa loita está aquí, está presente en todos e en cada un de nós.

Non é unha loita, insisto, corporativa, é a loita duns profesionais que non loitan por eles, polo mellor da súa profesión que é lícito, senón que loitan pola mellora da sanidade pública e da sanidade en xeral en cada un dos cidadáns, por iso en nome do grupo Socialista, creo que en nome dos cidadáns de Vigo, gracias aos profesionais porque realmente sodes un exemplo do que é a defensa dos intereses dos cidadáns e da sanidade pública.

O proceso de desubicación do laboratorio central e integrado no novo hospital de Vigo, é a historia dunha infamia, unha máis que se comete dende o poder público

da Xunta de Galicia, dende a consellería de Sanidade, contra os intereses dos cidadás fundamentalmente de Vigo, é a historia dunha infamia tanto na forma de facelo como no intento de xustificar porque se fai, a día de hoxe foron incapaces, ningún responsable político nin de xestión da área, de demostrar nin unha soa razón que avale unha decisión que vai contra natura, que vai contra calquera criterio científico e de planificación, que como demostrastes vós nos vosos traballos, e como calquera pode estudar ou consultar, realmente non hai ningunha xustificación pero si que hai motivos porque os motivos polos cales se desubica en contra do planificado e en contra do acordado polos propios profesionais no Plan funcional inicial do hospital, forma parte de intereses económicos e de premiar e beneficiar a outras empresas e non aos cidadáns de Vigo, porque o que realmente está na orixe deste cambio de situación, non son razóns técnicas senón son, primeiro, buscar o intento de maximizar os beneficios da UTE construtora do hospital. Segundo, un paso xa anunciado e proposto pola conselleira a Sra. Farjas, e teño a documentación que o acredita, como un paso previo para a externalización e privatización do laboratorio futuro como xa se fixo coas máis de 300 probas de referencia que realmente son elementos fundamentais para o progreso profesional dos profesionais dos laboratorios e por outra parte para o que é o desenvolvemento dos procesos asistenciais nos hospitais do SERGAS, non é o mesmo que un laboratorio estea situado a 5 quilómetros, quen di iso utiliza os laboratorios como se fosen instrumentos simplemente de análise e de produción de probas, pero a produción de probas é a interpretación de probas, e o dar contido á resolución de problemas asistenciais, e iso ten que estar no ámbito que corresponde, e tódolos modelos que se desenvolveron ao marxe ou a distancia de onde está o núcleo fundamental asistencial, fracasaron, e estase a proceder á reversión destes modelos, proba diso, e limítome ao que pasou en Santiago de Compostela ou o que pasou en diferentes ámbitos.

Polo tanto, a nosa solidariedade en nome do grupo Socialista neste Pleno con todos vós, e propoñemos unha resolución á vosa participación no Pleno que sería: primeiro, o recoñecemento, gratitude e apoio aos profesionais do laboratorio do hospital de Vigo na súa loita por conseguir dotar ao Laboratorio Central do Novo hospital de Vigo.

Segundo, esixir á Consellería de Sanidade e da Xunta de Galicia reconsiderare a súa

decisión e proceder a situación do Laboratorio Central integrado na área de Novo hospital de Vigo.

SRA. CENDÓN ALONSO: Sra. Albo, benvida de novo a este Pleno, seguro que vostede esperaría que alguén dos grupos políticos falara das distintas opinións sobre os laboratorios, das opinións que verteron os responsables dos laboratorios, a xefa de servizo de análises clínicas, os responsables do laboratorio do Hospital do Meixoeiro e outras persoas nesas eido, ninguén falou, tampouco vou falar eu demasiado diso porque está documentado e podemos ir as hemerotecas a lelo. Si é certo que non é a conselleira de Sanidade a que defende o modelo no que vostede está en contra, o Xerente do Hospital deféndeo, e estes profesionais, os responsables dos laboratorios, a xefa de servizo do laboratorio e o responsable do laboratorio do Meixoeiro, defendeu un modelo diferente do seu, non sei que intereses a moven a vostede para mantelo, en calquera caso non vou entrar nesa discusión porque é un tema técnico e teñen que ser os técnicos os que o diluciden, téño claro, neste Pleno, neste sitio no que vostede está a falar non hai ninguén máis autorizado que estas persoas para defender un modelo de hospital, as discrepancias de opinión entre facultativos, ou os desexos de ir a un sitio ou a outro son lícitas, pero hai que debatelas onde hai que debatelas, que é nas xornadas técnicas e nas comisión intrahospitalarias, vostedes a discrepancia téñena que levar aos xefes de servizo e estes á Xerencia do Hospital ou onde corresponda, non me consta que isto se producira así. En calquera caso, di vostede que non se abordou o Plan Funcional cos profesionais, si, abordouse cos xefes de cada área, mesmo había unha comisión, abordouse, outra cousa é que non se abordara co vostede, non sei se vostede quería participar, pero participaron os que decidiron os profesionais.

Hoxe eu teño que felicitala Sra. Albo, e teño que felicitala por varias cousas, primeiro, felicítola como traballadora do CHUVI, do Hospital do Meixoeiro, quero que reciba a nosa felicitación porque este hospital foi nomeado “Vigués distinguido” polos 25 anos de traxectoria en servizo de asistencia sanitaria. Segundo, quero felicitala porque recibín unha invitación do seu grupo a unha xornada profesional en defensa do laboratorio, estupendo que este debate volva a onde nunca debeu saír, aos técnicos. Agora ben, eu o que lle pediría sería un pouco máis de

pluralidade e que non só inviten a persoas que defenden este modelo, eu estiven en Santiago de Compostela nunha xornada deste tipo e había profesionais que defendían os dous modelos e aquela discusión foi moi enriquecedora, a min dende logo que son unha descoñecedora disto aportoume moito. Hai moitos profesionais e que de moito prestixio que dirixen ese modelo e o defenden.

Felicítoa tamén porque como sanitaria supoño que vostede debe sentir bastante satisfacción cando pode vir aquí a defender o modelo dun hospital que vai entrar en funcionamento e dous meses, un hospital que estabamos cansos de que se fixeran presentacións de maquetas, un hospital que xa é tanxible, que xa é unha realidade e que está levantado en Beade-Valladares. Felicítoa Sra. Albo, finalmente, porque vostede pode sentirse unha muller afortunada porque ten a oportunidade como todos dixemos de reiterar a súa presenza aquí, por segunda vez vostede en poucos meses acode aquí a debater o mesmo tema.

*PRESIDENCIA: (Dirixíndose as persoas asistentes á sesión).Garden silencio. Séntense, se non se sentan e se volven a levantar, ordenarei o desaloxo do Pleno. A vostedes dous estoulle dicindo que se senten, veñen a alborotar? Séntense, vou ordenar o seu desaloxo a próxima vez. Se di vostede unha soa palabra máis ordeno o seu desaloxo.*

*Desaloxen a ese señor do Pleno.*

*Continúe Sra. Cendón.*

SRA. CENDÓN ALONSO: Continuarei se podo continuar, como ía dicindo Sra. Albo, felicítoa porque por segunda vez en poucos meses pode comparecer neste Pleno. Esas persoas que acaban de abandonar o Pleno teñen solicitada a comparecencia hai moitos meses e non se lle deixa falar neste Pleno, vostede pode sentirse afortunada e digo afortunada e non enchufada porque de enchufes xa falamos no Pleno anterior.

PRESIDENCIA: Continúe Sra. Cendón.

SRA. CENDÓN ALONSO: Eu neste clima non podo continuar, eu falo para que se me escoite.



PRESIDENCIA: Hai silencio absoluto, continúe.

SR. FIGUEROA VILA: Eu pediríalle respecto para todos igual.

PRESIDENCIA: Continúe Sra. Cendón. Garden silencio.

SRA. CENDÓN ALONSO: Sra. Albo, pouco máis teño que dicir porque calquera cousa que lle poda dicir vai a ter a mesma consecuencia que as felicitacións anteriores. Moitas gracias por acudir a este Pleno.

PRESIDENCIA: Rematado o debate hai unha proposta “in voce” que vou tratar de resumir a efectos de resolución e de votación. Componse de dous puntos: Primeiro, recoñecemento aos profesionais do laboratorio, do sistema público de saúde de Vigo. Segundo, reconsideración da decisión da Xunta de Galicia sobre a situación do laboratorio.

Quere que a volva repetir? Queda suficientemente clara?

Dous puntos: primeiro, recoñecemento nos profesionais do laboratorio de Vigo, do sistema de saúde pública. Segundo, reconsideración da decisión da Xunta de Galicia sobre a situación do laboratorio.

Señor concelleiro esa é a proposta? Queren votacións separadas.

No transcurso do debate preséntanse unha proposta “in voce” polo grupo municipal Socialista con dous puntos que se votan por separado, a cal transcríbense na parte dispositiva deste acordo.

VOTACIÓN DO PRIMEIRO PUNTO DA PROPOSTA DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA:  
Por unanimidade dos vinte e seis membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e de feito, adóptase o seguinte,

ACORDO:

1º.- Recoñecementos profesionais do laboratorio, do sistema público de saúde de Vigo.

VOTACIÓN DO SEGUNDO PUNTO DA PROPOSTA DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA:  
Con trece votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, señor e señora Alonso Pérez e Veloso Ríos, e trece votos en contra dos membros do Grupo municipal Popular señores e señoras Alonso Alonso, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Muñoz Posse, Pérez Dávila e Relova Quinteiro, prodúcese empate polo que, de conformidade co artigo 100.2 do RD 2568/1986, do 2 de novembro, efectuese unha nova votación. Ó se acadar o mesmo resultado, decide a votación o Presidente co seu voto de calidade producíndose o seguinte:

ACORDO:

2º.- Reconsideración da decisión da Xunta de Galicia sobre a situación do laboratorio.

## **2.- DECLARACIÓNS INSTITUCIONAIS.**

Non houbo.

## **3.- DITAMES DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS:**

### **3.1(58).- PROPOSTA DE ADHESIÓN Á REDE DE ENTIDADES LOCAIS POLA TRANSPARENCIA E PARTICIPACIÓN CIDADÁ DA FEMP. EXPTE. 20/1102 (REXISTRO PLENO 1073/1101).**

ANTECEDENTES.- Con data 16 de marzo de 2015, o Alcalde emite a seguinte proposta,

"A Xunta de Goberno da FEMP ten constituído o 24 de febrero de 2015 a "Red de Entidades Locales por la Transparencia y Participación Ciudadana", configurada como unha iniciativa que marca a aposta pola transparencia e a participación

ciudadan. Dita rede ten por finalidade promover a innovación e a mellora permanente Na relación entre os Governos Locais e os cidadans baixo os principios do Goberno Aberto e mediante o intercambio de experiencias e desenvolvemento de proxectos.

A súa creación insértase no novo marco normativo deseñado pola Lei 9/2013, do 10 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información e Bo goberno, implicando a todos os niveis territorias de goberno e administración pública no deseño dunha cultura de traballo baseada no goberno aberto e a participación, recollendo especificamente as obrigas para as Entidades locais, que entrarán en vigor en decembro de 2015.

Conforme ao recollido no artigo 5 das Normas de Funcionamento da Rede, ten como obxectivos:

- a)“Promover las políticas de transparencia, participación y colaboración ciudadana efectivas en el conjunto de entidades locales españolas con el fin de dar visibilidad a la actividad pública y conseguir un marco de convivencia estable para favorecer el desarrollo económico y social de los territorios.
- b)Facilitar el ejercicio de los derechos de acceso a la información y de participación ciudadana en el ámbito local, buscando implicación y compromiso con la acción pública de toda la sociedad.
- c)Reforzar la confianza de los ciudadanos en los gobiernos locales, asumiendo compromisos de buen gobierno y realización de prácticas ejemplares en los ámbitos de rendición de cuentas, participación en la toma de decisiones y diseño y evaluación de servicios públicos.”

O Concello de Vigo, en coherencia coa súa longa e acreditada traxectoria en materia de transparencia, ten unha posición destacada e salientable na Comisión de Modernización, Calidade e Participación Cidadana, en particular, no seu Grupo técnico, dende o que se desenvolveron proxectos de alto impacto para o conxunto das entidades locais, resultando de interese para o Concello e a cidadanía a integración na Rede de Entidades locais pola transparencia e a participación cidadán, como ferramenta dende a que coordinar e promover as accións necesarias para garantir a axeitada implementación da normativa aplicable en materia de transparencia e goberno aberto.

Dende o punto de vista da organización municipal a recente publicación dos resultados do Índice de Transparencia de Ayuntamientos (ITA) no que o Concello de Vigo acadou unha posición meritoria, avalan a idoneidade da liña de traballo instaurada e a continuidade desa xestión.

Polo exposto, de conformidade co réxime competencial desta Alcaldía, conforme o ordenamento xurídico vixente, e, en particular, no artigo 124 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, veño en formular a seguinte:  
Proposta para Pleno.”

Deseguido o Alcalde formula a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

A Comisión Informativa de Emprego e Participación Cidadá na súa sesión ordinaria do 23 de marzo de 2015, ditaminou favorablemente dita proposta.

DEBATE:

SRA. VELOSO RÍOS: Hai unha proposta de adhesión á Rede de Entidades Locais para a Transparencia e Participación cidadá, non deixa de ser irónico, tal e como se levan desenvolvendo o Pleno extraordinario e este Pleno ordinario, non deixa de ser irónico que precisamente hoxe vaimos a aprobar este adhesión á Rede de Entidades Locais pola Transparencia e Participación Cidadá, nos estamos a favor de que formemos parte dunha rede de entidades locais pola transparencia e participación cidadá, pero o que máis nos gustaría e que fósemos unha entidade local na que realmente houbera transparencia e participación cidadá, na que realmente se dese a información que se solicita por parte da cidadanía e que realmente a cidadanía tivese voz. Tivese voz e ademais cando veñan logo cidadás a comparecer no Pleno non fosen sometidas a un xuízo como acaba de ser a Sra. Albo, vergoñento, que ven expor a posición dun colectivo e se lle cuestiona persoal e profesionalmente, iso non é respecto á participación cidadá. Entón a nós gustaríanos que si houbera transparencia, algo que vimos reclamando e que desgraciadamente o Pleno extraordinario de hoxe demostrou que segue sen haber, e que houbera participación cidadá, que as persoas que solicitan participar neste Pleno tivesen a oportunidade que a moitas se lles está negando e que cando veñen intervir non fosen xulgadas persoal e profesionalmente por dicir cousas que non nos gustan.

Así que nós imos votar a favor de formar parte desta rede, pero estaríamos moito máis satisfeitos se realmente fósemos unha entidade local transparente e na que se respecta a participación cidadá.

SR. LÓPEZ FONT: En contestación ao que propón a Sra. Veloso non só resulta irónico se non que resulta totalmente fundamentado o que traíamos esta proposta a este Pleno, e por que traemos a proposta a este Pleno? Porque Vigo é a cidade máis transparente de Galicia con 95 puntos sobre 100, non o di o Sr. Font, non o di o grupo municipal Socialista, nin o di o Goberno, dio o Índice de Transparencia dos

Concellos, unha entidade internacional totalmente independente e polo tanto estamos abalados en parámetros como transparencia económica e financeira, urbanismo e obras públicas, nestes parámetros Vigo obtivo a maior puntuación, polo tanto é lóxico que traíamos esta proposta. Pero é lóxico a maiores porque esta proposta xorde da FEMP e xorde precisamente da iniciativa política do Alcalde desta cidade que é a súa vez vicepresidente da Federación Española de Municipios. Sra. Veloso e señores do Partido Popular, a puntuación media dos concellos en España sobre índice de transparencia é 85,2 puntos, a puntuación de Vigo é de 95, non quero pasar sen deixar de mencionar outras cidades, Santiago de Compostela por exemplo ten 66,3 puntos e Pontevedra ten 43,8 puntos, polo tanto, Vigo é a cidade máis transparente de Galicia, Vigo está entre as trinta cidades con maior índice de transparencia de toda España e evidentemente é unha iniciativa que traemos aquí porque temos unha longa e acreditada traxectoria como se di no documento de proposta ao Pleno en todo tipo de actuacións, participamos na comisión de modernización da FEMP, polo tanto, estamos suficientemente abalados para traer esta proposta e suficientemente xustificada por toda a nosa traxectoria. Evidentemente, aqueles como a Xunta de Galicia que pecha 2014 con 207 millóns de gastos imprevistos en soldos, pensións ou receitas, dificilmente poderían facer unha proposta deste tipo e dificilmente poden abalar o seu índice de transparencia. Tamén hai máis, a nivel dos partidos políticos porque aquí hai algunha concelleira que no debate anterior intentou dar leccións, ameazar a quen comparecía e quérolle lembrar, entre outras cousas, e xa o dicía no anterior debate, unha trama de facturas falsas no Partido Popular de Ourense que definen claramente como actuamos uns e como actuamos outros. Tamén podo mencionar ao Concello de A Coruña con 21 millóns de facturas sen pagar a provedores e nos caixóns e cun índice de transparencia e de cumprimento absolutamente nefasto.

Polo tanto, creo que os tres grupos que estamos aquí, os 27 concelleiros, deberíamos estar orgullosos do traballo que se fixo sempre en transparencia nestes oitos anos nesta Corporación, propoñemos evidentemente a adhesión, e ademais dende o noso grupo queremos felicitar ao Alcalde na súa condición de vicepresidente de FEMP, por esa iniciativa na constitución desta rede na que pretendemos participar como socios titulares.

Quedoume algunha cousa anteriormente no debate pero é evidente que hoxe, aquí,

demostramos como actúa un goberno honesto, incualificable, pero algo moito máis importante, como actúa un goberno absolutamente respectuoso coa xustiza e cos funcionarios, non temos nin unha tacha, non temos ningún reproche en canto ao que é colaboración coa xustiza e a practicamos ao máximo. Practicámolo ao máximo señores concelleiros do Partido Popular e do Bloque Nacionalista Galego, porque nós nestes oitos anos fomos un goberno honesto, un goberno que defendeu absolutamente a legalidade e a transparencia e como non son vostedes os que van facer de tribunal sobre a nosa propia transparencia e actuación, senón que hai organizacións que así o fan, estamos suficientemente abalados, entre os mellores de España e é unha pena que vostedes non estean orgullosos.

SRA. ALONSO ALONSO: Nós tamén imos apoiar que Vigo pertenza a esta Rede de Entidades Locais pola Transparencia e Participación Cidadá da FEMP, e non podemos felicitar ao Alcalde pero si imos felicitar aos funcionarios que participaron e que nos consta que funcionarios vigueses están a participar nesta proposta, si que aos funcionarios imos felicitálos.

A nosa dúbida é se a FEMP coñece a gran tarefa deste Alcalde en materia de transparencia e participación cidadá porque se non a coñece só ten que ver e facer un repaso ás dúas sesións plenarias que estamos a realizar hoxe. Neste Concello, e non lle vou falar de puntuacións, hai tanta transparencia que a oposición ten que facer e forzar un Pleno extraordinario para recibir ou intentar recibir información, hai tanta participación cidadá neste concello, que os colectivos como a Federación Veciñal Eduardo Chao ou o Club de Fútbol Casablanca levan meses esperando para poder intervir neste Pleno. Hai tanta participación cidadá e tanta transparencia que para poder acceder a esta sesión plenaria, os cidadás teñen que vir ás 6:30 da mañá por se a cola é como se isto fora un concerto dos The Rolling Stones, esperar a ver se entran ou non porque algúns parece que pagan entrada e outros non, a teoría e as aparencias parece que as coñecen ben, pero falla algo que son os feitos, ese slogan que vostedes levaron, “falan os feitos”, aquí neste caso non están a falar. Agora déronlle as notas aos rapaces e nós tamén imos poñerlle nota a este Goberno en materia de transparencia e participación cidadá, e estades suspensos e os feitos demostrano, entón as redes si, as imos apoiar porque Vigo non pode quedar fora desta rede, pero que empecen a falar os feitos.

PRESIDENCIA: A nota dos organismos independentes é 9,5, non está mal, 9,5 sobre 10 dánnos os organismos independentes, mal non estivo.

VOTACIÓN: Por unanimidade dos vinte e seis membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e de feito, adóptase o seguinte,

ACORDO:

PRIMEIRO.- Manifestar a vontade do Concello de Vigo de adherirse á “Red de Entidades Locales por la Transparencia y Participación Ciudadana” da Federación Española de Municipios y Provincias, como Socio Titular, dacordo co disposto no artigo 8 das Normas de Funcionamento e Organización da mesma e cumprir os seus fins estatutarios.

SEGUNDO.- Notificar o presente acordo á Secretaría Xeral da FEMP, e dar publicidade á mesma mediante a páxina web e sede electrónica municipal, así como na intranet para o coñecemento xeneralizado da organización.

**3.2(59).- DAR CONTA DO DECRETO DA ALCALDÍA DE DATA DE 11.03.15 POLO QUE SE APROBA O PERÍMETRO DE CONSOLIDACIÓN E OS MARCOS ORZAMENTARIOS PARA O PERÍODO 2016-2018. EXPTE. 102498/140 (REXISTRO PLENO 1066/1101)**

ANTECEDENTES.- Dáse conta do decreto da Alcaldía, de data 11 de marzo de 2015, polo que se aproba o perímetro de Consolidación establecido para o Concello e os marcos orzamentarios do período 2016-2018, que di:

“Ao obxecto de dar cumprimento ao previsto no artigo 6 da Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministro de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, antes do quince de marzo de cada ano, de acordo coa información sobre o obxectivo de estabilidade orzamentaria e de débeda pública que previamente estableza o Estado, remitiranse os marcos orzamentarios a medio prazo nos que se enmarcará a elaboración dos seus Orzamentos anuais.

O Marco orzamentario está previsto para o período 2016-2018, sendo a base de partida a Liquidación do Orzamento consolidado do ano 2014.

Sobre a precitada base, déronse as instrucións sobre a variabilidade do orzamento, que foron estudadas e coordinadas pola Intervención Xeral, elaborándose o Marco orzamentario previsto para o devandito período, baseado nas variacións tendenciais contidas no informe da Intervención que non son obxecto de reprodución. No entanto, quedan recollidas nas táboas dos marcos orzamentarios que forman parte desta Resolución que será incorporada aos modelos de remisión telemática que están na páxina web do MINHAP e que terán que ser remitidos antes do día 23/03/2015.

De conformidade co previsto no art. 168.1 do TRLRHL, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo e art. 18.1 do R.P., aprobado polo Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, a formación do proxecto dos orzamentos corresponde ao Alcalde-Presidente da Corporación. Neste caso, é un documento marco, sobre o que se aprobará, se é o caso, o Orzamento do ano 2016 e seguintes, seguindo os trámites e competencias previstos no Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e na Lei de Bases de Réxime Local.

Vistas as avaliacións e cálculos para a obtención dos marcos orzamentarios para o período 2015-2017

#### RESOLVO

PRIMEIRO.- Aprobar o perímetro de Consolidación establecido para o Concello de Vigo polo Ministerio de Facenda e Administracións Públicas (MINHAP), quedando limitado á Entidade Local, aos Organismos Autónomos Administrativos e a Fundación MARCO.

Instituto Municipal dos Deportes	Xerencia Municipal de Urbanismo	Parque das Ciencias Zoo	Escola Municipal de Artes e Oficios	Fundación MARCO
----------------------------------	---------------------------------	-------------------------	-------------------------------------	-----------------

SEGUNDO.- Aprobar os marcos orzamentarios para o período 2016-2018 de acordo as seguintes táboas

#### Estado de gastos consolidado

Capítulos	2015	%Variación	2016	%Variación	2017	%Variación	2018
A) Detalle de Gasto Corrente N.F							
I	66.966.480,22		67.300.812,62		67.536.816,68		67.974.500,77
II	113.821.546,31		115.531.401,70		116.883.715,70		117.365.634,30
III	396.000,00		175.000,00		175.000,00		175.000,00
IV	25.570.041,50		26.848.543,58		27.117.029,02		27.388.199,31
Fondo de continxencia	200.000,00		200.000,00		200.000,00		200.000,00



<b>Total G. Corrente N. Financeiro</b>	<b>206.954.068,03</b>	<b>1,50%</b>	<b>210.055.757,90</b>	<b>0,88%</b>	<b>211.912.561,40</b>	<b>0,56%</b>	<b>213.103.334,38</b>
B) Detalle Gastos capital Financ.							
VI	17.222.872,45		10.000.000,00		10.000.000,00		10.000.000,00
VII	620.000,00		620.000,00		620.000,00		620.000,00
Gasto capital NF	17.842.872,45	-40,48%	10.620.000,00	0,00%	10.620.000,00	0,00%	10.620.000,00
<b>Total Gasto N. Financeiro</b>	<b>224.796.940,48</b>	<b>-1,83%</b>	<b>220.675.757,90</b>	<b>0,84%</b>	<b>222.532.561,40</b>	<b>0,54%</b>	<b>223.723.334,38</b>
C) Detalle Gastos Capital Financ.							
VIII	680.040,18		680.040,18		680.040,18		680.040,18
IX	16.794.564,22		2.728.919,29		2.728.919,29		2.728.919,31
<b>Total Gasto Financeiro</b>	<b>17.474.604,40</b>	<b>-80,49%</b>	<b>3.408.959,47</b>	<b>0,00%</b>	<b>3.408.959,47</b>	<b>0,00%</b>	<b>3.408.959,49</b>
Total Orzamento	242.271.544,88	-7,52%	224.084.717,37	0,79%	225.941.520,87	0,53%	227.132.293,87

### Estado de ingresos Consolidado

Capítulos	2015	%Variación	2016	%Variación	2017	%Variación	2018
A) Detalle de ingresos corrientes							
<b>I e II</b>	<b>113.058.673,16</b>		<b>113.307.065,99</b>		<b>113.561.473,97</b>		<b>114.064.271,70</b>
IBI	65.215.971,46		65.281.187,43		65.411.749,81		65.607.985,06
IAE	13.407.809,08		13.474.843,13		13.542.222,36		13.677.644,59
IVTM	14.488.133,19		14.502.621,32		14.517.123,94		14.531.641,07
IIVTNU	7.044.410,27		7.058.499,09		7.072.616,09		7.086.761,32
ICIO	1.736.471,09		1.768.207,56		1.739.945,77		1.769.645,50
Cesión Tributos Estado	11.165.878,07		11.221.707,46		11.277.816,00		11.390.594,16
<b>III</b>	<b>44.231.958,57</b>		<b>44.276.190,53</b>		<b>44.320.466,72</b>		<b>44.364.787,19</b>
<b>IV</b>	<b>72.051.334,50</b>		<b>72.911.591,17</b>		<b>73.330.649,13</b>		<b>74.001.385,62</b>
FCF	61.720.870,57		62.029.474,92		62.396.622,30		62.963.018,52
Resto transferencias e subvencions	10.330.463,93		10.882.116,25		10.934.026,83		11.038.367,10
<b>V</b>	<b>2.569.897,45</b>		<b>2.582.746,94</b>		<b>2.595.660,67</b>		<b>2.608.638,98</b>
<b>Total I. Corrente N. Financeiro</b>	<b>231.911.863,68</b>	<b>0,50%</b>	<b>233.077.594,63</b>	<b>0,31%</b>	<b>233.808.250,49</b>	<b>0,53%</b>	<b>235.039.083,49</b>
B) Detalle Ingresos Capital N.F							
VI	2.300.000,00						
VII	,00				,00		,00
Ingresos capital NF	2.300.000,00		,00		,00		,00
<b>Total Ingresos N. Financeiros</b>	<b>234.211.863,68</b>	<b>-0,48%</b>	<b>233.077.594,63</b>	<b>0,31%</b>	<b>233.808.250,49</b>	<b>0,53%</b>	<b>235.039.083,49</b>
C) Detalle Ingresos Financeiros							

VIII	680.040,18		680.040,18		680.040,18		680.040,18
IX			2.700.000,00		2.700.000,00		2.700.000,00
<b>Total Ingreso Financeiro</b>	680.040,18		3.380.040,18		3.380.040,18		3.380.040,18
Total Orzamento	234.891.903,86	0,67%	236.457.634,81	0,31%	237.188.290,67	0,52%	238.419.123,67

### Capacidade/Necesidade de financiamento e Débeda viva

Conceptos	2015	Variación	2016	Variación	2017	Variación	2018
Saldo operacións correntes N.F	24.957.795,65		23.021.836,73		21.895.689,09		21.935.749,11
Saldo operacións capital N.F	-15.542.872,45		-10.620.000,00		-10.620.000,00		-10.620.000,00
Saldo operacións non financeiras	9.414.923,20		12.401.836,73		11.275.689,09		11.315.749,11
(+/-) axustes, SEC-95	-8.281.260,64		-8.241.154,55		-8.274.794,25		-8.320.383,54
Capacidade (+) / Necesidade (-)	1.133.662,56		4.160.682,18		3.000.894,84		2.995.365,57
Débeda viva a 31/12	9.931.101,29		7.202.182,00		4.473.262,71		1.744.343,40
A curto prazo	2.728.919,29		2.728.919,29		2.728.919,31		1.174.893,52
A longo prazo	7.202.182,00		4.473.262,71		1.744.343,40		569.449,88
Ratio Débeda viva/ Ing. Corrt.consolidados	4,28%	-27,80%	3,10%	-38,19%	1,90%	-61,05%	0,74%

### Amortización ordinaria de débeda 2015-2018

Ide. Débeda	P. 01/01/2015	A.ord/extr.2015	P. 31/12/2015	Amt. Ord.2016	P.31/12/2016	A.ord/extr.2017	P. 31/12/2017	Amt. Ord.2018	P.31/12/2018
Caixagalicia 2005	1.509.390,26	-1.509.390,26	,00	,00	,00				
Ptmo. BCL2008	6.216.103,06	-1.554.025,76	4.662.077,30	-1.554.025,76	3.108.051,54	-1.554.025,76	1.554.025,78	-1.554.025,78	,00
Caixanova 2009	3.027.218,14	-605.443,63	2.421.774,51	-605.443,63	1.816.330,88	-605.443,63	1.210.887,25	-605.443,63	605.443,62
Pt. BBVA 2010	11.216.699,37	-8.369.449,89	2.847.249,48	-569.449,90	2.277.799,58	-569.449,90	1.708.349,68	-569.449,90	1.138.899,78
Pt. BSCH 2014	4.756.254,68	-4.756.254,68	,00		,00		,00		,00
T. D. Financeira	26.725.665,51	16.794.564,22	9.931.101,29	-2.728.919,29	7.202.182,00	-2.728.919,29	4.473.262,71	-2.728.919,31	1.744.343,40

TERCEIRO.- Remitir telemáticamente a información a través da aplicación de captura de datos que ten o MINHAP na súa páxina web oficial antes do 23/03/2015.

CUARTO.- Autorizar a remisión da información ao Sr. Interventor Xeral Municipal

QUINTO.- Dar conta da Resolución ao Pleno da Corporación aos efectos do previsto no artigo 123.1.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local.

A comisión informativa de Economía, Facenda e Educación, na súa sesión ordinaria do 23 de marzo, quedou informada.

DEBATE:

SRA. SILVA REGO: Este punto que agora damos conta sobre os marcos orzamentarios para o período 2016-2018, ben dado por unha obriga legal e en torno a esta proposta temos que comezar dicindo que se prevé que os ingresos sexan similares aos que se viñeron obtendo nos últimos tempos, ingresos que van permitir dar resposta a tódalas demandas e necesidades da cidadanía viguesa, por certo maioritariamente ingresos propios, porque aviados iríamos se esperáramos polas partidas orzamentarias do goberno de España ou da Xunta de Galicia para facer fronte ás políticas sociais ou ás políticas de emprego, ás demandas máis importantes que teñen hoxe as viguesas/es.

Neste decreto tamén se propón que vai seguir habendo superávit, que se vai cumprir coa regra de gasto, que se vai seguir mantendo esta cidade como a cidade que pagan un período medio de pago menor de toda España aos provedores, pero o máis importante de todo é o que se propón ao goberno de España é que nos próximos marcos orzamentarios este Concello vai poder seguir facendo fronte ás axudas de emerxencia sen límite tal e como está sucedendo agora, que imos poder seguir sendo o Concello de España que adica máis investimentos ás políticas sociais, que imos ser o Concello de Galicia e de España que adica máis cartos ás políticas de emprego, cando digo de Galicia e de España falo de A Coruña, de Pontevedra, de Santiago de Compostela, pero tamén falo de Rivas-Vaciamadrid, este concello inviste moito máis cartos en políticas sociais e de emprego que por exemplo Rivas-Vaciamadrid e iso que hai algúns que presumen moito pero son “palabrerías”, detrás non hai nada, non hai un compromiso real por parte de eses concellos coas políticas sociais e as de emprego.

Con este Orzamento vai seguir habendo orzamento para os comedores escolares e que ningún neno/a de Vigo teñan que estar en lista de espera, con este orzamento vaise seguir podendo apoiar aos comedores sociais para que as persoas que teñan dificultades de alimentación podan seguir atendendo por parte das ONGs, eu xa sei

que a vostedes lles molesta moito señores doutros partidos políticos que se sitúan na esquerda, que este sexa o Concello máis de esquerdas de España nas súas políticas, eu xa sei que lles molesta, pero os datos obxectivos falan, este Concello de Vigo, este goberno local é o máis comprometido de toda España coa xente, e saben que pasa, que os cidadáns/ás sábeno e o apoian por iso algúns sentámonos aquí e gobernamos e outros téñense que sentar no Pleno e non teñen o apoio popular porque a xente xa lles coñece, saben quen son.

Con este marco orzamentario para o período 2016 e 2018 imos seguir mantendo axudas á alimentación cunha tarxeta da dignidade, imos seguir dando axudas ao aluguer a máis de 1.000 persoas que senón estarían desafiuizadas, ningún outro concello de España ten este programa, imos seguir loitando contra a pobreza enerxética. Polo tanto, enviamos a Facenda o Marco Orzamentario para o período 2016-2018 co orgullo de poder dicir que imos a poder manter tódalas axudas sociais e de emprego para a xente de Vigo, para os homes e mulleres de Vigo. A min gustaríame que Esquerda Unida que está falando dende esa tribuna porque non ten representación popular, fixera o mesmo onde gobernan.

SR. FIDALGO IGLESIAS: Antes de falar de previsións económicas de aquí ao 2018, é moito predicir o futuro, hai que ter en conta e lembrar o que está pasando no presente, porque no presente estamos a finais do mes de marzo de 2015 e no Concello de Vigo, por non haber non hai nin un proxecto de borrador tan sequera duns orzamentos para o ano 2015, estamos falando das previsións económicas do 2018, que se se van manter as políticas sociais ou non, pero aínda o que non sabemos é o que vai pasar no 2015, sabemos que dentro dun mes e pico haberá unhas eleccións municipais, supoñemos que os cidadás de Vigo van volver a apoiar ao Partido Popular como sempre o fixeron. Tal e como din vostedes, porque parece que algúns teñen amnesia, vostedes están gobernando, señores do Partido Socialista, gracias a estes señores do Bloque Nacionalista Galego, pero parece que se esquecen porque vostedes perderon as eleccións, a realidade é que perderon as eleccións e que quen dirixe o Concello é quen as perdeu, e quen dirixe o Concello é o que non ten o respaldo suficiente como para presentar unhas contas para o 2015, e senón as terían presentado, esa é realidade, non é falar por falar, nin falar do futuro, parece que teñen amnesia e cren que gañaron as eleccións pero as

perderon. Vostedes están gobernando gracias a estes señores do Bloque Nacionalista Galego aos que agora deostan, esa é a democracia súa. Por iso, Sr. Font, nós como principal partido da cidade e partido maioritario na Corporación non nos cansaremos de lembrar a importancia do acordo ao que chegou este partido político por responsabilidade á hora de darlle a Vigo unhas contas para o 2014, por iso é importante ese acordo ao que chegou o Partido Popular, unhas contas que lle deron a Vigo unha estabilidade da que carece, porque aquí estámolo percibindo, Vigo ten contas e orzamento gracias ao Partido Popular, porque por desgracia os partidos de esquerda e progresista o único que fan e tirarse os trastes á cabeza, logo evidentemente cando haxa eleccións e se poida sumar entre todos para desaloxar ao Partido Popular, iso seguramente volverano a facer, pero cremos que este ano por fin os cidadáns vanlle dar unha maioría suficiente ao Partido Popular como para non volver repetir este espectáculo, que é un espectáculo.

Agora tócanos falar de que imos enviar a Madrid os marcos orzamentarios do ano 2016-2018, díxoo a Sra. Silva, ven isto a dicir que o que imos a mandar a Madrid é como nos imos mover, en canto ás contas se refire, nos próximos anos, algo que se fai agora dende que goberna o Partido Popular en España, faise agora para cumprir coa función de control que ten e que exerce o Ministerio de Facenda, e que obriga a tódolos concellos de España a que non haxa descontrol, que manden información, aquí houbo moito descontrol cando gobernaba o Sr. Zapatero, vostede falaba da Operación Z, aquí o que houbo son oito anos da Operación ZP, que nos quedou un país totalmente na quebra. E sobre estas previsións que dende o Concello se manda a Madrid, o que escriben vostedes aquí e o que lle mandan é a realidade, non mo negarán, destas previsións quítanse tres conclusións, tres principais conclusións, a primeira, que vostedes non teñen previsto baixar impostos nos próximos catro anos, senón subilos. A segunda, que vostedes tampouco teñen previsto reducir os gastos senón subilos. Terceira, que vostedes están e seguen mentindo permanentemente co tema da débeda cero porque no mellor dos casos di aquí que o 31 de decembro deste ano hai dez millóns de euros de débeda financeira, máis os 18,8 millóns de euros de débeda non financeira, así que de débeda cero, nada, a débeda e a herdanza que deixou o Partido Popular foi pasar de 108 millóns de euros de débeda a 47 millóns e unhas arcas absolutamente repletas.

SRA. SILVA REGO: A verdade é que escoitando ao Sr. Fidalgo, pregúntome se vive no mundo de “yupi” ou non se decata do que pasa na cidade porque eu quero lembrarlle ao Sr. Fidalgo que nas anteriores eleccións municipais cando o Partido Popular, a través de mentiras e dun engano masivo ao cidadás, obtiveron maiorías absolutas en moitos concellos, neste Concello perderon 5.000 votos, e o Partido Socialista gañou 6.000 votos, non pasou en ningunha outra cidade de España, eu supoño que será polo mal que o fixera o Partido Popular, que certamente o fixera moi mal, pero neste mandato fíxoo moito peor, fíxoo tan mal, non teñen ningún proxecto para esta cidade. Dende a Xunta de Galicia e do Goberno de España gobernan sempre en contra de Vigo, quitáronnos o sistema financeiro, Caixanova, porque a quixeron levar para A Coruña, para o norte como sempre, pretenderon que en Vigo non houbera un sistema xudicial, tivemos que enfrontarnos abertamente co Goberno de España, dánlle cartos da dependencia de Vigo para A Coruña, apoian ao Aeroporto de A Coruña e de Santiago de Compostela e queren pechar o de Vigo, e saben que van ter como resultado? Que se perderon 5.000 votos no anterior mandato cando o Partido Popular con enganos, mentiras, logrou o apoio dos cidadáns, que nesta van ter unha caída tan brutal que a maioría dos que se sentan aí non van estar sentados, os que estamos aquí todos e moitos máis, non teñan ningunha dúbida, dígoo de forma obxectiva porque eu paseo pola rúa continuamente co resto dos meus compañeiros e co Alcalde e só recibimos felicitacións. Sen embargo, vostedes pasean ultimamente cunha enviada do Partido Popular, do Sr. Feijóo, a que non coñece ninguén, absolutamente ninguén, transparente totalmente que foi a señora que tomou tódalas decisións en contra deste goberno que defende a Vigo, é a man executora de tódolos recortes para Vigo. De que me fala vostedes se acaba de saír un informe do Instituto Nacional de Estadística que di que Galicia é a comunidade autónoma que está na cola do crecemento económico, non o digo eu, di Galicia á cola do crecemento de España. Vostedes, síntoo moito Sr. Fidalgo, non están para tirar bombas.

*De todo o anterior a Alcaldía-Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación, que queda enterado.*

### **3.3(60).- DAR CONTA DA MEMORIA DO TRIBUNAL ECONÓMICO-ADMINISTRATIVO DO EXERCICIO 2013. EXPTE. 857/1101**

ANTECEDENTES.- Dáse conta da Memoria do Tribunal Económico-Administrativo do Exercicio 2014, polo Presidente do Tribunal Económico-Administrativo, que di:

#### MEMORIA DO ANO 2014

Cumprimentando o disposto na Disposición adicional terceira do Regulamento do Tribunal Económico-Administrativo do Concello de Vigo (RTEACV), aprobado por acordo plenario de 14 de xuño de 2004, elabórase a presente Memoria correspondente ó ano 2014, en base ós datos que obran no arquivo do Tribunal, da que se da conta ó Pleno da Corporación.

Despois de varios anos de funcionamento, o Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo tense consolidado como un órgano técnico e independente na garantía dos dereitos dos cidadáns e cidadás de Vigo, en tanto que contribuíntes, coa resolución das reclamacións económico-administrativas interpostas, en relación ós tributos e outros ingresos de dereito público que nutren a facenda municipal.

Ademais, o Tribunal seguiu exercendo funcións de colaboración e asesoramento ós distintos órganos de xestión do Concello en relación coas normas e procedementos de xestión, recadación e inspección dos ingresos municipais de dereito público. Todo isto tense traducido nunha mellora da actividade municipal e nunha diminución da conflictividade fiscal.

No ano 2014 segue a consolidación e o coñecemento do Tribunal Económico-Administrativo do Concello de Vigo. Nembargantes, nalgúns casos obsérvase certa confusión a hora de dirixir as reclamacións presentadas ante este Tribunal, dirixindo as mesmas ao Tribunal Económico-Administrativo Rexional. Esta circunstancia xera certo atraso na tramitación destas reclamacións concretas, xa que dito órgano as remite, como e lóxico, ao Tribunal Económico-Administrativo do Concello de Vigo, coa conseguinte demora na súa tramitación.

As reclamacións presentadas teñen unha mellor e individualizada fundamentación xurídica, tendo diminuído as presentadas baixo un mesmo modelo ou tipo sen ter en conta as peculiaridades de cada unha. Tamén apréciase non só un aumento dos motivos de impugnación, tanto de dereito substantivo (suxeito pasivo, contribuínte, responsabilidade solidaria e subsidiaria, exencións, bonificacións, etc.), como de dereito procedimental (carencia ou notificacións defectuosas, caducidade, prescrición, etc.), senón tamén que a maioría das reclamacións presentadas baséanse en varios motivos.

O exercicio 2014, ó non ter habido modificacións legislativas sobre da

financiamento das entidades locais que obrigasen a adoptar novos criterios sobre os distintos supostos da regulación dos ingresos que integran a Facenda local, pódese considerar coma unha continuación dos anteriores, no que consolídanse os criterios sostidos polo Tribunal nas resolucións das distintas reclamacións económico-administrativas, compartidos na súa case totalidade polos Tribunais da xurisdición contencioso-administrativa.

No exercicio 2014, celebráronse 28 sesións do Tribunal Económico-Administrativo do Concello de Vigo; nas que tratáronse un total de 256 asuntos. O que supón unha media lixeiramente superior ás dúas sesións por mes. Estes datos reflicten unha continuidade e normalidade da actividade respecto ao exercicio anterior.

Ó longo do exercicio 2014 tiveron lugar as sesións que se citan no seguinte cadro; que reflicte o número da Sesión, a súa data e o número de asuntos tratados en cada unha delas.

Sesión	Data da reunión	Asuntos
2014/01	Vintecatros de xaneiro de dous mil catorce	8
2014/02	Trinta e un de xaneiro de dous mil catorce	7
2014/03	Dezaoito de febreiro de dous mil catorce	8
2014/04	Vinteoito de febreiro de dous mil catorce	6
2014/05	Dez de marzo de dous mil catorce	10
2014/06	Dezasete de marzo de dous mil catorce	1
2014/07	Vinteseite de marzo de dous mil catorce	8
2014/08	Once de abril de dous mil catorce	6
2014/09	Vinteoito de abril de dous mil catorce	5
2014/10	Doce de maio de dous mil catorce	7
2014/11	Trinta de maio de dous mil catorce	9
2014/12	Dezaseis de xuño de dous mil catorce	8
2014/13	Vinteseis de xuño de dous mil catorce	9
2014/14	Once de xullo de dous mil catorce	14
2014/15	Vinteún de xullo de dous mil catorce	12
2014/16	Un de agosto de dous mil catorce	12
2014/17	Vintecatros de xullo de dous mil catorce	12
2014/18	Un de agosto de dous mil catorce	1
2014/19	Vinteseis de agosto de dous mil catorce	21
2014/20	Nove de setembro de dous mil catorce	8
2014/21	Trinta de setembro de dous mil catorce	8



2014/22	Catorce de outubro de dous mil catorce	9
2014/23	Vinte de outubro de dous mil catorce	1
2014/24	Trinta de outubro de dous mil catorce	12
2014/25	Trece de novembro de dous mil catorce	4
2014/26	Trece de novembro de dous mil catorce	12
2014/27	Dezaoito de decembro de dous mil catorce	12
2014/28	Vintedous de decembro de dous mil catorce	26
<b>TOTAL</b>		<b>256</b>

### **Reclamacións económico-administrativas**

Pendientes a 01/01/2014	107
Presentadas no exercicio 2014	289
<b>Total</b>	<b>396</b>

### **Tramitación de reclamacións económico-administrativas**

Acumuladas, arquivadas, devoltas, caducadas e desestamentos	60
Resoltas	239
Tramitadas no exercicio 2014	299
Pendientes a 31/12/2014	97
<b>Total</b>	<b>396</b>

### **Tramitación por órganos**

<b>Sala</b>	<b>9</b>
<i>Dictames</i>	2
<i>Reclamacións</i>	6
Estimadas parcialmente	1
Desestimadas	4
Inadmitidas	1
<i>Recursos de anulación</i>	1
Desestimados	1
<b>Organos unipersonais</b>	<b>234</b>
<i>Reclamacións</i>	224
Estimadas	4
Estimadas parcialmente	4

Desestimadas	191	
Inadmitidas	25	
<i>Recursos de anulación</i>		9
Desestimados	4	
Inadmitidos	5	
<i>Solicitudes de suspensión</i>		1
Inadmitidas	1	
<b>Total</b>		<b>243</b>

#### **Notificacións**

Internas		338
Externas		296
<b>Total</b>		<b>634</b>

#### **Recursos contencioso-administrativos interpostos**

Recursos contencioso-administrativos interpostos		11
<b>Total</b>		<b>11</b>

Achéganse, o Libro de Entrada e Saída de Documentos; e o Libro de Actas do Tribunal Económico-Administrativo correspondentes ao exercicio 2014.

A comisión informativa de Economía, Facenda e Educación, na súa sesión ordinaria do 23 de marzo, quedou informada.

#### DEBATE:

SRA. SILVA REGO: O Tribunal Económico-Administrativo do Concello de Vigo é un tribunal exclusivamente técnico, formado por técnicos, o seu presidente o Sr. Rodríguez Ferreira, o seu vocal o Sr. Pola Tombo, e o secretario o Sr. Lorenzo Penela, no informe que propón o Tribunal Económico-Administrativo do Concello de Vigo, propónse con toda claridade que é un órgano técnico e independente, que garante os dereitos dos cidadáns/ás, como contribuíntes, e que teñen como obxectivo resolver as reclamacións económico-financeiras e administrativas interpostas. Propoñen no seu informe que este Tribunal Económico-Administrativo supuxo unha mellora da actividade municipal e unha diminución da conflictividade fiscal, que se

realizaron 28 sesións deste Tribunal, que se trataron 256 asuntos, polo tanto, unha media de reunións superior a dúas sesións por mes é que é o que se reflicte no informe a continuidade e normalidade da actividade respecto aos exercicios anteriores.

Eu simplemente quería intervir neste punto para agradecerlle a estes funcionarios a labor que fan que é a de dar resposta ás reclamacións dos cidadáns, porque ademais como ultimamente está bastante de moda cuestionar ós servidores públicos, eu aquí hoxe, quero agradecerlles aos funcionarios públicos o seu traballo, o seu compromiso, as horas que adican a atender aos cidadáns, porque me parece que é moi inxusto non facelo así. Polo tanto felicitacións a tódolos funcionarios públicos deste Concello.

SR. FIDALGO IGLESIAS: Nós, por parte do Partido Popular, tamén queremos felicitarnos e dar as grazas aos membros do Tribunal Económico-Administrativo do Concello, ao seu presidente o Sr. Albino Rodríguez, ao vocal Sr. Miguel Pola e ao secretario o Sr. Lorenzo Penela.

Este é un órgano creado polo Partido Popular cando gobernou na cidade de Vigo, é un órgano que está en funcionamento, xa leva uns anos, e que efectivamente é un órgano técnico, independente e se adica a dar resposta a esas demandas en relación aos tributos e outros ingresos públicos que nutren a facenda do Concello, ademais fan funcións de colaboración e asesoramento nos distintos órganos de xestións do Concello en relación coas normas e procedementos de xestións, recadación e inspección dos ingresos municipais de dereito público. Si que nos preocupa, vemos como están aumentando nos últimos anos as reclamacións ante o Tribunal Económico-Administrativo do Concello, moitas veces por defectos de notificación, caducidade, prescrición de impostos ou de taxas e isto si que sería bo miralo para que non sigamos esta tendencia. Si que tamén é bo saber, e que tódolos cidadáns de Vigo saiban que para poder reclamar non teñen que ir ao Contencioso-administrativo moitas veces, cando non están de acordo por exemplo cunha multa, sanción, un imposto que se lles está facturando de maneira incorrecta. Entón por parte do Partido Popular de Vigo agradecer, felicitarnos aos membros do Tribunal Económico-Administrativo e que segan así con ese traballo que nos parece que o fan moi acertadamente.

SRA. SILVA REGO: Alégame que esteamos de acordo en felicitar aos funcionarios públicos, simplemente interveño, Sr. Presidente, para dicir que non é certo que haxa un aumento das reclamacións, que se manteñen nos últimos anos nun número moi similar e lembrar que non foi o Partido Popular o que creou este Tribunal Económico-Administrativo senón o que fixo é dar cumprimento a unha Lei do Estado que lle obrigaba a tódolos concellos de España a crealo, polo tanto non nos poñamos medallas nin uns nin outros neste caso porque era unha obriga legal dunha lei de 2003 do Goberno de España.

De todo o anterior a Alcaldía-Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación, que queda enterado.

**3.4(61).- DENOMINACIÓN DO PAVILLÓN MUNICIPAL DE BOUZAS COMO “PAVILLÓN MUNICIPAL PABLO BEIRO”. EXPTE. 14955/331 (REXISTRO PLENO1078/1101).**

ANTECEDENTES.- Con data 23 de marzo de 2015, o concelleiro delegado da Área de Cultura, Festas e Museos, emite o seguinte informe-proposta,

“O decreto da Alcaldía do Concello de Vigo de 29 de xullo de 2014 de delegación de competencias nos concelleiros, establece na Área de Cultura, Festas e Museos a competencia seguinte, entre outras:

“13. Elevar ao Concello-Pleno, en colaboración cos servizos de Cartografía e Estatística, a denominación das vías públicas, prazas e parques municipais instruíndo, a estes efectos, os expedientes correspondentes.”

Polo exposto propónse ao Pleno da corporación...”

Deseguido o concelleiro delegado formula a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

A Comisión Informativa de Política Social, Cultura e Deportes, en sesión extraordinaria e urxente do día 25 de marzo de 2015, ditaminou favorablemente dita proposta.

DEBATE:

SR. LÓPEZ FONT: Moi brevemente, elevamos ao Pleno esta proposta do Alcalde que ten a conformidade dos tres grupos e a elevamos como un homenaxe e como a consideración que temos os tres grupos cara o noso compañeiro o Sr. Beiro, lamentablemente falecido e facémolo dende a consideración de que é o que merece. É un orgullo facer esta proposta, é unha satisfacción poder darlle o nome de Pablo Beiro a ese pavillón e cada vez que se celebre un evento deportivo e cada vez que se faga mención a que tal partido ou tal actuación ou tal evento deportivo se celebre no Pavillón Pablo Beiro será ese o recordo a unha persoa que loitou moito por aqueles que máis o necesitan a unha persoa que foi un dinamizador social e que encima foi concelleiro deste Concello, mellor homenaxe para el e creo que con darlle o seu nome ao Pavillón cumprimos sobradamente o que merecía, e será para que tódolos cidadáns lle lembren cada vez que haxa un evento deportivo.

SR. FIGUEROA VILA: Loxicamente para nós é moi emotivo e ao mesmo tempo é unha satisfacción que tódolos grupos políticos poidamos estar de acordo en darlle ao Sr. Beiro o que se merecía, foi un traballador incansable, bo amigo, eu dicía que boa persoa pero ao mesmo tempo fixo un traballo social por esta cidade que seguramente o tempo valorarao moito máis na súa xusta medida como soe suceder nestes casos.

O Sr. Beiro como todos vostedes saben, era unha persoa que integraba este grupo, pero era unha persoa aberta, plural, que lle abría os seus brazos e a súa casa a calquera persoa, calquera problema que un veciño, un amigo, un compañeiro deportivo ou calquera outra persoa que o solicitase, sempre estaba para escoitar. Eu lle dicía aos meus compañeiros que o Sr. Beiro sempre che daba o diagnóstico dos problemas e a solución a deixaba sempre para el, para que cando el consideraba oportuna, despois de pasar un tempo dicíache “acórdaste daquel tema que sucedeu aquel día?”, pois pasaba isto, o Sr. Beiro era unha persoa traballadora, excepcional, que quería aos seus amigos e polo tanto eu creo que hoxe estamos facendo un recoñecemento e dende logo o noso grupo agradáceo, pero tamén agradece e quero deixalo aquí patente publicamente, o comportamento que tivo toda a Corporación, dende o Alcalde ata o último concelleiro e ata o último

funcionario desta casa, eu creo que demos un exemplo de como hai que facer as cousas, de como hai que estar nun momento destes difíciles e complicados coa familia, e quero tamén en nome de todo o Partido pero en nome da súa familia, e por suposto, eu creo que atribuírme tamén o de toda a Corporación a actitude, o comportamento e sobre todo que o Sr. Beiro poida ter un nome na cidade, un nome nun pavillón emblemático, nun pavillón que el foi un dos que ideou a proposta dese pavillón igual que o campo de fútbol cando estaba na outra parte, na parte directiva que sempre foi e nunca deixou de ser, e que o nome do Sr. Beiro estea en Vigo, en Bouzas, nun sitio onde pasa moita xente, eu creo que é de verdade, esta Corporación ten que estar satisfeita. Eu dou as gracias persoalmente e publicamente ao 27 membros que hoxe xa conformamos esta Corporación outra vez. A vida segue, hoxe incorporouse a Sra. Muñoz e eu creo que o recoñecemento ao Sr. Beiro está aí e onde estea, alá arriba, seguramente que nos está dando as gracias a todos porque el era así, era unha persoa boa, excepcional.

SRA. VELOSO RÍOS: Nós dende o Bloque Nacionalista Galego manifestamos dende o primeiro momento a nosa disposición a que o Pavillón de Bouzas levase o nome de Pablo Beiro, como recoñecemento ao seu traballo político, social e por ser un referente ademais do deporte de base para todos/as que é algo fundamental, e é un referente na nosa cidade que merecía ese recoñecemento.

Nese sentido para nós é algo máis que cumprir cunha formalidade, é un recoñecemento sincero, e nós felicitamos moito de que hoxe esteamos aprobando por unanimidade esta denominación do Pavillón de Bouzas como Pavillón Municipal Pablo Beiro. Reiterar tamén por suposto, como fixemos no seu momento o noso acompañamento aos compañeiros/as do Partido Popular e á familia do Sr. Beiro e efectivamente como a vida segue tamén queremos darlle a benvida outra vez a Sra. Muñoz a esta Corporación, a este Pleno e creo que nestes momentos cando se demostra tamén que a democracia e a política ten que servir tamén para unir, para cohesionar e para recoñecernos uns aos outros, e para recoñecer o traballo positivo que todos/as podemos facer dende a nosa posición.

VOTACIÓN: Por unanimidade dos vinte e seis membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e de feito, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Primeiro.- A denominación do Pavillón Deportivo Municipal de Bouzas como “Pavillón Municipal Pablo Beiro.

**3.5(62).- COLOCACIÓN DE PLACA CONMEMORATIVA NA CASA ONDE VIVIU O DOUTOR MANUEL MILLÁN E MILLÁN. EXPTE. 14764/331 (REXISTRO PLENO 1079/1101).**

ANTECEDENTES.- Con data 23 de marzo de 2015, o concelleiro delegado da Área de Cultura, Festas e Museos, emite o seguinte informe-proposta,

“O decreto da Alcaldía do Concello de Vigo de 29 de xullo de 2014 de delegación de competencias nos concelleiros, establece na Área de Cultura, Festas e Museos a competencia seguinte, entre outras:

“13. Elevar ao Concello-Pleno, en colaboración cos servizos de Cartografía e Estatística, a denominación das vías públicas, prazas e parques municipais instruíndo, a estes efectos, os expedientes correspondentes.”  
Polo exposto propónse ao Pleno da corporación,”

Deseguido o concelleiro delegado formula a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

A Comisión Informativa de Política Social, Cultura e Deportes, en sesión extraordinaria e urxente do día 25 de marzo de 2015, ditaminou favorablemente dita proposta.

VOTACIÓN: Por unanimidade dos vinte e seis membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e de feito, adóptase o seguinte,

ACORDO:

1º.- “Distinguir ao Doutor Manuel Millán y Millán coa instalación dunha placa no edificio “Casa Manuel Millán” da rúa Lepanto nº 5”.

2º.- Texto da placa:

O Concello de Vigo  
ao médico Radiólogo  
Dr. Manuel Millán y Millán(1885-1928)  
En recoñecemento do seu labor científico  
en favor da cidadanía de Vigo,  
na casa onde viviu e exerceu a súa profesión.  
Vigo, marzo 2015

#### **4.- PROPOSICIÓN MENCIONADAS NO ARTIGO 63 DO REGULAMENTO DO PLENO.**

Non se realizaron.

*Neste intre e en cumprimento de acordo plenario, a Corporación e máis todas as persoas presentes no salón de Plenos, postas en pé, gardan un minuto de silencio en memoria das vítimas da violencia de xénero.*

#### **5.- MOCIÓN:**

##### **5.1(63).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG INSTANDO AO GOBERNO GALEGO A REALIZAR AS ACTUACIÓNS PARA ESIXIRLLE A POVISA A READMISIÓN DE 13 PERSOAS DO SEU CADRO DE PERSOAL E DEMAIS ACORDOS COMPLEMENTARIOS. EXPTE. 1071/1101**

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 17 de marzo de 2015, número 1071/1101, a voceira do grupo municipal do BNG, Sra. Veloso Rios, formula a seguinte,

##### **MOCIÓN:**

"Povisa mantén constantemente unha conflictiva relación laboral cos traballadores e



traballadoras, que levou a que fora denunciada en diversas ocasións por vulnerar dereitos elementais do cadro de persoal e que os xulgados dictaminan sistematicamente dando a razón @s traballadores/as.

Esta situación de conflictividade laboral sigue a estar de triste e lamentabel actualidade, ao ter comunicado a empresa a extinción do seu contrato a 13 persoas, 10 celadores e 3 auxiliares do arquivo, e a modificación das condicións laborais doutras 26 argumentando causas organizativas.

Estes despedidos prodúcense apenas 6 meses despois de ter o Sergas renovado o concerto con este centro hospitalario para atender a máis de 130.000 beneficiarios da Seguridade Social, da Área Sanitaria de Vigo, por un importe de 600.480.000 €, e poucos días despois de ter retirado un ERE co que pretendía a extinción de 56 contratos.

Non teñen xustificación estes despedimentos cando o propio Goberno galego esgrimeu o mantemento do emprego coma unha das principais xustificacións para renovar o concerto en setembro de 2014.

A Consellaría de Sanidade non pode manterse impasíbel, nin mirar para outro lado diante desta situación nun centro sanitario co que ten asinado un concerto millonario. Ten que aclarar si vai a consentir que os cartos públicos sirvan para que a empresa mellore a súa conta de resultados, para que a empresa sanee a súa economía e a do grupo ao que pertence ou para a prestación sanitaria da poboación que ten adscrita.

Polo exposto, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación Municipal a adopción dos seguintes

O Pleno da corporación municipal insta ao Goberno galego a:

1. Realizar de inmediato todas as actuacións precisas para esixirlle a Povisa a readmisión das 13 persoas da súa plantilla ás que lle comunicou o 27 de febreiro a extinción do seu contrato e a que proceda á rectificación inmediata da súa política de persoal, baseada na represión, ameazas, despedimentos e arbitrariedade.
2. Facerlle cumprir a Povisa o que se establece ao final da estipulación II "Prestacións Sanitarias" do concerto suscrito co Sergas que dí: Povisa SA obrígase a seguir e a cumprir todas as normas, instrucións, programas e criterios organizativos establecidos polo Sergas relativos aos servizos incluídos no obxecto deste concerto. Igualmente deberá cumprir as disposicións e normas de aplicación establecidas polo Sergas para os seus centros propios.
3. Aplicar as sancións establecidas no concerto asinado o 1 de setembro de 2014 entre o Sergas e o Hospital Povisa, de persistir esta na súa política de persoal."

Con data 23 de marzo de 2015, a Comisión Informativa de Emprego e Participación Cidadá ditaminou favorablemente dita proposta.

#### DEBATE:

SRA. VELOSO RÍOS: Hoxe traemos, unha vez máis, unha moción relativa á sanidade na nosa cidade porque vivindo como vivimos nunha área sanitaria na que sufrimos constantes recortes na sanidade pública, na que perdemos servizos constantemente, na que xa tratamos neste Pleno servizos como reumatoloxía pediátrica, xa falamos da situación de colapso nas urxencias, xa falamos dos graves problemas dun hospital como o Meixoeiro que no canto de recibir os fondos precisos para reformalo, que deixe de ter goteiras e teña persoal suficiente para atender aos pacientes, se lle concede unha distinción honorífica que está moi ben pero igual agradecían máis recursos orzamentarios, nun Pleno no que xa falamos en múltiples ocasións e hoxe mesmo volvemos falar do novo hospital privatizado e da súa urxencia dun laboratorio central, pois nesta área sanitaria con todos estes problemas recorrentes que veñen mes tras mes a este Pleno, contamos cun hospital privado, concertado coa Xunta de Galicia como é o hospital POVISA, que ao contrario do que pasa coa sanidade pública que viu os seus orzamentos recortados nun 12%, mantén un convenio coa Xunta de Galicia na que non se lle recorta absolutamente nada. A Xunta de Galicia asinou, renovou o concerto con este centro hospitalario por un importe de 600.480.000 euros, para oito anos e sendo como é un hospital con graves problemas como demostra o feito de que a súa lista de espera triplica a lista dos hospitais públicos de todo o país.

Fartámonos de oír ao Partido Popular de Vigo xustificar o convenio co hospital POVISA para manter os postos de traballo, e resulta que xusto despois de asinar este convenio de máis de 600 millóns de euros, en POVISA se despide a 13 persoas, continúa a constante conflictividade laboral dentro do hospital de POVISA, que ademais evidentemente por ser o servizo que é ten dúas consecuencias importantes, por unha banda a propia precarización do emprego en POVISA, a perda dos dereitos laborais dos traballadores/as pero por outra banda, e é evidente, a perda da calidade do servizo sanitario que se presta aos pacientes que son atendidos en POVISA.

Hospital, por certo, que a pesares de ser un hospital privado, por ter ese concerto

co SERGAS, é un hospital de referencia para máis de 130.000 beneficiarios da Seguridade Social, que aínda que se lles ofreceu un pequeno prazo de tempo para poder solicitar o cambio a hospitais públicos, viron como a falla de información e ademais os problemas nas listas de espera e a necesidade de ter consultas, operacións cirúrxicas etc, fixeron que realmente ao final non tivesen a liberdade para escoller manterse no hospital privado ou irse a un hospital público.

Estes despedimentos que provocan unha conflictividade laboral pola inseguridade dos traballadores/as que chegou mesmo a manifestarse a través dunha folga de fame, non teñen ningún tipo de xustificación cando o propio goberno galego, como fixo o Partido Popular aquí en Vigo, esgrimiou o mantemento de emprego como unha das principais xustificacións para renovar o concerto en setembro do ano pasado. Concerto, por certo, do que reclamamos información constantemente e que se nos nega por parte do goberno autonómico.

Nós entendemos que non se pode manter esta situación e por iso hoxe propoñemos que o Pleno desta Corporación inste ao Goberno Galego a realizar de inmediato tódalas actuacións precisas para esixirle a POVISA a readmisión das 13 persoas do seu cadro de persoal que se lles comunicou o 27 de febreiro a extinción do seu contrato, e que proceda inmediatamente á rectificación da súa política de persoal que está baseada na represión, ameazas, nos despedimentos e na toma de decisións arbitrarias. Ademais queremos que se lle faga cumprir a POVISA o que se lle establece no convenio que asinou o propio hospital de POVISA e que obriga a seguir e cumprir tódalas normas, instrución, programas e criterios organizativos establecidos polo SERGAS, e por suposto que se lle apliquen as sancións que se sexa necesario aplicar segundo o propio concerto asinado entre o hospital e o SERGAS, o 1 de setembro de 2014.

SR. RODRÍGUEZ DÍAZ: Dende o grupo municipal Socialista manifestar clara e rotundamente todo o noso apoio aos traballadores/as de POVISA e tamén esixir a readmisión dos 13 despedidos, que dende logo queremos subliñar aquí que non son os primeiros despedidos, non fai moito máis de dous anos máis de 20 de traballadores/as tamén eran despedidos desta empresa, que dende logo polo que vemos nos últimos anos, veñen cunha gran conflictividade e ten o seu orixe na falla de renovación do concerto de POVISA co SERGAS, e as dúbidas que iso provoca.

Polo tanto o Goberno da Xunta de Galicia e o Sr. Feijóo teñen unha clara responsabilidade, no antes e no actual, cos traballadores/as de POVISA.

Dende o Goberno municipal foron moitas as xuntanzas que o noso Alcalde o Sr. Abel Caballero, mantivo cos representantes dos traballadores para o seguimento da súa situación, contando sempre en cada momento co seu respaldo e co seu apoio igual que están a ter na actualidade.

Un apoio que dende logo o noso Alcalde sempre mostrou por tódolos traballadores/as dos distintos sectores, sexan do naval, dos servizos, da automoción, é dicir, eses compromiso coa economía e co emprego da nosa cidade, que por certo os gobernos do Partido Popular non teñen, pero si o noso Alcalde. Dicur tamén neste sentido que nós vimos apoiando e ademais en tódalas súas solicitudes, sexan para xuntanzas, sexan para algunhas solicitudes de uso de vía pública, sempre as atendemos e as seguimos atendendo, sempre temos os contactos polos canais habituais cos representantes dos traballadores/as de POVISA, é máis, temos participado concelleiros/as deste goberno en tódalas accións reivindicativas que teñen proposto os traballadores/as de POVISA, quero lembrar non hai moito máis de 15 días, a concelleira a Sra. Alonso, o concelleiro o Sr. Fernández Pérez, e eu mesmo participamos nunha manifestación para xustamente reivindicar a admisión destes 13 despedidos en POVISA.

Polo tanto, dicir que a comunicación é permanente co representante dos traballadores, reitero, polos canais habituais e se alguén ou algúns queren facer campaña política co problema tan importante que teñen en POVISA, eu creo que lle fan un fraco favor aos traballadores/as de POVISA, porque reitero o noso apoio máis rotundo aos traballadores/as de POVISA, é dicir tamén por certo, quero reivindicar aquí para todos e cada un deles pola súa grande profesionalidade que teñen os traballadores/as de POVISA, non merecen estar vivindo esta situación.

SRA. CENDÓN ALONSO: Pensei que non tiña que lembralo pero parece que si convén lembrar que o día 1 de setembro foi formalizado o contrato que o Servizo Galego de Saúde ten para a prestación de servizos de atención especializada con POVISA. Pero o máis importante deste concerto, insisto, é que por primeira vez na cidade de Vigo e por primeira vez en Galicia o cambio de centro de atención especializada pode facerse libremente, xa non estamos encadeados a un hospital,

agora podemos elixir, de feito no prazo regulamentario como cada ano ata o 30 de novembro, fixérono os cidadás de Vigo, dos 139.000 usuarios que tiña asinados inicialmente POVISA pasaron a 135.072 persoas, 4.600 usuarios mudaron de hospital, libremente e por propia decisión, e ademais teño que lembrar, que nin, o Partido Socialista nin o Bloque Nacionalista Galego votárono a favor no Parlamento de Galicia, só o Partido Popular de Galicia votou favorablemente a libre elección dos usuarios de centro hospitalario, e síntome orgullosa diso.

O concerto Sra. Veloso, non o coñece porque non quere, está colgado na web da Concellería de Sanidade e pódeno visitar tódolos cidadáns.

Falan vostedes de facer cumprir a POVISA o que establece a estipulación de prestacións sanitarias, pois non só iso, é que POVISA ten que cumprir todas e cada unha das estipulacións deste concerto, non só as de prestación sanitaria, e dende logo sancións establecidas, que por primeira vez o goberno do Sr. Núñez Feijóo estableceu as accións, vanse aplicar cando corresponda, pero os incumprimentos hai que obxectivalos e documentalos, en ningunha das auditorías feitas polo SERGAS en POVISA detectouse deterioro da calidade na asistencia sanitaria como consecuencia de modificacións de xestión da actual dirección. Analizáronse rigorosamente aspectos como a correcta cobertura as 24 horas do día, a hospitalización, o bloque cirúrxico, as posibles diminucións das actividades, posible incremento de listas de espera, análise de reclamacións, en ningún destes aspectos constatáronse incumprimentos e as auditorías quero lembrar que se fan independentemente e por persoal técnico, non por persoal político.

Polo tanto, cando se documenten incumprimentos haberá sancións, mentres tanto, dende logo o Partido Popular e o Goberno da Xunta de Galicia non aplica de maneira arbitraria ningún tipo de sancións, isto é propio doutras maneiras de gobernar.

O concerto establece ademais, como incumprimento grave non dispor de materiais humanos suficientes para a prestación do servizo, por iso isto é de especial vixilancia, pero insisto, hai que obxectivalo e hai que documentalo. De acordo cos datos reais a formalización do concerto, algúns dos contratos de traballo que estaban vinculados ao anterior concerto, desapareceron pero o que tamén sucedeu foi que 184 contratos eventuais pasaron a ser contratos indefinidos, polo que as condicións de estabilidade deses traballadores melloraron evidentemente. No

2006, o 70% do cadro de POVISA tiña unha situación de contrato indefinido, ao final de 2014 o 80% do cadro de persoal mantén este tipo de estabilidade, 956 contratos indefinidos no 2006, 1.172 ao inicio do 2015, en referencia ao tipo de categoría cabe destacar un incremento moi destacado na categoría de persoal facultativo, o 50% máis, pasaron de 171 facultativos a 261 e na situación de enfermaría un 30% máis, de 291 traballadores de enfermaría a 375, persoal que creo que recordar que está directamente vinculado coa tarefa asistencial.

SRA. VELOSO RÍOS: Como era de agardar a Sra. Cendón nos fala dese país das marabillas no que se atopa a sanidade nesta cidade e da que ninguén nos decatamos, porque logo resulta que nos explica que hai auditorías que non se detectan ningún tipo de problema, de feito mencionou expresamente que non se incrementaran as listas de espera, pois menos mal que non se incrementaron as listas de espera en POVISA, xa non lles parece a vostedes un problema que tripliquen as listas de espera medias do país? Non lles parece un problema? Menos mal que non se incrementaron e que se chegan a incrementarse xa non facía falla auditoría de ningún tipo para detectar os evidentes problemas que temos na área sanitaria deste país que vivimos calquera persoa desta cidade cando temos que acudir a un servizo sanitario, cando non estamos en lista de espera porque non están abertas as axendas, entón non hai listas de espera ou cando se nos da unha cita por fin para dentro dun ano e medio, ou cando non se nos da directamente o tratamento que precisamos porque non hai recursos e non hai recursos porque vostedes os recortaron, esta é a realidade. Calquera auditoría externa podemos certificarla calquera persoa que estea acudindo aos servizos sanitarios desta cidade neste momento, podemos facer unha auditoría externa perfecta, e a lista de agarda evidentemente, xa se incrementa e en vez de triplicar, cuadriplica, pois entón creo que xa non faría falla que a Consellería de Sanidade tivese ningún tipo de informe. Fronte a esta situación a Consellería de Sanidade non fai absolutamente nada, agás renovar, si, o 1 de setembro de 2014 o convenio, si o dixen, o 1 de setembro renovouse o convenio e por unha cantidade de máis de 600 millóns de euros, mentres á sanidade pública se lle segue recortando os recursos. A Inspección de Traballo tampouco fai nada e ten documentados os problemas laborais de POVISA, ou acaso se pensa que os traballadores/as non documentaron os problemas que

están a sufrindo dende hai anos, pois claro que os documentaron e a Xunta de Galicia e a Inspección de Traballo non fan nada e sempre din que é un problema dunha empresa privada, que reciben nin máis nin menos que mais 600 millóns de euros públicos para seguir funcionando e seguir despedindo traballadores/as. Logo falábame vostede aínda por enriba da liberdade de elección, que liberdade de elección? Nos trouxemos a esta Pleno unha moción pedindo que realmente houbera liberdade de elección, pedindo que se ampliase o prazo e se lle dese información necesaria aos pacientes para poder escoller POVISA ou outro centro hospitalario, e vostedes non estiveron de acordo, non hai liberdade de elección cando non hai información, non hai os recursos necesarios para poder tomar esa decisión sen consecuencias directas para túa saúde ou para túa propia vida, iso non é liberdade de elección, así que de verdade, o mellor que podía facer era tomar medidas co que está a pasar con POVISA, e o que nos propoñemos hoxe e respondan vostedes de non facelo.

VOTACIÓN: Con trece votos a favor dos membros do Grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, señor e señora Alonso Pérez e Veloso Ríos, e trece votos en contra dos membros do Grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Alonso Alonso, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Muñoz Posse, Pérez Dávila e Relova Quinteiro, prodúcese empate polo que, de conformidade co artigo 100.2 do RD 2568/1986, do 2 de novembro, efectúase unha nova votación. Ó se acadar o mesmo resultado, decide a votación o Presidente co seu voto de calidade producíndose o seguinte:

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 17.03.2015 (Rex. Nº 1071/1101), pola voceira do grupo municipal do BNG, Sra. Veloso Rios, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

**5.2(64).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA A CONCERTAR UN PLAN DE EMPREGO ESPECÍFICO PARA A CIDADE ATENDENDO ÁS CARACTERÍSTICAS DE ÁREA INDUSTRIAL E DE SERVIZOS COMO A DE VIGO. EXPTE. 1058/1101.**

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 12 de febreiro de 2015, número 1058/1101, o voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, formula a seguinte,

**MOCIÓN**

“O eixe do goberno de Abel Caballero na cidade de Vigo é a creación de emprego. O conxunto do Presuposto do Concello de Vigo está orientado á creación de emprego e ás políticas sociais.

Os investimentos en humanizacións e infraestruturas están nun marco de políticas keynesianas que buscan a reactivación económica e a creación de emprego en toda a cadea produtiva.

Os plans de emprego propios do Concello e os concertados con todo tipo de entidades tamén buscan o mesmo obxectivo e os resultados estiveron por enriba das previsións.

Pódese afirmar, con rotundidade, que o Concello de Vigo está totalmente implicado na creación de emprego nesta cidade, non sendo unha competencia propia municipal. Non pode dicirse o mesmo da Xunta de Galicia.

As políticas de emprego corresponden ás CC.AA. e o fracaso da Xunta é estrepitoso, en termos xerais para toda Galicia, pero especialmente en Vigo. Á nosa cidade non chegan ningunha das iniciativas das que se benefician outras cidades e sistematicamente rexéitanse todas as solicitudes que se formulan dende o noso Concello.

Se a contribución da Xunta fose aquela que lle corresponde, o emprego crecería na nosa cidade de forma notable.

É hora de abordar pola Xunta de Galicia, de forma concreta e decidida coa correspondente dotación presupostaria, unha actuación concreta e singular para a cidade de Vigo.

É por isto que propoñemos ao Pleno da Corporación o seguinte



#### ACORDO

- Instar o Presidente da Xunta a concertar un Plan de Emprego específico para a cidade de Vigo atendendo a criterios obxectivos e ás características específicas dunha área industrial e de servizos como a de Vigo.”

Con data 16 de febreiro de 2015, a Comisión Informativa de Emprego e Participación Cidadá ditaminou favorablemente dita proposta.

#### DEBATE:

SR. RODRÍGUEZ DÍAZ: O eixo do goberno que preside o Alcalde o Sr. Abel Caballero, na cidade de Vigo é a creación de emprego e a política social, vemos que ese compromiso onde mellor se reflicte é precisamente nos Orzamentos, uns Orzamentos para emprego que teñen un incremento de máis do 50% pasando de 2,6 millóns de euros a 4,5 millóns de euros, polo tanto, isto xunto cos investimentos en humanizacións e infraestruturas, están nun marco de políticas “keynesianas” que buscan a reactivación económica e tamén por iso a creación de emprego en toda a cadea produtiva, quero subliñar aquí só no ano 2014 creáronse máis de 2.400 postos de traballo en políticas “keynesianas”, pero tamén os plans de emprego propios do Concello e tamén os que veñen a ser concertados con todo tipo de entidades, buscan o mesmo obxectivo e os resultados estiveron por enriba das previsións, vemos que hai 922 contratos feitos no ano 2014, contratos directos, polo tanto, afirmamos con rotundidade que o Concello de Vigo está totalmente implicado na creación de emprego nesta cidade, non sendo ademais unha competencia propia municipal e aquí é o motivo desta moción, vemos que a Xunta de Galicia non ten o mesmo compromiso con esta cidade, e hai que dicir aquí que a Xunta de Galicia, gobernada polo Sr. Feijóo e polo Partido Popular, teñen as competencias en materias de emprego, iso quere dicir que teñen tamén os cartos dos impostos de tódolos cidadáns, as competencias levan con elas presuposto e cartos dos impostos, cousa que por exemplo o Concello de Vigo, sen ter esas competencias, destina fondos, como subliñei anteriormente, de maneira importante. Vemos que o fracaso das políticas de emprego da Xunta de Galicia é clamoroso, vemos como cada día hai máis desempregados/as, menos protección social, máis paro de longa duración, polo tanto, ese fracaso en termos absolutos e xerais para Galicia ten tamén unha connotación importante na nosa cidade, porque

a esta cidade non chega ningunha das políticas activas, nin ningunha iniciativa das que se benefician outras cidades e sistematicamente se rexeitan tódalas solicitudes que formulamos dende o noso Concello. Quero dicirle que obradoiros de emprego que ían dirixidos tanto a mozos como a parados de longa duración, rexéitanse de forma sistemática, pero tamén os plans de cooperación con corporacións locais, un dato, no ano 2009 había máis de 200 contratos en colaboración coa Xunta de Galicia, en 2014 e en 2013 cero contratos, e no 2015 imos polo mesmo camiño. Pero tamén na formación ou no emprego para mulleres vítimas de violencia de xénero, pasamos de máis de 30 contratos a cero, tampouco atenden a estas mulleres con esta difícil situación, o que pedimos aquí é de que se a propia contribución da Xunta de Galicia fose a que lle corresponde a esta cidade por número de habitantes e por número de desempregados/as, o emprego crecería de forma notable na nosa cidade, ou só con que fixeran o mesmo compromiso que está a facer o goberno que preside o Sr. Abel Caballero en Emprego.

Polo tanto, é hora de abordar pola Xunta de Galicia de forma concreta e decidida coa correspondente dotación orzamentaria, unha actuación e singular para cidade de Vigo. Por iso propoñemos ao Pleno da Corporación o seguinte acordo, instar ao Presidente da Xunta de Galicia a concertar un Plan de Emprego específico para a cidade de Vigo, atendendo a criterios obxectivos e as características específicas dunha área industrial e de servizos como é a de Vigo.

SR. ALONSO PÉREZ: A moción comeza dicindo que o eixo do Goberno do Sr. Abel Caballero na cidade de Vigo é a creación de emprego, o conxunto do Orzamento do Concello de Vigo está orientado á creación de emprego e ás políticas sociais, pois máis ben non, hai que lembrar que as partidas importantes en emprego e para políticas sociais foron introducidos por emendas do Bloque Nacionalista Galego nos Orzamentos do ano 2012 e 2013. Logo seguir dicindo que os investimentos en humanizacións e infraestruturas están no marco de políticas “keynesianas” que buscan a reactivación económica e a creación de emprego en toda a cadea produtiva, isto é moito dicir, porque primeiro había que saber a canta xente se recuperou das listas de desemprego para traballar nestas obras, ademais o primeiro que tiña que facer o Concello é cumprir os acordos e os convenios, estanse a traballar nestas obras dez horas diarias, denunciado polo sindicatos, pola

CIGA, dez horas diarias cando a xornada é de oito horas, resulta que o Partido Socialista no Parlamento do Estado di que se se eliminaran as horas extras crearíase moitos postos de traballo, e onde gobernamos incumprimos, estanse a facer dez horas diarias e as empresas ademais dinlle aos sindicatos que as están a facer presionados polo propio Concello. Aquí o que está pasando é que como todo o mundo ten presa porque estamos en campaña electoral, fanse obras sen información, sen planificación, sen seguridade, parece que a Policía Local naquelas obras que hai inseguridade estaban todas no Alfageme, todas en Coia, porque non hai seguridade nas obras, e ademais incumpre o convenio da construción, mira se é verdade que che vou dicir, agora mesmo, neste momento, estase incumprindo o convenio da construción, porque o sábado era o día da Reconquista e como é festivo na construción pasárono a hoxe, e hoxe estase traballando. Para que tomen nota Sr. Alcalde, hoxe nestes momentos na rúa Rosalía de Castro, en García Barbón está a traballar a empresa Oreco, ilegal, sábeo o Sr. Alcalde que nestes momentos estase traballando nas Coutadas? Ilegal, a empresa Unika, sabe o Alcalde que nestes momentos estase a traballar cun "Alonso Ojeda"? Ilegal. Sabe o Sr. Alcalde que nestes momentos na rúa Hispanidade cruce con Zamora estase traballando? Ilegal. Sabe o Sr. Alcalde que nestes momentos estase traballando nas Camelias? Ilegal, no convenio da construción hoxe non é día de traballo, por convenio e estase traballando, porque o Alcalde está preocupado de que as obras corran para inaugurar, pero incluso inauguran obras, quitan a fotografía como na parte de deportes en Navia e ao día seguinte van os veciños a gozala e están fechadas. Así estamos a funcionar nesta cidade, nada máis hai presa pola foto, incumprindo a norma.

Hai que eliminar as horas extras, e hai que traballar os días que marque o convenio, xa sei que lles doen estas cousas, estas verdades dóenlle, pero hai que corrixilo, non é mentira, e é mentireiro quen diga que non se fan horas extras porque hai unha denuncia que vostede coñece dos sindicatos.

Fagan que se cumpran as xornadas de traballo e que se traballen os días legais. Imos aprobar a moción por outra cousa, imos aprobar a moción porque realmente quen ten a competencia en materia de emprego que é a Xunta de Galicia e o Sr. Feijóo dixo que ía rematar en 45 días o emprego, e non fixo nada. Polo tanto, solicitarlle á Xunta de Galicia que cumpra, ímolo votar, pero o Concello o que ten

que facer é que se cumpran os horarios e as xornadas de traballo que iso si da emprego.

SRA. GARCÍA MÍGUEZ: Sr. Alonso, tamén están a traballar en Bembrive de xeito ilegal. Ademais disto o que queremos dicir dende o grupo municipal do Partido Popular é que a Xunta de Galicia investiu 1.400 millóns de euros en materia de emprego na nosa cidade, que se reflicten na situación actual dalgúns dos estaleiros de Vigo que xa teñen carga de traballo, tamén se reflicte no traballo da automoción, creo que máis de 20.000 familias poden ter a seguridade de ter traballo durante moitos anos gracias ao apoio persoal do Presidente da Xunta de Galicia, pero ademais diso o traballo de todos e de todas a empresa e dos traballadores que puxeron moito da súa parte nas condicións laborais para que iso puidera levarse a cabo.

Tamén o investimento millonario no Novo hospital público de Vigo e unha fonte xeradora e mantedora de emprego na nosa cidade, creo que estamos de parabén e que debemos felicitar nos porque na nosa cidade nunca houbo un investimento deste nivel dende a Xunta de Galicia, creo que estamos de parabén.

Exactamente igual con respecto aos nosos organismos que están na nosa cidade, eu creo que é un orgullo dende Zona Franca, dende a Deputación de Pontevedra, dende o Porto de Vigo coa Autopista do Mar, coa ampliación da AP-9, da Estación do AVE, creo que todo este esforzo que se está a facer dende tódalas administracións farán que Vigo chegue ao lugar onde ten que estar.

Tamén quero aproveitar para felicitar ao persoal de San Francisco e o traballo da Xunta de Galicia, o esforzo que se fai para máis desas 200 persoas que poderían estar en situación da perda do seu traballo e que gracias ao esforzo de negociación dende a Xunta de Galicia e dende a organización San Francisco levarase a bo termo.

Dende logo sorpréndeme esta moción do Sr. Rodríguez Díaz xa que o investimento aumentou en materia de emprego no Concello de Vigo pero tamén hai que darse conta de que non son capaces de executar ese Orzamento, despois no Plan de Emprego xuvenil que propuxo o meu compañeiro o Sr. Pérez Davila amosará que non son capaces de executar, teñen os cartos e non saben que facer, non tiveron nin unha soa iniciativa das moitas que propuxemos dende o Partido Popular, moitas

Pleno tras Pleno.

En xuño de 2007 había en Vigo 17.791 parados e hoxe en día hai máis de 32.000, pero tamén sorpréndenos enormemente que poida falar da situación da cidade, Vigo é a cidade de Galicia con máis paro, é a cidade con máis paro feminino, é onde máis de 1.379 nenos/as estaban en lista de espera de escolas infantís o pasado ano, Vigo é a cidade de Galicia con máis pobreza infantil, é a cidade de Galicia onde máis de 54.000 persoas viven baixo o albor da pobreza, familias que viven con menos de 363 euros ao mes, esa é a política social da cidade de Vigo. Vigo é a cidade de Galicia con maior índice de violencia de xénero, é a cidade de Galicia coas cifras máis altas de trata e explotación sexual de mulleres, de nenas/nos, máis de 2.000 nenas/os e mulleres repito, sofren esta situación na cidade de Vigo, recursos como pedimos dende o Partido Popular nin un en materia de emprego tamén, porque é para tódalas persoas. En Vigo hai máis de 3.000 expedientes atascados para solicitar axuda de emerxencia, que dicía a Sra. Silva, a política social, esta é a política social e de emprego, e ten que ser igual para todos.

SR. RODRÍGUEZ DÍAZ: Eu queríalle lembrar ao Sr. Alonso, primeiro, que se está a facer todo en Vigo axustado á máis estrita legalidade, outra cousa é que algún sindicato, e con todo o meu respecto, queira facer campaña política. O concelleiro de Facenda do Concello de Pontevedra presumía de que a maioría do Orzamento ía a investimentos para humanizacións porque xeran emprego e actividade económica e hoxe están traballando tamén en Pontevedra, vaia a dar unha volta por alí e tamén alí fanse hora extras.

Voulle dicir máis, cando falamos da precariedade laboral e cando falamos de investimentos en emprego en Vigo, subíronse porque ao final vostede recoñece de que hai ese incremento porque hai vontade deste goberno, do Alcalde Abel Caballero de atender aos desempregados/as pero fíxense vostede, en Pontevedra que goberna o Bloque Nacionalista Galego a vontade non é a mesma porque teñen para políticas de emprego 250.000 euros, só iso.

Quérolle lembrar tamén á Sra. Míguez algunha cuestión, porque as competencias en política social, emprego, en todo iso, son de vostedes, e recentemente hai dous días, na lonxa deste Concello, unha persoa que viña a solicitar o bono do taxi para unha persoa con discapacidade, traía tódolos documentos e dicía que non podía

solicitala porque a Xunta de Galicia non se lle recoñecera, a pesares de ter toda a documentación ao corrente, a súa situación e por iso non podía acceder, anos de atrasos na Xunta de Galicia, falecen as persoas dependentes sen cobrar as axudas, iso é o que fai o goberno do Sr. Rajoy e o goberno do Sr. Feijóo.

Noticia de hoxe, Sra. Míguez, o emprego en Galicia a xornada completa derrúbase a niveis de hai 20 anos, iso é o que fan vostedes. Vostedes cos seus gobernos, na Xunta de Galicia e tamén no goberno do Estado o que nos están deixando é unha crise económica sen precedentes que leva consigo tamén unha importante crise social e tamén institucional, iso é o que fan vostedes coas súas políticas.

O Partido Popular é igual a máis desigualdade, a menos cohesión social, a máis desemprego, débeda, xa llo lembrei eu aquí nalgún outro Pleno, pero tamén menos protección social, menos crecemento económico, porque Galicia noticia destes días, está á cola do crecemento económico, e por contra o noso Alcalde é o que está deseñando as mellores políticas de emprego e sociais para que nenos/as e dependentes non sufran ningunha discriminación.

**VOTACIÓN:** Con trece votos a favor dos membros do Grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, señor e señora Alonso Pérez e Veloso Ríos, e trece votos en contra dos membros do Grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Alonso Alonso, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Muñoz Posse, Pérez Dávila e Relova Quinteiro, prodúcese empate polo que, de conformidade co artigo 100.2 do RD 2568/1986, do 2 de novembro, efectúase unha nova votación. Ó se acadar o mesmo resultado, decide a votación o Presidente co seu voto de calidade producíndose o seguinte:

**ACORDO:**

Aprobar a Moción presentada, en data 12.02.2015 (Rex. Nº 1058/1101), polo voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, cuxo texto consta transcrito

nos antecedentes deste acordo.

**5.3(65).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO AO GOBERNO DO ESTADO A PARALIZAR A REFORMA DO REGULAMENTO DO REXISTRO MERCANTIL E MANTER A SITUACIÓN ACTUAL. EXPTE. 1072/1101.**

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 18 de marzo de 2015, número 1072/1101, o voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, formula a seguinte,

MOCIÓN

“A partir de xullo de 2015 os trámites que os cidadáns realizaban gratuitamente no Rexistro Civil serán privatizados e deberá pagarse por eles. Os Rexistradores estarán autorizados para cobrar por todas as actuacións que se inclúan dentro dun trámite completo, demostración de que o Goberno e o Ministro Catalá faltan sen vergoña á verdade cando aseguran que os trámites do Rexistro Civil seguirán sendo gratuítos.

O que fará o Goberno será ampliar o número de xestións polas que se vai cobrar, dende actos de última vontade, os libros de familia, aranceis indirectos, libros de contabilidade e multiplicar os prezos das tarifas xa existentes, segundo os opositores.

Este pouco transparente plan para reconverter os Rexistradores Mercantís, por orde da UE, é un gran negocio, multiplicando as pequenas cantidades e o número de operacións dos autónomos, os cidadáns e as empresas. Pero o máis grave é o traspaso a mans privadas de datos persoais dos cidadáns e que non están suxeitos ao deber de confidencialidade.

No caso de Vigo, o Rexistro Civil realizou en 2014 máis de 55.000 trámites, todos eles gratuítos. Concretamente, expedíronse 21.833 certificacións literais de nacemento, 3.536 de matrimonio e 12.262 de defunción. Practicáronse 8.043 inscricións de nacemento, 1.277 de matrimonio e 8.075 defuncións.

Este Proxecto de Reforma do Regulamento do Rexistro Mercantil do Goberno, incrementará as tarifas dos Rexistradores en numerosas operacións entre un 800% e un 6.000%, co que o incremento de aranceis e de actos inscribibles supoñerá un prexuízo económico terrible para os cidadáns. Estes actos ata agora non eran inscribibles e pasarán a selo, como por exemplo o cambio de domicilio, a legalización anual dos libros das empresas, etc.

E por isto que propoñemos o Pleno da Corporación o seguinte:

### ACORDO

-Instar ao Goberno Central a paralizar a reforma do Regulamento do Rexistro Mercantil do Goberno e manter a situación actual."

Con data 23 de marzo de 2015, a Comisión Informativa de Política Social, Cultura e Deportes ditaminou favorablemente dita proposta.

### DEBATE:

SR. LÓPEZ FONT: Primeiro quero facer unha aclaración e é que literalmente propoñemos no acordo instar ao Goberno Central a paralizar a reforma do Regulamento do Rexistro Mercantil e manter a situación actual porque é así como se denomina a reforma que está pretendendo o Goberno e é en base a esta reforma deste Regulamento onde se privatiza o Rexistro Civil.

Atopámonos outra vez co Partido Popular atacando á Xustiza e aos cidadáns, intentando novamente que un servizo que era público para os cidadáns e gratuíto, convértase nun servizo privatizado e polo que haxa que pagar, se converta en suma e outra vez, tal e como sempre actúa o Partido Popular, nun negocio para terceiros, vémosto na Sanidade na nosa cidade, vémosto co hospital e vémosto en moitas ocasións, pero é que estamos a falar dun negocio a criterio dos profesionais do sector, dino eles, de 10 millóns de euros, estes son 10 millóns de euros que abonarán os cidadáns de levarse adiante esta reforma, por servizos que ata o de agora eran gratuítos. Tódalas afirmacións do Goberno e do seu ministro son absolutamente falsas, porque non vale coa declaración de intencións do Goberno de Xustiza dicindo que non vai haber modificacións, si as emendas do Partido Popular, con maioría absoluta no Congreso, demostran xustamente o contrario, categoricamente pagarase por servizos que ata o de agora eran gratuítos. 55.000 servizos deste tipo fanse na cidade de Vigo, amplíanse os documentos sobre os que se debe de pagar, atoparémonos con que esas parellas as que casamos no Concello de Vigo os venres ou os sábados, cando cheguen a casarse no seno do Concello de Vigo, terán 400 euros menos a partires do 15 de xullo deste ano de confirmarse esta reforma, é increíble, é absolutamente inaudito o que pretende o Partido Popular.

Os que entenden ao detalle deste tema dinnos na reunión que mantivo o Alcalde



con eles, que se incrementan as taxas dun 800% a un 6.000% nalgúns servizos, creo que as porcentaxes poñen os pelos de punta, e saben vostedes o que isto significa, cambios de domicilio, legalizar libros de empresa, documentos que ata o de agora non contaban, que eran de carácter público e gratuíto, pasan a mans privadas, pero tamén algo moi importante, é que se procede a unha cesión de datos persoais a funcionarios, que non son públicos, co cal atentan ao peto dos cidadáns e tamén a ese dereito, á intimidade e ao carácter reservado dos datos. Hai pouco que esta mentira que sempre utiliza o Partido Popular de sondar unha reforma, de lanzala, confírmase o que estamos a dicir, o proxecto de nacionalidade dos serfadíes así demostrouno e polo tanto, cremos que se debe facer unha fronte común como nos reclaman asociacións xudiciais e sindicatos contra esta reforma porque novamente o Partido Popular consegue algo que é inaudito, todo o mundo está en contra, da igual as asociacións xudiciais, da igual os partidos políticos na oposición, da o mesmo os sindicatos, todos conforman un fronte común fronte a este proxecto de reforma do Goberno e nese sentido hai que recoñecer e felicitar que os sectores xudiciais e sindicais de Vigo sempre están en primeira liña, estiveron apoiándonos politicamente no Partido Xudicial pero tamén estiveron en contra das taxas xudiciais e tamén nesta ocasión están en contra deste proxecto. Eu creo que hai motivos suficientes ante esta auténtica barbaridade, ante este ataque contra o que é o público, porque que o ministro diga que vai seguir sendo público é inconcibible. Eu imaxínome que teñen moito que ver nesta reforma e nesta intención de converter isto nun negocio no que o Sr. Rajoy é rexistrador.

SR. ALONSO PÉREZ: Efectivamente se a cidadanía non para este intento de privatizar o Rexistro Civil, en xullo pode quedar consumado, o Bloque Nacionalista Galego ten tomado iniciativas no Parlamento do Estado a través da nosa deputada a Sr. Olalla Fernández Davila, con preguntas, con proposicións non de lei, intentando que non se consuma a privatización dos rexistros.

Hai que dicir que ademais a través da Lei 20/2011 investíronse máis de 128.000 millóns de euros en dixitalizar os rexistros civís que non serviría para nada porque agora despois de facer ese investimento tan importante no momento no que pasen a ser os rexistradores da propiedade e o Rexistro Mercantil quen faga o traballo, 128.000 millóns investidos do heraldo público tirados.

Con esta decisión hai 3.000 funcionarios que teñen o posto de traballo no aleiro, no aire, imos os cidadás a ter que pagar servizos que eran gratuítos e hai que dicir que hai servizos como o Rexistro de Nacemento e Defunción, recoñecemento da paternidade non matrimonial, emancipación, adquisición ou conservación da vecindade, adquisición, conservación e perda de nacionalidade española, autorización para contraer matrimonio civil, cambios de nomes e apelidos, trámites que o normal é que fosen simples e gratuítos, efectivamente como dicía o compañeiro o Sr. Font, é certo que hai unha cuestión que é moi grave, e é que datos persoais da cidadanía que deben estar custodiados por funcionarios, van estar ao servizo de empresas mercantís, e os funcionarios teñen un deber de confidencialidade que non teñen quen non é funcionario, e isto é moi grave.

A posición do Bloque Nacionalista Galego súmase efectivamente a posicións da maioría da sociedade, hai que dicir que a este proxecto se opoñen empregados do Rexistro Civil, Adxudicatura, a FEGAM, miles de persoas que están asinando unha ILP (iniciativa lexislativa popular), o Colexio Nacional de Secretarios Xudiciais, tódolos sindicatos, tódolos partidos da oposición e nas mobilizacións ata se teñen sumado as funerarias a esta oposición. En Galicia ademais vai ter unha gravidade máis porque en Galicia temos Xulgados de Paz que atenden aos veciños e con esta reforma, con este proxecto elimínanse os Xulgados de Paz, afastando máis aínda o que é a administración dos cidadás, por esa razón nós imos votar a favor da moción e dicir, que efectivamente aquí hai intereses porque se todo o mundo está en contra e polo que apuntan non só é a cuestión do Sr. Rajoy senón que o seu irmá, D. Enrique Rajoy, é titular do Rexistro da Propiedade de Cáceres e é asesor da Dirección Xeral de Rexistros e Notariados e apuntan xente do sector que ten moito que ver nesta reforma.

SR. FIDALGO IGLESIAS: En primeiro lugar agradézoilles que haxan presentado esta moción porque así danos a posibilidade de clarexarlle a todo o mundo as dúbidas que lle puideron xurdir con declaracións como as que estamos oíndo hoxe aquí neste Pleno, algo totalmente que non ten ningún sentido ni están fundadas en feitos reais.

En segundo lugar agradézoilles porque así podemos responder a súa preocupación e lles informo que o Rexistro Civil, isto é o máis importante Sr. Font, vai seguir

sendo gratuíto, tanto para os cidadáns como para as administracións, o novo Rexistro Civil será electrónico, público e gratis, deberían estar un pouco máis informados señores do Partido Socialista porque a Lei de rexistro civil que leva consigo a desxualización dos rexistros non é unha novidade do Partido Popular é do Goberno Socialista, do seu ministro ao que lle fixeron a cama o Sr. Caamaño, que viña a dar aquí o pregón da Constitución e agora dóelle as costas polos puñais que lle cravaron algúns do Partido Socialista, parece que lle doe as costas ao Ministro o Sr. Caamaño. Esta Lei 20/2011 de 21 de xullo, do Ministro o Sr. Caamaño, coincidindo coa necesidade con dito ministro que ten o Partido Popular de modernizar o Rexistro Civil o que fixo o actual goberno a través da Lei 18/2014 é, sabe o que fixo este goberno? Volver a paralizar a desfeita que fixo o Ministro o Sr. Caamaño, e prorrogar este goberno un ano máis, e leva catro, a “vacatio legis” da reforma, e que senón xa entraba en vigor hai dous anos e o que fixo este goberno é darlle para adiante, que non entre en vigor esta desfeita do Ministro o Sr. Caamaño, e o máis importante que fixo este goberno é que quede expresamente claro que as xestións do Rexistro Civil van ser gratis sen ningunha excepción, así o recolle a disposición adicional 22, a través do Boletín Oficial do Estado, do 5 de xuño de 2014, do 17 de outubro de 2014 e do 6 de febreiro de 2015, o mes pasado volve dicir o Goberno de España a través do BOE que garante a gratuidade dos servizos. O proxecto do Ministerio de Xustiza que hai, consiste en desxudializar o Rexistro Civil, igual que quería o Partido Socialista en 2011, e encomendar a súa xestión aos rexistradores da propiedade, pero non para que se faga rico o cuñado do Sr. Rajoy o irmán do Sr. Rajoy, non, isto non é privatizar os rexistradores porque os rexistradores son rexistradores non porque lles tocou nunha tómbola senón porque fan unha oposición e son funcionarios públicos, por iso aproban unha oposición. Saben para que? Isto o que vai facer é evitar que moitos cidadáns se teñan que desprazar como ata o de agora ás oficinas rexistro e sufrir longas esperas, hai que lembrar que ao ano pídense máis de tres millóns de certificados e copias no rexistro, e a interoperabilidade entre as administracións que ofrecerá a nova plataforma tecnolóxica electrónica servirá para que ao redor do 85% destas certificacións sexan innecesarias, polo que non haberá que desprazarse ao rexistro, e é mentira que teñan que sufrir ningún medo os funcionarios que estean agora traballando no Rexistro Civil, por que? Porque os destinarán a outras sedes

xudiciais en Vigo, porque fai moita falla. Se vostedes están preocupados do tema da xustiza o que teñen que facer é expropiar os terreos para que se poida construír a Cidade da Xustiza.

SR. LÓPEZ FONT: Empezo polo final, os terreos da Cidade da Xustiza están expropiados, quen ten que dotar orzamentariamente para a Cidade da Xustiza son vostedes que se van aos orzamentos da Xunta de Galicia hai cero euros, pero co “papelón” que lle encargaron a vostede non sei se me dan gañas de adoptalo ou de abrazalo porque sinceramente vostede se converte aquí no voceiro de non sei quen. Agora póñome serio, vostede coa súa intervención está chamando ignorantes e mentireiros a tódolos que saben ler a normativa, pero como me fala a min de traizoar a un ministro e de puñaladas cando vostedes tiveron ao Sr. Gallardón? Pero que fixeron co Sr. Gallardón? O ministro o Sr. Caamaño o único que fixo foi intentar modernizar a xustiza pero nisto non chegou o Comandante o Sr. Fidel, chegaron vostedes, e vostedes están a converter 55.000 xestións que teñen que facer os vigueses en pasar do público ao privado, pero vostede está a dicir que tódolos partidos políticos, sindicatos, funcionarios da xustiza non saben ler eses boletíns que nos ensina a súa compañeira, por favor, un pouco de respecto ás persoas, aos funcionarios e ás entidades e organizacións que saben que aquí hai unha privatización. Vostedes son expertos en converter o público en privado, e o fixeron durante catro anos, e non poden negar a evidencia porque a evidencia e contábamo a miña compañeira a Sra. Silva, deputada, bo é ter unha deputada no Congreso para defender como ela fixo estas actuacións intervindo o mércores na Comisión de Xustiza, o que vostede dixo é mentira porque o mércores foi aprobado que para obter a nacionalidade os sefardíes encargárase o Ministro de Xustiza de establecer os aranceis para esa nacionalización, co cal é falso.

Aos rexistradores o título non lles tocou nunha tómbola pero dende logo tocoulles un inmenso choio con vostedes, aos rexistradores si que lles tocou un inmenso choio e non sei se terá que ver que dúas persoas con apelido Rajoy son desa profesión, pero o que si é certo e poñéndonos serios é que se van pagar por trámites que non se pagaban antes, e que cando casemos neste Concello a unha parella terán, como dicía antes, 400 euros menos.

PRESIDENCIA: Hai unha emenda sobre a que non se pronunciou, supoño que non a acepta.

Rexeitada a votación da emenda procedemos á votación da moción.

VOTACIÓN: Con trece votos a favor dos membros do Grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, señor e señora Alonso Pérez e Veloso Ríos, e trece abstencións dos membros do Grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Alonso Alonso, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Muñoz Posse, Pérez Dávila e Relova Quinteiro, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 18.03.2015 (Rex. Nº 1072/1101), polo voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

**5.4(66).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO Á CONSELLERÍA DE SANIDADE E Ó GOBERNO DA XUNTA DE GALICIA ADOPTE MEDIDAS URXENTES PARA POÑER FIN AO DETERIORO DA SANIDADE PÚBLICA NA NOSA ÁREA E EVITE O SEU PROGRESIVO DESMANTELAMENTO. EXPTE. 1076/1101.**

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 23 de marzo de 2015, número 1076/1101, o concelleiro do grupo municipal Socialista, Sr. Rodríguez Escudero, formula a seguinte,

MOCIÓN

“O pasado día 19, miles de persoas de moitos puntos de Galicia saíron de novo ás

rúas en defensa da sanidade pública en Galicia e denunciar, por enésima vez, a progresiva deterioración desta por efecto da política de recortes do Goberno actual en Madrid e o da Xunta de Galicia, así como os evidentes problemas de xestión que fan que día a día as malas noticias sobre a sanidade pública de Galicia ocupen un lugar prominente nos medios de comunicación e xeren malestar, preocupación e inseguridade nos cidadáns.

Na Área Sanitaria de Vigo, e en concreto na nosa cidade, aos graves problemas comúns actuais do Sistema Sanitario Público Galego, engádenselle os problemas específicos derivados deses recortes e da pésima ou nula xestión que se está a realizar na Área: a gravísima e case permanente situación da atención á urxencia hospitalaria, a situación das listas de espera, o desmantelamento das referencias e os servizos de excelencia en beneficio doutras áreas, a descapitalización dos activos do sistema, a deslocalización inxustificada de servizos de referencia e centrais, etc.

E por isto que propoñemos o Pleno da Corporación o seguinte:

#### ACORDO

- Instar da Consellería de Sanidade e do Goberno da Xunta de Galicia a que adopte con carácter urxente as medidas necesarias que poñan fin á deterioración da Sanidade Pública na nosa Área e evite o seu evidente e progresivo desmantelamento.”

Con data 23 de marzo de 2015, a Comisión Informativa de Política Social, Cultura e Deportes ditaminou favorablemente dita proposta.

#### DEBATE:

SR. RODRÍGUEZ ESCUDERO: O pasado domingo día 19, miles de persoas de moitos puntos de Galicia saíron de novo ás rúas en defensa da sanidade pública en Galicia e denunciar por enésima vez o progresivo deterioro desta, por efecto da política actual de recortes do Goberno de Madrid e da Xunta de Galicia, así como os evidentes problemas de xestión que fan que cada día as malas noticias sobre a sanidade pública de Galicia ocupen un lugar prominente nos medios de comunicación e xeren mal estar, preocupación, inseguridade nos cidadáns. Nunca, xamais na historia do sistema sanitario de Galicia houbo un consenso tan xeral por parte de cidadáns, profesionais en contra da política actual e o estado de cousas sobre a sanidade pública, na área sanitaria de Vigo e en concreto na nosa cidade

aos graves problemas comúns actuais do sistema sanitario en Galicia engádense os problemas específicos derivados destes recortes e da pésima ou nula xestión que se está facendo na nosa área. A grave crise permanente da situación en atención ás urxencias hospitalarias, a situación demoledora da lista de espera e o desmantelamento das referencias e dos servizos é o de excelencia que tiña esta área en beneficio doutras e así como a descapitalización dos activos do sistema, e a deslocalización inxustificada dos servizos de referencia como é no laboratorio. Por todo isto, propoñemos á Corporación que se inste á Consellería de Sanidade do Goberno da Xunta de Galicia a que adopte con carácter urxente as medidas necesarias que poñan fin a este deterioro da Sanidade Pública na nosa área, e evite o seu evidente e progresivo desmantelamento.

SRA. VELOSO RÍOS: O Bloque Nacionalista Galego vai apoiar esta moción que evidentemente esta reclamando de maneira xenérica e unha chea de reclamacións que levamos facendo tanto no Pleno deste Concello como no Parlamento Galego, como no Congreso dos Deputados.

Hai unha cantidade enorme de medidas que serían necesarias e que xa propuxemos xa no seu momento falando da área sanitaria, por empezar pola dimisión da conselleira, do xerente, poderíamos lembrar un montón de medidas que xa propuxemos, e dende logo algunha moción da que xa falamos na moción que presentamos antes, como deixar de recortar os orzamentos en Sanidade, sería unha medida estupenda, deixar de recortar en Sanidade como está facendo o goberno galego para logo dedicar os cartos a facer vídeos musicais, sería realmente unha boa noticia.

Esta moción si que é certo que a nós parécenos un pouco global, xeral, hai moitos problemas concretos que tratamos neste caso, hai moitas medidas concretas que se poden propor como estou dicindo, e poderíamos facer propostas máis concretas. Neste caso é unha moción moi xeral, sobre unha situación xeneralizada de deterioro importante, xeneralizado que nós tamén imos apoiar, como apoiamos no seu momento tamén as distintas manifestacións e saídas a rúa de tódalas persoas que están defendendo á sanidade pública na nosa cidade. Nós alegrámonos que o Partido Socialista presente agora a 23 de marzo, despois da manifestación do día 19, unha moción na que se recoñeza porque si que é certo que despois de ter

compartido manifestación co Alcalde desta cidade defendendo á sanidade pública, ultimamente votabámolo de menos, o 19 votabámolo de menos, de feito somos tan mal pensados no Bloque Nacionalista Galego que chegamos a pensar que nese acordo orzamentario co Partido Popular estaba recollido que o Alcalde non participase máis en manifestacións en defensa da sanidade pública, despois de desbloquear o hospital privatizado de Beade.

En todo caso nós alegrámonos de que se lembre de que hai moitas persoas na nosa cidade defendendo a sanidade pública, que nós estamos facendo tamén na rúa e nas institucións e que neste caso a moción do Partido Socialista é tamén unha forma de defender e reclamar mellores servizos na sanidade pública da cidade, e por suposto imos votar a favor.

SRA. CENDÓN ALONSO: Eu o que pido por favor, é que se me escoite ao menos.

Definitivamente vostedes están hoxe optimistas, miles de persoas na rúa en defensa da Sanidade Pública di o Sr. Rodríguez Escudero, eu non pretendo entrar na guerra de cifras de “segundo a organización”, “segundo os medios de comunicación”, pero parece que lemos outros titulares Sr. Rodríguez porque eu lin só sanidade pública sae a rúa en contra das privatizacións e reúne decenas de persoas, non miles, ían das 60 na cidade de Ourense a preto de 400 na cidade máis populosa de Galicia, a cidade de Vigo, non cabían nun Seiscentos pero nun Castromil coido que si.

Isto que parece que é unha anécdota é o reflexo da distorsión da realidade que vostedes perciben e que vostedes transmiten, sobre as saídas da rúa hai cousas ilustrativas como esta, hoxe vostedes defenden a POVISA, e saen a rúa dicindo: “POVISA, non grazas”, aquí están as hemerotecas, as fotos, vostedes saen para dicir iso, e agora defenden a POVISA. En tempos de crise asasina como lle gusta dicir ao amado líder, aquí continúaase construindo infraestruturas públicas, grandiosas como o Novo hospital de Vigo, esta é a perspectiva última dende Valladares, a marea azul neste val, o hospital Álvaro Cunqueiro 100% público, 1.500 camas, 35 quirófanos, 160 salas de consulta, 62 de diagnóstico por imaxe.

PRESIDENTE: Garden silencio.



SRA. CENDÓN ALONSO: Falamos de emprego neste Pleno, pois téñolle que dicir 3.000 postos de traballo nestes hospital, 1.000 directos na propia obra e 2.000 fora que están a traballar para este hospital, 3.000 traballadores, familias que están a percibir un salario gracias á construción deste hospital, este é o apoio ao emprego e non o que vostede conta aí Sr. Rodríguez Díaz, en tempos de crise non só se está a construír este hospital, inaugurouse en Vigo o maior centro de saúde da comunidade autónoma, o Centro de Saúde de Navia, 14 consultas de medicina xeral, 3 de pediatría, matrona, odontoloxía, fisioterapia, en tempo de crise estase a construír o Centro de Saúde de Gondomar, de Santa María de Oia, o Centro de Saúde de Tui, o Centro de Saúde Panxón-Nigrán, reformouse o Centro de Saúde de Lavadores e en tempos de crises créase unha nova unidade de radioloxía no Valmiñor, unha unidade de fisioterapia en Moaña, un novo acelerador lineal no Hospital do Meixoeiro, tamén dotouse a tódolos centros de saúde de ecógrafos, en tempos de crise implementouse o plan de dotación de tecnoloxía diagnóstica terapéutica, xeneralizouse o Sintrom en tódolos centros de saúde da área sanitaria de Vigo, en tempos de crise a nova sala de hemodinámica na unidade de cardioloxía intervencionista, púxose en marcha a nova sala de radioloxía intervencionista para a patoloxía bascular no servizo de radioloxía de Vigo, conseguiuase a creación dunha unidade de curta estadía, a multidisciplinar comisión de pediatría e de primaria, en tempo de crise créase a Fundación Biomédica Sur de Galicia. Precisaría dez minutos máis para contar os investimentos da Xunta de Galicia en tempo de crise en Vigo.

SR. RODRÍGUEZ ESCUDERO: En relación co que comentaba a Sra. Veloso, efectivamente é unha proposta xenérica porque todos e cada un dos temas tratámoslos anteriormente neste Pleno. O sentido que ten esta proposta é poñer en valor precisamente a política de recortes da Xunta de Galicia, o dano que está facendo e especificamente na área de Vigo.

En tempos de crise, Sra. Cendón, o Orzamento da Xunta de Galicia dedicado á sanidade reduciuse máis de 400 millóns de euros, doce e pico por cen, enriba da media do Estado, Sra. Cendón, dous puntos máis que a media do Estado, precisamente nunha comunidade que precisaba pola crise e pola dispersión de poboación o aumento dos recursos para non romper e esgazar a política de

benestar e a desigualdade. En época de crise estase a facer un hospital privado, con función pública pero privado, isto non é un investimento da Xunta de Galicia, non figura en ningún capítulo de Orzamentos de investimentos, isto é un gasto que se deberá amortizarse durante anos e que terá un custe e penalizará tódolos orzamentos a tódalas xeracións que veñan en máis de 30 anos. En época de crise estase descapitalizando o sistema, tanto en recursos humanos como en camas hospitalarias, 1.200 camas menos, estase descapitalizando fundamentalmente en coñecemento, investigación, en activos que non son fixos, que xeran valor engadido porque vostede este hospital que é privado e pertence a UTES durante trinta anos, todo o que se produza aí é algo que é un activo que xa non pertence ao SERGAS, nin fixo nin inmovilizado, polo tanto, é unha penalización e unha falla de capitalización do sistema, a situación de emerxencias, é vergoñento que o Presidente diga que isto vaise solucionar cando haxa hospital, non é un problema de camas, é un problema do desmantelamento do sistema. Voulle dicir outra cousa, prodúceme vergoña o que vostede dixo á compañeira que participou coa hematoloxía, sento vergoña allea como profesional e como membro desta Corporación que a unha persoa se ataque por non acollerse a uns criterios de intereses particulares para non poñer o laboratorio no Novo hospital de Vigo.

VOTACIÓN: Con trece votos a favor dos membros do Grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, señor e señora Alonso Pérez e Veloso Ríos, e trece votos en contra dos membros do Grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Alonso Alonso, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Muñoz Posse, Pérez Dávila e Relova Quinteiro, prodúcese empate polo que, de conformidade co artigo 100.2 do RD 2568/1986, do 2 de novembro, efectúase unha nova votación. Ó se acadar o mesmo resultado, decide a votación o Presidente co seu voto de calidade producíndose o seguinte:

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 23.03.2015 (Rex. Nº 1076/1101), polo concelleiro do grupo municipal Socialista, Sr. Rodríguez Escudero, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

## **6.- ASUNTOS OU MOCIÓNS URXENTES.**

Non houbo.

### **PARTE DE CONTROL**

#### **1.- TOMA DE COÑECEMENTO DOS ACORDOS OU RESOLUCIÓNS DOUTROS ÓRGANOS MUNICIPAIS OU DE INFORMES OU ESCRITOS QUE ASÍ O REQUIRAN.**

##### **1.1(67).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA.**

Dáse conta ao Pleno da Corporación das resolucións asinadas pola Alcaldía-Presidencia, entregadas na Secretaría Xeral do Pleno para a súa incorporación ó correspondente Libro de Resolucións, entre as datas 19 de febreiro e 24 de marzo de 2015.

##### **1.2(68).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS ASINADAS POR CONCELEIROS/AS DELEGADOS/AS.**

Dáse conta ao Pleno da Corporación das resolucións asinadas polas concellerías delegadas, entregadas na Secretaría Xeral do Pleno para a súa incorporación ó correspondente Libro de Resolucións, entre as datas 19 de febreiro e 24 de marzo de 2015.

##### **1.3.- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DO CONCELEIRO DE XESTIÓN MUNICIPAL, DE DATA 12.03.2015, REFERENTE AO NÚMERO DE POSTOS DE**

## **TRABALLO DO CADRO DE PERSOAL MUNICIPAL RESERVADOS AO PERSOAL EVENTUAL. EXPTE. 1067/1101.**

ANTECEDENTES.- Dáse conta da Resolución do concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal, de data 12 de marzo de 2015, que di o que segue:

“Segundo o último dato publicado polo Instituto Nacional de Estadística a poboación da Cidade de Vigo, a data de 1.01.2014, é de 294.997 habitantes.

De acordo co sinalado no artigo 104 bis. 1. f) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LBRL), precepto introducido polo número vinteoito do artigo primeiro da Lei 27/2013, 27 decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, “Os Concellos de Municipios con poboación superior a 75.000 e non superior a 500.000 habitantes poderán incluír nas seus cadros de persoal postos de traballo de persoal eventual por un número que non poderá exceder do número de concelleiros da Corporación local”.

De conformidade co previsto no artigo 179. 1 la Lei Org. 5/1985, de 19 de xuño, de Réxime Electoral Xeral, o Concello de Vigo, en función da poboación citada, elixe, nas eleccións municipais, un total vinteseite (**27**) concelleiros, polo que no cadro de persoal o número de postos reservados a persoal eventual non pode exceder ese número.

A Xunta de Goberno Local, en sesións de data 17.06.2011; 8.07.2001 e 22.07.2011, ao abeiro da súa atribución sinalada no artigo 127.1.h) da LBRL, acordou fixar en **16** o número de postos reservados no cadro de persoal municipal a persoal eventual sen que a data de hoxe foran modificados tales acordos.

O artigo 104 bis 5. da LBRL, advirte: “(...) As Corporacións locais publicarán semestralmente na súa sede electrónica e no Boletín Oficial da Provincia ... o número dos postos de traballo reservados ao persoal eventual (...)”; pola a súa parte o apartado 6 do precepto sinala: “(...) O Presidente da Entidade Local informará ao Pleno con carácter trimestral do cumprimento do previsto neste artigo (...)”.

De conformidade coa lexislación citada, Resolvo:

PRIMEIRO: Inserir anuncio na sede electrónica do Concello de Vigo <http://hoxe.vigo.org/> e no BOP facendo constar que o número de postos de traballo do cadro de persoal municipal reservados ao persoal eventual é de **16**.

SEGUNDO: Informar o Pleno da presente Resolución.”

*De todo o anterior a Alcaldía-Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación, que queda enterado.*

**2.- COÑECEMENTO DOS INFORMES CITADOS NO ART. 38.2.M.4º DO REGULAMENTO DO PLENO.**

**3.- COMPARENCIAS DE MEMBROS DA CORPORACIÓN.**

Non houbo.

**4.- MOCIÓNS.**

**4.1(69).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR INSTANDO AO ALCALDE A FACER PÚBLICO O ESTUDO DA UNIVERSIDADE DE VIGO PARA COBRAR SÓ POLA AUGA CONSUMIDA E PROCEDER Á MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL PARA QUE PERMITA APLICAR O COBRAMENTO DO RECIBO BIMENSUAL. EXPTE. 1068/1101**

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 17 de marzo de 2015, número 1068/1101, o concelleiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Bernárdez de Dios, formula a seguinte,

**MOCIÓN**

"O goberno municipal encargou, hai máis dun ano, un estudo á empresa concesionaria para que buscasse fórmulas encamiñadas a que os vigueses pagasen só pola auga que consuman, que nunca chegou a aplicarse. Unha demanda que supoñería deixar de pagar por tramos, chéguese ou non ao tope de consumo. Informes do Valedor do Cidadán defenden esa fórmula como medida para fomentar o consumo responsable e evitar o despilfarro. Unha medida que nunca se puxo en práctica, en parte pola prórroga que aprobou o goberno municipal, de forma unilateral, en 2011 do contrato con Aqualia por un período de cinco anos.

Ese foi o motivo polo que o Grupo Popular introduciu como unha das "liñas vermellas" no acordo orzamentario subscrito a mediados de 2014 co grupo socialista, o encargo dun estudo á Universidade de Vigo no que se fixasen as condicións para que a auga se cobre só polo consumido e que se implantase, paulatinamente a partir de primeiros de 2015.

Na actualidade o goberno municipal aínda non presentou o devandito informe elaborado pola Universidade de Vigo.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Municipal Popular no Concello de Vigo somete a consideración do Pleno a aprobación do seguinte acordo:

"Instar ao alcalde a facer público o estudo elaborado pola Universidade de Vigo para cobrar só pola auga consumida."

"Que unha vez coñecido o devandito estudo se proceda á modificación da ordenanza fiscal correspondente que permita aplicar a nova fórmula para o cobramento do recibo bimensual pola subministración da auga."

Con data 23 de marzo de 2015, a Comisión Informativa de Economía, Facenda e Educación, ditaminou favorablemente dita proposta.

DEBATE:

SR. BERNÁRDEZ DE DIOS: A punto de concluír o mandato e deixar de ser Alcalde de Vigo o Sr. Abel Caballero, os vigueses/as séguense preguntando.

PRESIDENCIA: Rematou a súa intervención?

SR. BERNÁRDEZ DE DIOS: Non, estou esperando a que rematen os do Partido Socialista.

PRESIDENCIA: Se vostede lles di esta cousa.

SR. BERNÁRDEZ DE DIOS: Eu podo dicir o que queira, a palabra a teño eu. Repito por se non quedou claro, a punto de concluír o mandato e de deixar de ser Alcalde de Vigo o Sr. Abel Caballero.

PRESIDENCIA: A que non? Continúe Sr. Bernárdez.

SR. BERNÁRDEZ DE DIOS: O que pido é respecto, nada máis, pero non para min, para os vigueses que aos que representa o Partido Popular, pido respecto.

PRESIDENCIA: E eu pídolle respecto cos electores que son os que van decidir que

este aquí de Alcalde.

SR. BERNÁRDEZ DE DIOS: Estou na quenda da miña palabra. Repíto por terceira vez, a punto de concluír o mandato e deixar de ser Alcalde de Vigo, o Sr. Abel Caballero.

PRESIDENCIA: Non creo.

SR. BERNÁRDEZ DE DIOS: Está claro que temos dous estilos de educación o Partido Popular e o Partido Socialista. En dous minutos non falei nin trinta segundos, fáltame catro minutos e 35 segundos.

PRESIDENCIA: Os tempos decídeos o Presidente.

SR. BERNÁRDEZ DE DIOS: Repito, a punto de concluír o mandato e deixar de ser Alcalde de Vigo o Sr. Abel Caballero, os vigueses. Moitas gracias polo respecto e a educación dos integrantes do Partido Socialista, non teño máis que dicir.

SRA. VELOSO RÍOS: Como nos limos a moción antes de vir ao Pleno pois sabemos que nesta moción se solicita por parte do Partido Popular que se faga público o estudo da Universidade de Vigo para cobrar só pola auga consumida e proceder á modificación da ordenanza fiscal para que permita aplicar o cobramento do recibo bimensual. Esta cuestión xa se tratou tamén en varias ocasións neste Pleno porque esta demanda de modificar a tarificación do servizo da auga é unha demanda de anos e anos e da que nunca damos saída porque hai unha empresa concesionaria que esixe o mantemento, a garantía do seu beneficio económico empresarial e que condiciona absolutamente calquera decisión ao respecto. Despois destes 25 anos de concesión a unha empresa privada dun servizo básico como é o servizo da auga, pois segue prorrogándose o contrato de maneira unilateral por parte do goberno sen traelo e este Pleno, sen facer ningún tipo de reflexión nin de análise sobre as luces e sombras da xestión por parte da concesionaria nestes 25 anos, sen que teñamos realmente un coñecemento das mellores opcións para garantir un ben público ou abastecemento, tanto para o cidadán/á de Vigo como para a propia

institución municipal, é dicir, que rendemento poderíamos quitar dende a institución municipal que non fose partidista electoral, evidentemente, e con consenso da Corporación Municipal, tampouco é o caso porque non se debate sequera na Corporación este tema, como de feito tampouco se vai facer agora, porque o grupo propoñente nin sequera expón os seus argumentos. Isto empeza a ser bastante surrealista, a nós parécenos ben que se faga público un estudo que se lle encargou á Universidade de Vigo despois dun acordo orzamentario entre o Partido Popular e o Partido Socialista, encargóuselle un estudo que supoño que estará feito e que se lle pagaría á Universidade de Vigo, e non se sabe absolutamente nada dese estudo, pero tamén é certo que independente de que a nós nos pareza ben que se coñeza o resultado que para algo se encargou, nós xa propuxemos neste Pleno que o que se debería facer era quitarnos aos cidadás/áns de Vigo das mans dunha empresa privada que é a determina que esteamos pagando o que estamos pagando. Nós o que dixemos xa neste Pleno era que non se debería prorrogar máis este contrato e que se debería estudar a remunicipalización do servizo de auga, de abastecemento e de saneamento, iso xa o dixemos nós aquí, e a nós realmente parécenos que o estudo da Universidade de Vigo non vai quitarse da manga ningunha solución máxica para que realmente esteamos pagando por un servizo que debería ser público o que deberíamos pagar. Non vai realmente ofrecernos ningunha solución máxica para que un recurso como a auga sexa realmente explotado nesta cidade dunha maneira sostible. O outro día apagamos as luces unha hora pola sostibilidade do planeta, por certo, despois de ter as luces de Nadal acesas durante moitas horas e durante moito tempo, pero logo apagamos as luces de tres lugares da cidade durante unha hora, eu quería lembrar que ademais da luz, que por certo moitas persoas nesta cidade seguen sen poder pagar, tamén outro servizo básico que ten que explotarse de maneira sostible como é a auga e neste caso non se está a facer.

Agora, ben, o Partido Popular xa dixo que non querían remunicipalizalo, o Partido Popular xa dixo que lles daba igual que Aqualia seguise beneficiándose dun servizo básico como a auga e que siga esixindo o seu beneficio económico empresarial a base de cobrarnos aos vigueses/as polo que consumimos e polo que non consumimos, e por non arranxar o que terían que arranxar, entón agora piden que se faga público o estudo da Universidade de Vigo? A nós parécenos moi ben que se



faga público, por certo, é un estudo que se encargou por acordo do Partido Popular e do Partido Socialista e xa veremos se se fai público ou non, pero nós neste caso ímonos abster porque esta non é a solución para que empechemos a pagar o que temos que pagar pola auga que é un ben público.

SR. REGADES FERNÁNDEZ: Non lle imos a dar, non imos facer público o estudo elaborado pola Universidade de Vigo, repito, non lle imos dar ao Partido Popular o estudo feito pola Universidade de Vigo, por unha sinxela razón señores do Partido Popular, porque como vostedes deben saber ben neste Concello non entrou ese estudo, e este Concello que é supertransparente, 95 puntos, un 9,8 sobre 100, como un Concello supertransparente vostedes tamén poden acceder ao Rexistro Xeral, entón cando o teñamos, como somos un goberno transparente, o terán vostedes tamén, pero sen ningún problema ademais, porque nós estamos convencidos de que é o que hai que facer. Agora dígolles unha cousa, para o tempo que vos queda tendes que facer este espectáculo, algúns porque xa o partidos políticos ós que representa xa lle dixeron que non, e a outros vanllo dicir a moi brevidade de tempo, e sobre todo a maioría porque a bancada vai quedar deserta porque os vigueses/as dinlles que non, que así non, que hai que defender esta cidade.

A menos de dous meses da consecución do terceiro goberno consecutivo do Goberno Socialista, do Goberno do Sr. Abel Caballero, a min gustaríame señores do Partido Popular e señores do Bloque Nacionalista Galego que me expliquen unha cousa porque onde gobernan vostedes en Pontevedra os cidadáns pagan o 21% máis de auga que en Vigo, repito, a auga máis barata das cidades máis importantes de Galicia se paga en Vigo, por que os cidadáns de Pontevedra onde teñen un Alcalde e unha maioría do Bloque Nacionalista Galego pagan un 21% máis, pero señores do Partido Popular vostedes están moi orgullosos de tódalas falcatruadas que fan en A Coruña, das facturas no caixón, de estar endebedados, etc. por que os cidadáns de A Coruña pagan un 6% máis da factura da auga que os cidadáns de Vigo? Por favor non segan mentindo, ser rigorosos porque os datos publicados polo Instituto Nacional de Estadística, non creo que sexa sospeitoso de ser do Partido Socialista nin que o puxera o presidente desta Corporación o Sr. Abel Caballero, pero seguramente que seremos capaces de ata escoitar iso. O Bloque

Nacionalista Galego di que incluírá no seu programa Marco para as eleccións municipais de maio o rescate dos servizos públicos municipais, pero claro é que ninguén lle cre ao Partido Nacionalista Galego porque ese mesmo día o seu voceiro na cidade de Pontevedra di, pese a esta directriz, o líder do Bloque Nacionalista Galego do Goberno de Pontevedra non contempla nin a curto nin a medio prazo o hipotético rescate dalgúns dos servizos públicos, xa non só fala da auga, fala da auga que ten concesionada, fala do lixo que o ten concesionado e fala tamén dos xardíns en Pontevedra que están concesionados. Isto é o que di o Bloque Nacionalista Galego onde goberna, por certo, xa casos anecdóticos, e onde non goberna di cousas que despois non leva á práctica porque Sra. Veloso, vostedes aquí nesta cidade gobernaron, e tiveron a oportunidade de municipalizar o servizo da auga ou outros servizos e non o fixeron, non só iso, senón que pactaban coas concesionarias e contra dos beneficios da cidade. Quero que lle repita todo o que se fixo coas concesionarias dende que goberna o Sr. Abel Caballero na cidade? Pois recuperar o 30% no contrato de VITRASA, máis de cinco millóns que vostedes cando gobernaron non reclamaban e o Partido Popular cando gobernaba non reclamaba, superar un 20% o recibo da factura da luz, porque cando me fala da luz a min sorpréndeme moito, no ano 2005 a factura do alumeadado do Nadal, como tódolos vigueses saben, só o consumo da rúa do Príncipe é o mesmo que o consumo hoxe de toda a cidade porque nós somos unha cidade intelixente, unha cidade de innovación, esa innovación a aplicamos tamén ao alumeadado do Nadal, e hoxe en día tódalas lámpadas son leds, de baixo consumo, e toda a cidade consume o mesmo que no ano 2005 a rúa do Príncipe.

Xa sei que é demagogia, que a vostedes non lle preocupan os datos, que a vostedes o único que lle preocupa é falar por falar porque facer pouco poden facer, algúns porque xa non están, eu o que lles digo para o que vos queda neste Pleno imos a levarnos todos ben. Eu no vou facer como o noso voceiro o Sr. Font, eu non vou a adoptar a ninguén, nin aos do Bloque Nacionalista Galego nin aos do Partido Popular.

SR. BERNÁRDEZ DE DIOS: Señores do Partido Socialista non nos van a calar nin lle van poñer unha mordaza aos vigueses na boca, a min gustaríame rematar nesta última ou penúltima intervención do mandato, non o sei, ao grande, pero non por

min senón polos cidadáns de Vigo que seguen pagando o recibo da auga máis caro de Galicia e seguen pagando a partir dun mínimo de 30 metros cúbicos, din que unha imaxe vale máis que mil palabras, traio dúas imaxes e espero que valan máis que 2.000 palabras.

Señores do Partido Socialista esta é a factura que están a pagar os veciños de Álvaro Cunqueiro, Bembrive, Matamá, Rosalía de Castro, de todo o termo municipal, a partires de 30 metros cúbicos, isto é un atraco, isto chámase un “taxazo” imposto polo Sr. Abel Caballero, que teñen vostedes que dicir a un titular do Faro de Vigo, do 17 de decembro do 2012, onde despois dun estudo e dunha enquisa rematan cun titular a cinco columnas dicindo que case nove de dez vigueses pagan auga que non consumimos e que non gastamos, isto como se chama? Isto é un “taxazo” e vostede falan de máis compromiso coa xente? Será co compromiso do peto das concesionarias.

Pero este é o compromiso que falaba a Sra. Silva, do compromiso coa xente, o compromiso co peto das concesionarias porque os cidadáns o compromiso co recibo, por favor, écheselles a boca de estar cos cidadáns en tempo de crise, este é o titular dos medios de comunicación da cidade de Vigo, este é o titular e aquel é o recibo, que o lembren os vigueses, que o “taxazo” en oito anos do Sr. Abel Caballero chamouse o recibo de Aqualia a tódolos petos, pagamos o que non consumimos e logo falan vostedes de vergoña? A vergoña debería ser de vostedes por seguir mantendo esta cobranza dunha concesionaria a que lle ampliaron cinco anos máis o contrato, humanizando rúas nun 4% de tódolos viais do termo municipal .Cálese maleducado! Teña educación, lévollo dicindo hai oito minutos, cálese, isto é o que teñen que coñecer os vigueses neste penúltimo Pleno deste mandato do Sr. Abel Caballero. O peto segue sendo esquilmado polo Partido Socialista gobernando en minoría na cidade de Vigo, nada máis.

PRESIDENCIA: Sr. Bernárdez, eu non sei se este é o seu penúltimo Pleno, non o sei, pero ao longo deste tempo témoslle un certo afecto, debo dicirillo, pero tamén lle debo dicir que a súa intervención está chea de inexactitudes, porque o único goberno dende que hai servizo de auga nesta cidade que conxelou as tarifas é o goberno que eu presido. O único goberno en toda a historia da cidade que baixou tarefas en termos reais é o goberno que eu presido, porque vostedes gobernaron

esta cidade, e tódolos anos que gobernaron subiron as tarefas da auga, por que non as baixaron? Porque vostedes gobernaron oito anos, case que oitos anos, en dous gobernos diferentes e vostedes puideron baixar as tarefas da auga non só non baixaron senón que a subiron sempre, pero ademais pasan máis cousas, e as cousas son que vostedes gobernando dixeron neste xornal que ían a baixar e poñer o pago por consumo, dixérono, nunca o fixeron.

Polo tanto, o único goberno que se tomou en serio a tarificación da auga na cidade de Vigo é o goberno que eu presido, primeiro, baixando tarifas por primeira vez na historia desta cidade e segundo, encargando un estudo, serio e consistente a profesionais de cal é esta situación de tarificación. Pero ademais constatacións adicionais, onde gobernan vostedes en A Coruña a auga é máis cara que en Vigo, onde gobernan o Bloque Nacionalista Galego en Pontevedra a auga é máis cara que en Vigo. Polo tanto, debemos dicir toda a verdade, pero o único que pensando en Vigo baixou as tarefas de auga foi o Alcalde o Sr. Abel Caballero e este goberno que está comigo.

Polo tanto, seguimos facendo a política de abaratamento máis importante sobre a auga que se fixo nunca na historia da cidade.

Feito este debate e clarexadas as súas inexactitudes, porque por moi grandes que sexas as fotocopias, as verdades son incontrovertibles, gobernaron vostedes sete anos, non baixaron nin unha vez a tarefa da auga, Bloque Nacionalista Galego gobernou catro anos en coalición, ben é certo, co Partido Socialista, non baixou nunca as tarefas da auga, o goberno presidido por o Sr. Abel Caballero baixo nos últimos anos as tarefas de auga en termos reais. É feito isto sometemos á votación a moción.

VOTACIÓN: Con doce votos a favor dos membros do Grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Alonso Alonso, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Bernárdez de Dios, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Muñoz Posse, Pérez Dávila e Relova Quinteiro, dúas abstencións dos membros do Grupo municipal do BNG, señor e señora Alonso Pérez e Veloso Ríos, e once votos en contra dos membros do Grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Fernández Pérez, Lago Rey, López

Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia, adoptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 17.03.2015 (Rex. Nº 1068/1101), polo concelleiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Bernárdez de Dios, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

**4.2(70).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR INSTANDO AO GOBERNO MUNICIPAL A ARTICULAR UN PLAN DE EMPREGO XUVENIL QUE GARANTA QUE OS FONDOS ORZAMENTARIOS ACADEN UNHA MAIOR EMPREGABILIDADE DOS MOZOS. EXPTE. 1069/1101.**

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 17 de marzo de 2015, número 1069/1101, o concelleiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Pérez Davila, formula a seguinte,

MOCIÓN

“O Partido Popular de Vigo, no marco do acordo acadado co goberno municipal para a aprobación do orzamento para 2014, introduciu no mesmo unha dotación de 500.000 € para un plan de emprego específico para mozos da nosa cidade. Tratábase en definitiva de apoiar dende o Concello á iniciativa privada para incentivar a contratación e abrírlle a porta aos mozos e mozas ao seu primeiro emprego.

A nula xestión realizada polo goberno de Abel Caballero, mesmo criticada dende a intervención municipal na fiscalización da proposta de concesión, fixo que tan so se presentasen á convocatoria 6 empresas das que 3 foron rexeitadas e un número de beneficiarios contratados que non chegou aos 30. En resumo, dos 500.000 € tan so se adxudicaron axudas por algo mais de 28.000 €. Unha vez mais o goberno municipal amosou a súa mais absoluta incompetencia á hora de xestionar uns fondos dos que se terían que ter beneficiado centos de xóvenes vigueses.

Pola contra, cabe salientar neste eido o éxito do Plan de prácticas laborais realizado pola Deputación de Pontevedra que ven adxudicando 400 bolsas semestrais, ampliables a un ano, a mozos e mozas titulados en busca do primeiro emprego.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Municipal Popular no Concello de Vigo somete

a consideración do Pleno a aprobación do seguinte acordo:

Instar ao goberno municipal a que no presente mandato se articule un Plan de emprego xuvenil, similar ao que se desenvolve dende a Deputación de Pontevedra, que garanta que os fondos orzamentados sirvan para acadar unha maior empleabilidade dos mozos e mozas vigueses e non queden na caixa do Concello.”

Con data 23 de marzo de 2015, a Comisión Informativa de Emprego e Participación Cidadá ditaminou favorablemente dita proposta.

## DEBATE

SR. PÉREZ DAVILA: Señores do goberno municipal xa sei que están moi cansos de que lles fale Pleno tras Pleno sobre políticas de emprego xuvenil, pero non están tanto como cansos están os mozos/as desta cidade, dun goberno que os ten esquecidos que non os atende e que aínda por enriba lles falla ao respecto reiteradamente. Levo toda esta lexislatura demostrando que son vostedes uns gobernantes antigos, rancios e obsoletos, que non prestaron nin por un minuto da súa etapa de goberno no terzo máis novo da nosa poboación, que se enchen a boca dicindo que son vostedes os salvadores dunha patria chica, solitaria e illada que só vostedes queren inventar mentres vostedes son o goberno que está hipotecando e ferindo de gravidade as oportunidades dos vigueses/as do futuro. Pero hoxe non lles quero dicir que descoñecen a realidade e necesidades da mocidade viguesas, que non foron capaces de poñer en marcha unha soa iniciativa de política xuvenil en catro anos, hoxe non lles quero dicir que son vostedes uns absolutos incompetentes en canto á xestión da Consellería de Xuventude, ou que nin sequera teñen a dignidade política de poñer en marcha aquelas iniciativas que lle propoñemos aos que nos sentamos en fronte, non lles quero dicir nada disto hoxe aínda que podería e resultaría de estremada gravidade cando llo podería dicir á goberno da cidade máis grande e con máis mozos/as de Galicia, pero se todo isto xa é grave por si, moito máis grave é non prestar o máis mínimo interese por darlle emprego aos máis novos cando tiveron vostedes todos na súa man para facelo. Moito máis grave boicotear intencionadamente unha ferramenta que podería dar a

oportunidade de experiencia e emprego a miles de mozos/as de Vigo, e moito máis grave é aprobar nos Orzamentos o primeiro programa de emprego específico para a mocidade na historia de Vigo, dotado con medio millóns de euros por esixencia do Partido Popular e só utilizar apenas un 5% desa cantidade, 500.000 euros presupostados no Orzamento municipal para plans de emprego xuvenil e non foron vostedes capaces de utilizar nin 30.000 euros, esta é a súa forma de gobernar para a mocidade desta cidade.

Isto é o que acaban de facer vostedes co primeiro plan de emprego xuvenil da historia de Vigo, isto realmente si que é grave por iso lles digo que vostedes son un goberno indigno para Vigo, porque vostedes son os responsables de que 470.000 euros quedasen sen utilizar e non foran para os mozos/as de Vigo. Puxémoslle na súa man todo, a oportunidade de que os mozos/as de Vigo se sentiran orgullosos do seu goberno e vostedes pecharon a man e miraron para outro lado. Son vostedes, repito, un goberno indigno para esta cidade.

Hai dous días homenaxeamos na Praza da Independencia aos heroes da Reconquista de Vigo, un día que debería ter sido de alegría e de unión, ese termo que vostedes descoñecen, nese acto que como digo debería ser de unidade o Alcalde utilizou a súa posición para facer un discurso separatista, sectario e vergoñento. Nese discurso dixo entre outras moitas insensateces, algo referente ao emprego, cito textualmente “plans de emprego, plans de emprego e plans de emprego” os nosos xa están en marcha, os dos demais aínda non chegaron, como pode unha persoa mentir desa maneira e non sentir absolutamente nada, como se pode mentir mirándolle aos ollos á xente e non sentir a vergoña máis absoluta, algo así só o podería dicir o Sr. Caballero. A que se refería cando dixo que os seus Plans de Emprego xa están en marcha? Os 400.000 euros que quedaron na caixa no Concello pola súa incompetencia, ou a que se refería con eses plans de emprego que só dan emprego aos seus? Sr. Caballero vostedes prometeron en campaña electoral o pleno emprego en Vigo e o conseguiron pero só para os seus achegados.

Agora permita que lles fale eu dos plans de emprego dos demais, como diría o Alcalde, un plans de emprego que non só chegan a quen os necesitan, senón que dan traballo a centos e centos de mozos de todo Pontevedra e de todo Galicia. O goberno Galego do presidente o Sr. Feijóo foi o primeiro en enfrontarse á realidade

do desemprego xuvenil, proba diso é que no último ano o número de parados en Galicia menores de 30 anos descendeu un 16,5%, isto gracias a 100 millóns do Plan Autonómico de emprego xuvenil, a Xunta de Galicia si que ten un plan de emprego xuvenil, e saben vostedes quen foi a conselleira que puxo estes 100 millóns de euros á disposición da mocidade galega? Pois si, unha muller moza e preparada que vai presidir este Pleno en apenas dous meses, chámase Sra. Muñoz, e mentres vostedes neste Concello, 470.000 euros na caixa e sen poder destinalos á mocidade de Vigo. Saben vostedes cal é administración de toda España que ven de ofrecer o maior número de contratos para a súa primeira experiencia laboral a milleiros de mozos/as? Pois si, a Deputación Provincial de Pontevedra da que o Vicepresidente é o noso voceiro e a deputada de Servizos Sociais, a Sra. Iglesias, 15 millóns de euros do Plan de practicas laborais para a mocidade dende o ano 2011 e máis de 1.500 contratos de traballo asinados para mozos/as, gran parte delas de Vigo, chegan ou non chegan os plans de emprego dos demais, Sr. Caballero? Se estivera aquí podería dicirlle, deixe de mentir, repito, mentres vostedes teñen 470.000 euros na caixa sen poder ser utilizados para emprego xuvenil.

Por todo isto, instámoslle con esta moción a que de forma inmediata antes de que deixen de ser vostedes goberno dentro de dous meses, poñan as medidas necesarias e non deixen os cartos na caixa como acaban vostedes de facer. Non perdan vostedes a súa derradeira oportunidade de facer algo pola mocidade viguesa e de todo o demais encargáremos o seguinte goberno, presidido por unha muller nova e do Partido Popular.

SR. ALONSO PÉREZ: Ao Bloque Nacionalista Galego cando intervimos gústanos ser moi rigorosos, aquí non se baixaron as tarefas da auga, conxeláronse por unha emenda do Bloque Nacionalista Galego, hai que ser rigorosos cando se fala e hai que dar os datos tal e como son.

De novo unha moción do Partido Popular sobre emprego, eu para aforrarlles o traballo ao Partido Popular permitinme facer todo un “dossier” das mocións que o Partido Popular ten presentado neste Concello sobre emprego, un “dossier” que xa llo fixen para que lle dean unha copia ao Sr. Rajoy e outra ao Sr. Feijóo, porque son os responsables e que lles digan “temos un problema en Vigo e é que non nos aproban ningunha moción sobre emprego, porque non toman ningunha iniciativa



política realmente na dirección adecuada para pelexar contra o desemprego". Polo tanto, como eles son os responsables que lle digan que aquí non lle aprobamos ás mocións porque non fan nada e que lle trasladen as mocións a quen hai que trasladarllas ao Sr. Feijóo e ao Sr. Rajoy, mentres tanto imos seguir votando en contra das mocións do Partido Popular en emprego.

SR. RODRÍGUEZ DÍAZ: Eu quero comezar Sr. Pérez dicíndolle algo moi rotundo, indigno e ademais mentireiro é vostede, porque é o que vostede ven a facer aquí. O que é grave é a política que fan vostedes, en xeral, pero en emprego xa é dramática a emrega que vostedes fan, e téñolle que dicir tamén claro e rotundo, executouse todo o orzamento do Plan de Emprego e atendeuse a tódolos mozos/as con ese orzamento, e vostedes sábeno, atendeuse tanto en asociacións veciñais como en empresas como de forma directa por nós. Vostedes non son cribles, menten reiteradamente, porque aquí o que fixo un discurso claro e contundente o día da Reconquista foi o Alcalde o Sr. Abel Caballero, pero ademais comprometido coa cidadanía desta cidade, cos homes e mulleres desta cidade que peor o están a pasar. A vostedes non lles gusta que se atendan aos homes e mulleres desta cidade porque vostedes ignóranos, voulles demostrar por que vostedes os ignoran Sr. Pérez, a Deputación en tódolos seus programas tanto de plan de investimentos e servizos como de plans de emprego, exclúe a Vigo, porque en todos pon ata 50.000 habitantes, señora deputada da Deputación, ata 50.000 habitantes, vostedes exclúen a Vigo de todo, dos plans de obra e dos de emprego e a Xunta de Galicia tamén, dígame cantos obradoiros, cantos contratos para vítimas de violencia de xénero ou contratos en cooperación Xunta de Galicia-Corporacións Locais.

Saben vostedes o que fan? Mandar unha candidata aquí, dende logo que espero que non se marche como fixo a Sra. Porro os outros dous mandatos cando sexa xefa da oposición, si que o é, que non marche canto antes. Cantos cartos dedicou ela sendo concelleira de Facenda a políticas de emprego xuvenil? Pois eu voulle dicir que adicou un 30% menos do que tiña o noso goberno presidido polo Sr. Touriño, un 30% menos e en Vigo cero. Saben vostedes o que fan coa súa política de emprego xuvenil? Que 21.000 mozos/as teñan que emigrar, vostedes chámanlle mobilidade exterior.

Cando falamos aquí de atender aos achegados que vostede facía, recente de onte mesmo: “Louzán designa a dedo aos seus fieis en xefaturas da Deputación”, isto é o que fai o Partido Popular, o Sr. Louzán é do Partido Popular, iso é o que fan vostedes, a política que fan vostedes.

Mentres que o Alcalde de Vigo fai unha política para as persoas e voulle dicir máis, o paro e as rebaixas salariais fan que 60.000 mozos/as non se poidan emancipar, eses son vostedes os do Partido Popular. O emprendemento que moitos mozos/as querían facer, tampouco o poden facer polas súas políticas económicas e de emprego.

Sabe o que se fan vostedes moi ben? Para os mozos/as fan traballos como o seu Alcalde do Partido Popular en A Coruña, que pon bancos de 14.610 euros, debe ser para que se senten os mozos/as, ou pasarelas de 600.000 euros, un Concello por certo quebrado, e fan as obras traballando pola noite, alí non van a protestarlle ao Sr. Negreiro, isto é o que fan vostedes poñer bancos de 14.000 euros nun parque para que estean cómodos os desempregados/as. Vostedes son os campións, vostedes o que teñen que facer é derrogar a reforma laboral que é o que fai meter o paro e a precariedade e fai emigrar aos nosos mozos/as.

Iso é o que teñen que facer porque eliminar tamén toda a discriminación salarial cos mozos/as porque vostedes estannos votando ao estranxeiro, voulle dicir outra cousa Sr. Pérez, tómemo ben porque vostedes en políticas de emprego rebaixaron tamén máis dun 50% de políticas activas do seu orzamento respecto ao 2009 e iso veñen agora aquí de campións.

Por certo tamén voulle dicir unha cousa, en Bembrive quitaremos outra vez maioría absoluta e a xente de Bembrive pregúntase aquí, antes a onde ían os cartos? Porque agora vense as obras, onde ían os cartos antes?

SR. PÉREZ DAVILA: A xente de Bembrive agora xa non se pregunta onde van os cartos porque ben o saben, aos petos do goberno do Partido Socialista e as empresas que fan os gobernos do Partido Socialista, esa forma de gobernar clientelista que teñen vostedes roubando os cartos da xente.

Respóndolle, dicía vostedes dúas mentiras moi grandes Sr. Rodríguez Díaz cando queiran me escoitan senón sigo igual.

Din vostedes que non hai mozos nos plans de emprego da Deputación Provincial de

Pontevedra.

PRESIDENCIA: Sr. Font, estease calado, cando remate o tempo do Sr. Pérez eu pedireille que algunhas cousas que dixo que as retire e senón vaime escoitar como Presidenta deste Pleno.

SR. PÉREZ DAVILA: Dicía vostede que non hai mozos nos Plans de Emprego da Deputación Provincial de Pontevedra, en Vigo, hai moitos, na miña empresa porque eu non son político profesional como moitos de vostedes, hai incluso mozos que traballan, cando queira veña que llos presento, incluso pode levar vostede unha solución aseguradora moi boa.

Voulle dicir outra cousa, dicía antes que como se pode mentir mirándolle aos ollos á xente que só podería facer o Sr. Caballero, pódeo facer o Sr. Caballero e vostede, Sr. Rodríguez Díaz, di que vostedes que se executou todo o plan de emprego xuvenil? O señor interventor que está aquí sentado e pode falar pero fala a través dos informes, di o seguinte: “que non se incentivará a transformación dos contratos temporais en indefinidos” ese é o traballo de calidade que vostede crean e di que se executou un importe de 28.410 de euros de 500.000 e leo textualmente para que lle quede bastante claro aínda que ten o informe que vostede asinou “en todo caso poñer de manifesto que estas bases se aprobaron o 26 de setembro do 2014 pola Xunta Goberno Local, xa avanzado o exercicio orzamentario e asemella que ben a proposta das bases os seu requisitos ou a transmisión aos grupos destinados ou a súa xestión non foi adecuada porque dunha convocatoria de 5.000 euros para un plan de emprego xuvenil no contexto social no que nos movemos tan só se propón o outorgamento de tres subvencións por 28.000 euros”, dio o interventor nun informe asinado por vostedes, mente Sr. Rodríguez Díaz como fai vostede tódolos días. Continuo: “Estimamos que de repetirse a convocatoria o servizo xestor debe realizar unha profunda reflexión a cerca de cada unha das bases seguidas no procedementos actual para non repetir os mesmos resultados”, o informe asinado por vostede. Continúo, “como consecuencia dunha tramitación tardía do proceso pode verse vulnerado o prazo establecido nas Bases de Execución que se establece nas bases da convocatoria e terán que regular a xustificación das axudas no mesmo ano que se outorguen, o prazo de xustificación

no será despois da segunda semana de decembro e a súa remisión á Intervención Xeral para a súa fiscalización non será despois do prazo acadado”, vostedes menten, o propio interventor deste Concello está a dicir que son vostedes uns absolutos incompetentes en materia de emprego, xuvenil e menten cada vez que se sentan neste Pleno.

PRESIDENCIA: Sr. Pérez, esíxolle como presidenta deste Pleno que retire as palabras acusando ao Goberno Local desta cidade de roubar, as retira Sr. Pérez?

SR. PÉREZ DAVILA: Non falei do goberno local desta cidade, falei do goberno da Entidade Local Menor de Bembrive.

PRESIDENCIA: Sr. Font, eu dirixo este Pleno, Sr. Pérez retira esas palabras ou as mantén?. Non as retira pois entón como o Sr. Pérez non as retira voulle contar un conto á cidade, había unha vez unha cidade que miraba a unha gran ría, tiña uns políticos que entraban pobres e saían ricos, entraban sen patrimonio e saían con chalés, pisos, iates, saían cun enorme patrimonio. Había unha cidade onde os políticos tiñan unha relación moi directa dunha gran amizade cos especuladores, había uns políticos nesa cidade que miraban para unha gran ría que pretendían aprobar un plan xeral cheo de especulacións, con centos de millóns para os especuladores, había uns políticos nunha cidade que miraba para o mar que tiñan unha extraordinaria relación coas concesionarias ás que lle daban grandes privilexios, pero un día chegou un goberno distinto que votou aos especuladores da cidade, que os seus políticos entraban cun patrimonio moi menor, como o da maioría dos cidadáns, e tiñan o mesmo patrimonio, exactamente o mesmo, que ás concesionarias as poñían no seu sitio para que prevalecera o interese xeral, que tiveron que modificar un Plan Xeral para votar a especulación fora, e para que os cartos que ían ser para uns poucos revestira na cidade, ese goberno era o do Sr. Abel Caballero o outro xa sabe vostede cal era, que o saiban as viguesas/es.

*(Neste intre preside a 1ª Tenente de Alcalde, Sra. Silva Rego).*

VOTACIÓN: Con trece votos a favor dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Alonso Alonso, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Muñoz Posse, Pérez Dávila e Relova Quinteiro, doce votos en contra dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero e a Presidencia, e máis dos membros do grupo municipal do BNG, señor e señora Alonso Pérez e Veloso Ríos, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 17.03.2015 (Rex. Nº 1069/1101), polo concelleiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Pérez Davila, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

#### **4.3(71).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR INSTANDO AO ALCALDE A REALIZAR XESTIÓNS PARA ADHERIRSE AO PLAN DE TRANSPORTE METROPOLITANO DE VIGO. EXPTE. 1070/1101**

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 17 de marzo de 2015, número 1070/1101, o voceiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Figueroa Vila, formula a seguinte,

##### MOCIÓN

“O pasado 4 de marzo, os alcaldes de 12 municipios da área de Vigo asinaron coa Xunta de Galicia o convenio para a implantación do Plan de Transporte Metropolitano. Un plan longamente esperado polos residentes na área de influencia viguesa con máis de medio millón de habitantes.

A implantación do plan suporá unha rebaixa no custo do servizo interurbano de transporte dun 50 por cento sobre o prezo que os usuarios aboan na actualidade. Un plan que abrangue, inicialmente ás liñas de autobús interurbano e ó transporte marítimo da Ría de Vigo. O Concello de Vigo, por decisión do alcalde, non asinou o mencionado convenio, cando é a cidade chamada a liderar o mencionado plan,

entre outras cuestións por ser a de maior número de habitantes da bisbarra e de toda Galicia.

Esta decisión priva a vigueses e a residentes do resto dos municipios de que o transporte urbano de Vigo, que realiza a empresa Vitrasa, non entre a formar parte deste, co prexuízo que supón para os vigueses.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Municipal Popular no Concello de Vigo somete a consideración do Pleno a aprobación do seguinte acordo:

-Instar ao alcalde a realizar as xestións oportunas para adherirse ao Plan de Transporte Metropolitano de Vigo á maior brevidade posible.”

Con data 23 de marzo de 2015, a Comisión Informativa de Xestión Municipal e Mobilidade ditaminou favorablemente dita proposta.

DEBATE:

SR. ARAÚJO PEREIRA: A verdade é que moitas veces é vergoñento estar neste Pleno e representar aos cidadáns que representamos cando por unha banda tamén se ataca á función política e ao traballo político e queremos que cambie esa imaxe cara a cidadanía, atacando aos antigos cargos públicos a verdade é que moito non a imos mellorar, Sra. Silva.

PRESIDENCIA: Se non lle importa Sra. Presidenta do Pleno.

SR. ARAÚJO PEREIRA: Pois Sra. Presidenta do Pleno, si señor.

PRESIDENCIA: Eu claréxollo porque son a Presidenta do Pleno non son a Sra. Carmela, a Sra. Carmela son na miña casa, aquí son Sra. Presidenta do Pleno do Excelentísimo Concello de Vigo. Claréxolle ao voceiro do Grupo Popular que se dirixa a min en razón ao cargo que ostento. Tamén é unha cuestión de respecto ás mulleres, eu xamais oínlle a ningún concelleiro dirixirse ao Presidente polo seu nome, senón polo cargo, simplemente é unha aclaración, aos presidentes sexan homes ou mulleres dos Plenos debémonos dirixir en relación ao cargo que

ostentan, exclusivamente. Polo tanto, non discuta comigo, estase a pasar o tempo, quedan só tres minutos e non lle vou dar nin un segundo máis.

PRESIDENCIA: Repítolle de novo que eu dirixo este Pleno e que teño dereito como Presidente a facer aclaracións. O único que fago é cumprir co dereito que teño, estou presidindo este Pleno, non ten a palabra Sr. Figueroa. Continúe Sr. Voceiro do Partido Popular defendendo a súa moción.

SR. ARAÚJO PEREIRA: Paréceme ben a súa matización Sra. Presidenta do Pleno, xa din as gracias na miña entrada de intervención á Presidenta do Pleno e que eu saiba ten nome, e antes é cidadá de Vigo que ter un cargo.

Eu non me sinto máis por estar aquí como concelleiro, como vostede, porque cree que está na representación dun cargo político, non eu son un cidadán máis que intenta chegar a este Pleno, teño a obriga de facer chegar a este Pleno tódalas incertezas e tódalas necesidades que teñen os cidadás de Vigo, e esa é a miña función, outros cren máis no cargo que na función que teñen que facer como políticos.

Para entrar na moción, é a cuarta vez que traemos ao Pleno instar ao Alcalde a facer xestións para a implantación do Plan de Transporte Metropolitano, a cuarta vez, en 2011 foi a primeira vez, cremos e entendemos que o Alcalde acordou coa cidadanía de Vigo basicamente o que é o Plan, intentar manter unha tarxeta única de transporte público sen contacto, con tarefas nas que se poden aforrar os seus veciños ata o 50% de transporte, quedou cos cidadáns de Vigo coa fixación de terminais, intercambiadores e mellora en marquesiñas e recorridos na zona urbana, determinación de puntos de paradas na cidade, para mellorar a cobertura e conectividade na cidade, acordado cos cidadáns a posibilidade de novos servizos en moitos concellos como o de Vigo, melloras dun 40% de media nos servizos, aumento de frecuencias, aumento do número de servizos diarios, e das horas de servizo, acordado tamén a mellora da información ao usuario, melloras de marquesiñas, plataformas exclusivas para transporte público, carril bus-Vao, actuacións en glorietas, interseccións, moitas destas accións nas que entendemos que o Alcalde e Presidente deste Pleno acordou cos seus veciños e que esperamos que cumpra e que aínda está a tempo de cumprir.

O Plan de Transporte Metropolitano de Galicia ten o único obxectivo de mellorar a mobilidade e accesibilidade no entorno das áreas metropolitanas, e polo tanto, os cidadáns dispoñan dun servizo de transporte público colectivo, que sexa unha alternativa competitiva e eficiente ao transporte privado, un transporte privado que vostede Sra. Presidenta, sabe igual que o Alcalde desta cidade que xera unha polución grande, ruído e trastornos a tódolos cidadáns e que nós pretendemos impulsar o transporte público colectivo desta cidade para evitar eses grados de contaminación acústica, deses pobos que vostedes non traballan, de contaminación medioambiental coas emisións de CO<sub>2</sub>, de monóxido e dióxido de carbono á atmosfera e mil temas máis que melloraría un transporte colectivo eficaz. Nesta liña a Xunta de Galicia, os concellos das áreas metropolitanas levan dende 2003 traballando para a posta en marcha dos plans de transporte metropolitano como vostede sabe e mellorar a competitividade, calidade e eficiencias ao servizo dos cidadáns. Este plan foi implantado nas áreas de Ferrol, Santiago de Compostela, A Coruña, Lugo e Ourense, algúns dende hai máis de 9 anos, ós cidadáns de Vigo privóuselles destes beneficios, o pasado 4 de marzo os alcaldes de doce municipios da área, cansados que de os seus veciños non gozasen deses beneficios entenden que a pesares de non contar coa metropolis da cidade, deben intentar que eses cidadás dos seus concellos gocen deses beneficios e asinaron coa Xunta de Galicia un convenio de implantación de transporte metropolitano, este estivo paralizado sete anos debido a políticas de enfrontamento político con fines puramente electoralistas e de venta dun falso viguismo, sen pensar nas melloras de Vigo e os seus veciños só na súa estratexia para sacar rédito político para permanecer no poder.

Este plan supuxo para tódolos veciños da área unha baixa do custe do servizo nalgúns casos do 50% do que aboan na actualidade, un plan que abarca inicialmente as liñas de autobús interurbano e transporte marítimo da ría de Vigo.

O Alcalde decidiu non asinar no convenio sendo esta unha cidade que debe liderar o mencionado Plan, basicamente porque é a metropolis, un Plan metropolitano indubidablemente ten que ser así, da área con maior número de habitantes e cidade cabeceira como establece o propio Plan de Transporte Metropolitano.

Esta decisión priva aos vigueses e aos residentes do resto de municipios de que o transporte urbano de Vigo que realiza a empresa VITRASA, non entra a formar



parte do citado plan de transporte cos prexuízos que isto supón aos veciños de Vigo.

SR. ALONSO PÉREZ: Aquí temos nesta moción, neste debate, un novo exemplo de como a falla de diálogo, entendemento entre o Concello de Vigo e a Xunta de Galicia ou outras administracións, neste caso a Xunta de Galicia, a pagan os vigueses. Dende o punto de vista electoral, aos dous lle van ben porque está dentro da súa estratexia, o Partido Popular, a Xunta de Galicia non quere investir en Vigo porque prefire investir en concellos onde goberna e vaille ben, nesos concellos, en Vigo xa veremos, pero é unha estratexia porque ademais reforza a teses de que con este goberno de Vigo é imposible dialogar, e o Concello de Vigo tamén lle vai ben esta estratexia porque vai de vítima, o Alcalde do Concello de Vigo contra o mundo, ninguén nos quere e vaille ben, ese “rollo” vitimista vaille ben, entón ao discurso electoral do Partido Popular e do Partido Socialista vaille ben, un castigando a Vigo e o outro de vítima, pero os cidadáns padecemos as consecuencias de que este concello non se entenda con ningunha administración, pagamos as consecuencias, neste caso é simplemente o abaratamento dun billete porque dicir que isto é un plan de transporte é moito dicir, para o Bloque Nacionalista Galego si se precisa un plan de transporte como servizo público de calidade, que teñan interrelación tódolos módulos de transporte, o urbano e interurbano por estrada, o transporte ría, o de proximidade por ferrocarril que non existe, que tivera en conta as necesidades dos cidadáns, isto non é este plan de transporte porque non é un plan, simplemente é un abaratamento do custe do billete.

Por non haber nin hai sequera o proxecto tan necesario como é a estación de autobuses para que exista un nodo co transporte do ferrocarril, non temos aínda o proxecto en Urzáiz da nova estación de autobuses, non se teñen en conta os recortes que se fixeron en liñas e en frecuencias de autobuses que veñen a Vigo, non se tiveron en conta porque ademais esta proposta era un proposta pechada que non era posible introducir cambios sobre ela, non ten en conta aspectos fundamentais nunha situación de crise como que os desempregados, os discapacitados, os estudantes, teñan por obriga reducirlle o billete, o único que fai é recomendar, entón esta moción de novo ven a poñer enriba da cara de tódolos

cidadáns que estamos pagando as consecuencias da inutilidade, incapacidade de diálogo entre administracións, porque estar xogando sempre ao partidismo é moi grave, padecémolo todos/as cidadáns sempre.

Ímonos abster porque ademais dixo, isto non é o plan de transporte que o Bloque Nacionalista Galego e a cidadanía ven demandando.

SR. REGADES FERNÁNDEZ: Eu xa quero empezar anunciando o voto deste goberno, deste grupo municipal, en contra. Este plan de transportes non sei se alguén viu algunha tarxeta, se alguén subiu ao autobús con esta plan de transporte porque é un anuncio como todo o que fai a Xunta de Galicia e como todo o que fai o Partido Popular, nin hai transporte nin hai usuarios nin hai nada. O único que sabemos é o que nos din os veciños de A Guarda que estiveron aquí en Vigo dicíndonos que lle piden ao Alcalde de Vigo que lles poñan máis paradas, ou os veciños de Gondomar que viñeron o outro día aquí e tamén lle dixeron que como non teñen alcalde que lles defendan que lles dea máis liñas aquí, ou os veciños de Nigrán que viñeron acompañados do próximo Alcalde de Nigrán dicíndonos que queren que se repoñan as liñas que o Partido Popular lles quita e eu tamén lle quero dicir aquí a tódalas viguesas e a tódolos vigueses que Vigo está dentro de calquera proxecto que defenda a Comunidade Autónoma de Galicia, que Vigo está por dereito e nós imos facer que se respecten e que se cumpran tódolos dereitos porque nós esiximos, nós non somos vítimas señores do Bloque Nacionalista Galego, ao mellor vostedes onde gobernan como en Pontevedra que teñen publicado na súa páxina web que poden facer poucas políticas sociais e de emprego polos recortes do goberno da Xunta de Galicia e do Goberno de España, cousa que compartimos, recortes, recortes e recortes.

Pero dende aquí, como non somos vítimas senón todo o contrario quero darlle as grazas ao Alcalde por estar poñendo a Vigo no mapa, por recuperar un peso que nunca tivo, non se poñan nerviosos que imos seguir con este tema. Consequimos que o Goberno España teña a Vigo na cabeza, exemplo constante na política económica municipal, non o dicimos os socialistas só senón que tamén dio o Sr. Montoro cada vez que fala de política económica municipal. Gracias Alcalde pos desbloquear a construción da depuradora falando coa Ministra de Medio Ambiente, a Sra. Espinosa naquel momento e seguindo falando cos sucesivos ministros para

que hoxe a depuradora sexa un feito. Gracias Alcalde por conseguir a entrada do AVE en túnel porque aquí entraba por trincheira e neste mesmo Pleno voceiros do Partido Popular ríanse desa proposta do túnel, incluso dicían imos poñer un ascensor para que baixe o tren, pois hoxe é un túnel, xa nos teñen acostumados ao pouco rigor que teñen, pero gracias tamén Alcalde por ter negociado persoalmente co Ministerio de Industria o Plan Integral de Automoción para que a planta PSA-Peugeot en Vigo estivera dentro, a agora gracias tamén por facer posible a ampliación dos 50.000 metros, gracias Alcalde porque gracias a iso vaise fabricar en Vigo unha furgoneta para Peugeot, unha para Opel e unha para Citroën, eu se fora do Partido Popular estaría nervioso Alcalde porque aínda non se acabaron os agradecementos. Gracias por estar conseguindo os servizos e infraestruturas do que dispoñen as capitais, gracias por estar conseguindo que os servizos e infraestruturas dos que dispoñen capitais, antes tiñamos que ir á oficina de tráfico de Pontevedra agora non, gracias Alcalde, antes tiñamos que ir ao Rexistro Mercantil a Pontevedra, agora xa non, gracias Alcalde, gracias polo Xulgado, polo Aeroporto e pola autopista do mar, gracias.

Estamos convertendo Vigo, e estás convertendo a Vigo nunha cidade influínte en España, non hai ningún Alcalde en España coa capacidade de influencia do Sr. Abel Caballero Vigo ten unha emenda na Mesa das Cortes Xerais, onde se decide os temas a tratar no Parlamento de España, nada máis e nada menos, iso é o peso deste Alcalde e desta cidade agora. Vigo conta e decide na Federación Española de Municipios e Provincias, o Alcalde lidera a nivel nacional ós alcaldes dos distintos concellos de España sendo o Vicepresidente da FEMP. Gracias Alcalde por ter participado na ONU, se eu non sei se saberán o que é a ONU, o Alcalde de Vigo participou por primeira vez na historia da cidade de Vigo na conferencia decisiva no mundo e asistiu á Conferencia da ONU sobre o cambio climático en Copenhague, é que vostedes non se decantan. Sr. Fidalgo non se poña nervioso porque a vostede mesmo lle dixen o outro día, non dean a coñecer a esta candidata, non a dean a coñecer, e non me fixo caso, vai a radio e dinos que o patrón da cidade é Cachamuiñas, o que é motivo de mofa na representación de onte na Reconquista e collen e a seguen dando a coñecer e vai a televisión e di que as Illas Cíes non poden ser Patrimonio da Humanidade, é que non a dean a coñecer, fágame caso.

SR. ARAÚJO PEREIRA: Mais que desconcertado, abafado en xeral por como se leva a seriedade deste Pleno que creo que é un tema bastante máis serio do que o estamos a tratar.

Señores concelleiros e Presidente, o transporte metropolitano é un tema importante e eu creo que o Presidente deste Pleno sabe que é un tema importante para o desenvolvemento dunha cidade como Vigo, porque depende fundamentalmente dos veciños dos concellos colindantes e porque temos os nosos centros de traballo en concellos colindantes. O desenvolvemento na cidade e que veciños doutros concellos colindantes e de áreas metropolitanas próximas xeren os seus servizos na cidade, incrementa tamén a economía da cidade, eu estou seguro que o Presidente sábeo e por iso acordou cos cidadáns de Vigo que se vai a implantar e aínda está a tempo de implantalo.

Sr. Alonso, o transporte intermodal na nova estación intermodal empezouse polo menos coa licitación, se é verdade que ao mellor chega tarde pero si se empezou e hai a vontade indubidablemente de dotar a Vigo dunha estación intermodal como non podería ser doutra forma. Tamén é verdade que o transporte de ría si se incorporou pero tamén vostede sabe que os servizos hai que facelos eficientes e primeiro hai que aumentar o número de usuarios, iso tamén se fai co custe económico e partires de ter un número de usuarios adecuado seguramente aumentará as frecuencias. O plan é completo, hai aumento de frecuencias, pódeo consultar, dende tódolos concellos cara a metrópolis e desta cara a tódolos concellos da área.

A verdade é que me da un pouco de pena Sr. Regades, que non xustifique o por que non se integran, que se pasara tres minutos ou cinco minutos falando de todo e facendo política barata en vez de contestar a unha demanda da cidadanía. Moitos que se toman a xestión en serio si, outros que adican a facer políticas partidistas, con fins electoralistas e utilizan os fondos deste Concello para facer plans de mercadotecnia e controlar os medios.

PRESIDENCIA: En todo caso debo dicir que os cidadáns de Vigo si están incorporados no plan de transporte metropolitano, e si i van usar, polo tanto a efectos dos 300.000 cidadáns mulleres e homes de Vigo, están dentro do plan de transporte metropolitano, non pode ser doutra forma, por iso están incorporados,

que toda a cidade saiba que os 300.000 cidadáns de Vigo van a usar o Plan de Transporte Metropolitano e van ter a redución de tarefa que lle corresponde exactamente igual que os cidadáns do resto da comarca. Nós fixemos unha oferta, 260.000 euros de cooperación para algo que é obriga e competencia exclusiva da Xunta de Galicia, porque o transporte metropolitano é obriga e competencia exclusiva da Xunta de Galicia, pero nós quixemos cooperar neste proxecto, ofrecimos 260.000 euros, por que esa cantidade? Porque nos documentos oficiais que nos pasaba a Xunta de Galicia aparecía un custe atribuíble á cidade de Vigo de 221.000 euros, eu sei que sempre hai unha marxe de erro nos cálculos, lle sumamos un 20% e fixemos esa oferta. Eles dicían Vigo ten que cooperar en 221.000 euros, eu lle dixen ofertamos 260.000 euros e dixeron que non, e cando lles preguntábamos pero se vostedes din que Vigo terá que achegar 211.000 euros e nos ofertamos un tope ata 260.000 euros por que nos din que non? Resulta incomprendible, que alguén que teña a obriga de pagar o 100% do Plan de Transporte Metropolitano acuda ao Concello de Vigo e o Concello de Vigo lle diga de acordo, decides que vai custar 211.000, ofertamos 260.000 máis do que vos dicides do que vai custar, e iso para a miña sorpresa, debe dicir que eu quedei sorprendido, recibimos a negativa da Xunta de Galicia. Pois a oferta de 260.000 euros de contribución está enriba da mesa, no momento que a Xunta de Galicia queira, asinamos unha achega de 260.000 euros como máximo ao Plan de Transporte Metropolitano, e mire ben señor concelleiro, sabendo que neste momento tódolos cidadáns de Vigo van a utilizar con custe cero para o Concello, quere dicir que nós mantemos a nosa oferta, aínda sabendo que tódolos cidadáns van gozar desa nova tarificación con custe cero, pero mantemos a proposta de 260.000 euros, pero os cidadáns que estean tranquilos porque tódolos cidadáns de Vigo van ter a nova tarefa de Plan de Transporte Metropolitano de acordo coa proposta da Xunta de Galicia para o resto da comarca.

Polo tanto, é a obriga, grazas non, cando un ten unha obriga e a Xunta de Galicia ten unha obriga non é grazas a eles é a súa obriga, o que nos preguntamos é porque xa non o puxeron hai máis anos, estamos no presente, os cidadáns de Vigo imos ter deducións en transporte cando utilicen os autobuses de transporte metropolitano exactamente igual que o resto dos cidadáns, e ao concello incomprendiblemente por decisión da Xunta de Galicia cústalle cero,

incomprensiblemente.

Polo tanto, tódalas avantaxes con custe cero pero estamos dispostos señor concelleiro a aportar os 260.000 euros cando a Xunta de Galicia queira, neste momento avantaxes para tódolos cidadáns de Vigo.

VOTACIÓN: Con trece votos a favor dos membros do Grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Alonso Alonso, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Muñoz Posse, Pérez Dávila e Relova Quinteiro, dúas abstencións dos membros do Grupo municipal do BNG, señor e señora Alonso Pérez e Veloso Ríos, e once votos en contra dos membros do Grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 17.03.2015 (Rex. Nº 1070/1101), polo voceiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Figueroa Vila, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

#### **4.A. MOCIÓNS URXENTES DE CONTROL DO GOBERNO MUNICIPAL.**

##### **4.A.1(72).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR INSTANDO AO GOBERNO MUNICIPAL A PRIORIZAR COMO INSTRUMENTO DE CUMPRIMENTO DA NORMATIVA DE SEGURIDADE VIAL AS CAMPAÑAS DE INFORMACIÓN E FORMACIÓN ÓS CIDADÁNS E OUTROS ACORDOS COMPLEMENTARIOS. EXPTE. 1083/1101.**

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 25 de marzo de 2015, número 1083/1101, o concelleiro do grupo municipal do Partido

Popular, Sr. Araújo Pereira, formula a seguinte,

#### MOCIÓN

“O grupo municipal do PP de Vigo ven recibindo dende fai mais de tres anos, innumerables queixas dos cidadáns de Vigo sobre a excesiva presión recadatoria en materia de sancións de tráfico, proba disto son as mais de 140.000 solicitudes de anulación de multas de tráfico que se levan presentado dende 2008 por parte dos nosos veciños.

Si ben e certo que por lei entre as funcións da policía local destaca no Artigo 53. B “Ordenar, sinalizar y dirigir el tráfico en el casco urbano, de acuerdo con lo establecido en las normas de circulación.”

E que dentro do carácter que a reforma da LSV atribuíu as denuncias formuladas polos Axentes da Autoridade, hai que facer referencia o artigo 74.1 da Lei, que establece que os Axentes da Autoridade encargados da vixilancia do tráfico deberán denunciar as infraccións que observen cando exerzan funcións de vixilancia e control da seguridade vial.

Non e menos certo que entre as funcións que ten a administración en materia de seguridade vial e que deben ser previas as sancións están;

-A formación e información a través de campañas divulgativas e educativas as cales aparte de ser realizadas en centros educativos e algunha asociación veciñal como se leva facendo cun esforzo moi loable por axentes da nosa policía local, deben chegar a maioría da cidadanía e sobre todo a condutores, futuros condutores e peóns.

-A Xestión da educación vial.

-A comunicación e divulgación relacionada co tráfico e a seguridade na circulación vial.

-O establecemento das directrices para a formación e actuación dos Axentes da autoridade en materia de tráfico e circulación de vehículos.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Municipal Popular no Concello de Vigo somete a consideración do Pleno a aprobación do seguinte acordo:

Instar ao goberno municipal a:

- Priorizar como instrumento de cumprimento de normativa as campañas de información e formación os cidadáns en materia de seguridade vial e tráfico, fronte aos procedementos sancionadores.
- Aclarar que está a acontecer cos dez axentes da policía local que teñen denunciado practicas non conformes a lei respecto as directrices de actuación dos Axentes da Autoridade da nosa cidade.

- Aclararlle a cidadanía porqué en tempos da maior crise económica deste século e cando as familias lles costa chegar a fin de mes, este alcalde duplica o presupostado en imposición en multas de tráfico desde que goberna, chegando a ingresar 26.200 euros o día por este concepto.
- Non utilizar a policía local como instrumento recadativo.”

#### DEBATE:

PRESIDENCIA: Hai unha moción urxente, entendo que é urxente e que ven sen o cualificativo de urxente, temos a impresión de que o tema de urxente non ten nada, pero se o grupo Popular insiste por nós non hai problema na súa tramitación.

SR. ARAÚJO PEREIRA: Basicamente a xustificación da urxencia é porque nos decatamos quizais a finais de febreiro, da entrada por rexistro de varias denuncias de compañeiros da Policía Local indicando que algo non está a funcionar de acordo coa lei, e segundo o procedemento adecuado. Entre esas denuncias a título particular, que foi o que máis nos sorprendeu, axentes da nosa policía din ou denuncian algunhas humillacións e separacións do seu posto de traballo por negarse a impoñer sancións, segundo a directrices marcadas, aos cidadáns de Vigo, a verdade é que nos sorprende moito porque pode ser que nalgunha acción política pero a título particular, funcionarios públicos fagan isto, pois a verdade sorpréndenos e por iso preguntamos ao Pleno como se chega a isto, ese é o motivo da urxencia.

O grupo municipal do Partido Popular ven recibindo tamén é certo, dende hai máis de tres anos, innumerables queixas dos cidadáns de Vigo sobre a excesiva presión recadatoria en materia de sancións de tráfico, proba disto son as máis de 140.000 solicitudes de anulación de multas de tráfico que se levan presentando dende 2008 por parte dos nosos veciños, se ben é certo que por lei entre as funcións da Policía Local, destaca no artigo 53.b) ordenar, sinalizar e dirixir o tráfico no casco urbano de acordo co establecido nas normas de circulación e que dentro do carácter que a reforma de Lei da seguridade vial atribuíu as denuncias formuladas polos axentes de autoridade, hai que facer referencia ao artigo 74.1 desta Lei que establece que os axentes de autoridade encargados da vixilancia do tráfico deberán denunciar as infraccións que observen cando exerzan funcións de vixilancia e control da



seguridade vial. Non é menos certo tamén que entre as funcións que ten a administración en materia de seguridade vial e que deben ser previas ás sancións, está a información e formación a través de campañas divulgativas, educativas, as cales a parte de ser realizadas en centros educativos e algunha asociación veciñal como se leva facendo ata o de agora con esforzo moi loable dos axentes da nosa Policía Local, deben chegar á maioría da cidadanía e sobre a condutores e futuros condutores e peóns. Estas campañas a verdade é que eu as descoñezo e creo que tódolos cidadáns as descoñecemos.

Tamén debe priorizarse a xestión da educación vial, a comunicación e divulgación relacionado co tráfico e a seguridade da circulación vial, e tamén deber priorizarse o establecemento das directrices para a formación e actuación dos axentes da autoridade en materia de tráfico e circulación de vehículos.

Todo isto lévanos a propoñer ao Pleno da Corporación a instar ao Goberno municipal a priorizar como instrumento e cumprimento da normativa das campañas de información e formación aos cidadáns, en materia de seguridade vial e de tráfico, fronte aos procedementos sancionadores. Clarexar que esta a acontecer con dez axentes da Policía Local que teñen denunciado practicas non conformes á lei, respecto ás directrices de actuación dos axentes de autoridade da nosa cidade, clarexar á cidadanía porque en tempos da maior crise económica deste século e cando ás familias lles custa chegar ao fin de mes, este Alcalde duplica o presupostado en recadación en multas de tráfico dende que goberna, chegando a ingresar 26.200 euros ao día neste concepto.

Tamén instamos ao goberno municipal a non utilizar á Policía Local como instrumento recadatorio como parece polas cifras que acabo de dar.

SRA. VELOSO RÍOS: Nós dende o Bloque Nacionalista Galego xa no seu momento denunciámos que nos chamaba a atención que a poucos meses das eleccións municipais un elemento ademais que serve para recadar ten claramente unha misión tamén disuasoria como o multa móbil, se avaríase misteriosamente e desaparecese da circulación, eliminando esa capacidade disuasoria para evitar a dobre fila na nosa cidade, para evitar os aparcadoiros indebidos en determinadas zonas e non se sabe por que se quita da circulación por unha avaría que debe ser realmente gorda para non poder resolvela, non se substitúe, producindo un certo

relaxo que eu creo que cada persoa que conduce un coche pola nosa cidade, pois pode sentir no momento de dicir, “bo non está o multa móbil”. Pero iso dende logo non supón que se rebaixe a recadación en multas senón que as multas fanse, se aplican doutra maneira menos visible á cidadanía, pero si que é certo que segue habendo un aumento nos ingresos por multas, ogallá non o houbera porque houbera menos infraccións e polo tanto houbera que multar menos, ogallá fosen máis produtivos e se fixesen máis esforzos en educación vial, houbera un maior respecto polas normas de circulación e non houbera que multar tanto, pero tamén é certo o que dixo a Sra. Silva, Tenente de Alcalde, xa dixo no seu momento que os ingresos neste Concello por parte do Goberno do Estado e por parte da Xunta de Galicia, as transferencias a este Concello cada vez son menores e hai que garantir os ingresos dalgunha maneira, parece que esta é unha das maneiras escollidas polo goberno actual, as multas de tráfico.

Nós realmente entendemos que as funcións da Policía Local están recollidas na lei, pero tamén é certo que hai instrucións, orientacións que poden ter un carácter político e que a nós gustaríanos que tivesen o menor impacto posible porque a Policía Local ten que cumprir unhas funcións que son importantes para a cidadanía e entendemos que a recadación por multas dunha maneira un pouco oculta, non nos parece a mellor maneira porque si que é certo que a nós gustaríanos que se priorizasen outras funcións da Policía Local moi importantes, como que sexan un instrumento para o cumprimento da normativa, que se prioricen medidas disuasorias, a educación vial, regulación do tráfico e mesmo gustaríanos que se priorizase tamén a función da Policía Local na regulación do tráfico nestas medidas “keynesianas” que son as obras de humanización desta cidade que ao final nos atopamos con obreiros e persoal de Protección Civil por exemplo, regulando o tráfico en vez de contar con Policía Local.

Nós dende logo pensamos que o que se pide nesta moción que é priorizar como instrumento de cumprimento de normativas, campañas de información e formación aos cidadáns en materia de seguridade vial e tráfico, é máis que razoable e logo todo tipo de aclaracións sobre o funcionamento da Policía Local como o funcionamento de calquera outro departamento deste Concello, creo que se corresponde perfectamente con esta adhesión que aprobamos á Rede de municipios pola transparencia e participación cidadá, así que non nos parece mal o

que solicita o Partido Popular.

SR. LÓPEZ FONT: Esta moción é moi seria, o que pase é que recoñezo en voz alta que teño un problema que me fixo tanta gracia o de Cachamuiñas como patrón da cidade, que me teño que poñer serio para esta moción pero fíxome moita gracia.

Outra vez, Sr. Araújo? Outra vez co tema das multas e outra vez co tema da falla de respecto aos funcionarios da Policía Local? Pero cando imos a saír desta auténtica hipocrisía que é, parece que defendemos á Policía pero o único que facemos é estar atacándoa, cando imos saír desta hipocrisía.

Esta moción non ten nin urxencia nin é absolutamente verdade e voulo demostrar agora, ningún dos parámetros e cuestións que vostede propón. É unha vergoña esta moción, tódolos extremos son absolutamente falsos e pídlle un pouco de rigor, e ademais dígollo honestamente, non me querelo contra vostede porque faltan dous plenos, e porque non é o meu estilo xudializar a vida política, pero esta moción tal e como está redactada e tal e como finaliza dicindo que non teña a Policía Local afán recadador é para querelarse contra vostede. Dende aquí quero manifestar o meu recoñecemento, apoio e a miña consideración total deste goberno á Policía Local, e é unha vergoña que concelleiros neste Pleno poñan en dúbida a forma de actuar e a honorabilidade de cada un dos policías, díxeno mil veces, se houberse o máis mínimo indicio de que se dan instrucións á Policía Local para poñer multas onde non se deben poñer, vostedes deberían ir aos Xulgados, pero literalmente, saír correndo. Non me doe a crítica a min, Sr. Araújo, dóelle aos servidores desta cidade, por que vostede tamén cuestiona as multas da Guarda Civil de tráfico, esas non, estas si, verdade? As da nosa Policía Local vostede as cuestiona.

Moi ben, porque a Policía Local tamén o dixo moitas veces, sae tódolos días a axudar aos cidadáns e atópase lamentablemente con cidadáns que infrinxen as normas de circulación, vostede non pode cuestionar e eu tampouco, nin unha soa das multas que poñen ningún dos nosos axentes, nin unha soa, non ten dereito nin a pode cuestionar. Entón aquí estas mocións son fabulosas nas que parece que dicimos que ben a Policía Local para ao final acusalos de que están obedecendo instrucións políticas e non llo consinto, e defenderei á Policía Local aquí e teñen que facer de forma autónoma o seu traballo, eu non sei se no seu grupo como

governaron anteriormente, óulles a algún dos seus compañeiros que eles si daban instrucións á Policía, pero encima é que estou seguro que nunca consentiron ese tipo de autorizacións.

Absolutamente falso, as denuncias reducíronse dende o ano 2012 que había 40.000 ata o ano 2014 a 26.000, 11.000 denuncias menos, pero de que me está falando? Vehículos retirados da grúa ano 2012: 10.000, ano 2014: 6.500, é o colmo xa que vostede non se decate que teoricamente era o que tiña que facerme oposición a min nos temas de seguridade de tráfico e demais, que non se decate que o programa de seguridade vial da Policía Local é o mellor, de Galicia non, de España seguro, que pasan 15.000 cidadáns polo programa de seguridade vial, que atendemos a nenos, a situacións de discapacidade, que facemos eventos no IFEVI en Nadal, e que facemos en hospitais e asociacións de veciños, unha campaña espectacular como é a dos sistemas de retención infantil e vostede ven a dicir que non hai case ningunha campaña. Xa o da prevención, dicir que a nosa Policía Local non ten prevención, pero se non é mérito meu, se houbo concelleiros anteriores que o fixeron, tódolos anteriores, nós facemos seguimento de tódalas campañas e colaboramos coa Dirección Xeral de Tráfico, control de motocicletas, alcoholemia, velocidade e enriba temos campañas propias nosas, é o colmo vir aquí a difamar á Policía Local, e no tema de cantidades de orzamentos nos axustamos en 100.000 euros máis menos ao que presupostamos, cuestión que non facían vostedes. Con respecto aos 10 axentes, pois simplemente a Policía Local tivo un sistema de reorganización que foi un traballo de tres anos e sobre once parámetros e haberá persoas que poden estar en desacordo, pero o máximo respecto á Lei como sempre fixemos, é unha indignidade traer esta moción aquí.

SR. ARAÚJO PEREIRA: Señor concelleiro, a verdade é que a punta do iceberg son esas once denuncias metidas por Rexistro que me parece moi grave que xa se chegue a esa situación, espero que non se xudicialice pero é moi probable que cheguen aí, sobre todo porque non só falo con eses dez compañeiros senón que falo con moitos, e todos me contan as presións que se xeran a nivel político, por desgracia.

Do resto dos compañeiros que levaban esta tema noutros gobernos nin falei disto, o que si miro cifras e as cifras si son claras, as cifras din que o presupostado entre

2008 e 2014 había 32 millóns de euros para sancións e a día de hoxe temos 67 millóns, case 35 millóns de euros, esa é realidade, unha vez que se comeza un procedemento administrativo estea cobrado ou non estea cobrado, hai que darlle solución e resolvelo, as multas, sancións non son máis que un procedemento administrativo e hai que resolvelo, e a imposición desas sancións cifra esta cantidade, estarán resoltas ou non pero cifra esta cantidade, outra cousa é como rematan.

Eu en ningún momento teño unha falla de respecto aos axentes da autoridade desta cidade, todo o contrario, o meu apoio porque moitas veces traballo polo meu posto de traballo a parte de aquí con eles noutros concellos, é certo tamén que se está utilizando a persoal de Protección Civil que nin sequera é persoal do Concello, que son voluntarios para facer as funcións da Policía Local e que tamén é certo que iso xerou algún tipo de incerteza nos funcionarios desta casa. Tamén é certo que a falla de respecto indubidablemente non é aos membros da Policía Local, o que eu estou pedindo nesta moción é que se clarexe que está pasando con estas persoas, estou pedindo nesta moción que se estas persoas teñen os seus dereitos, están cumprindo o seu traballo de forma normal, se lles restituía nos seus postos de traballo, estou proponendo nesta moción que a Policía ten que ter unha labor máis de servizo cidadá e ese servizo cidadá é de tódolos Policías non só dun grupo pequeno e con poucos medios porque tamén está presupostado, pequeno e con poucos medios, ós que agradecemos o gran esforzo que están a facer por divulgar a seguridade vial nesta cidade.

**VOTACIÓN DA URXENCIA:** Por unanimidade dos vinte e seis membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e de feito, acórdase incluír a moción na orde do día.

**VOTACIÓN DA MOCIÓN:** Con quince votos a favor dos membros do Grupo municipal Popular señores e señoras Alonso Alonso, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Muñoz Posse, Pérez Dávila e Relova Quinteiro, e máis dos

membros do Grupo municipal do BNG, señor e señora Alonso Pérez e Veloso Ríos, e once votos en contra dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 25.03.2015 (Rex. Nº 1083/1101), polo concelleiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Araújo Pereira, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

## **5.- FORMULACIÓN DE ROGOS.**

### **5.1(73).- ROGO FORMULADO POLA CONCELLEIRA DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, SRA. GARCÍA MÍGUEZ, RELATIVO Á MINUTO DE SILENCIO POLAS VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO.**

SRA. GARCÍA MÍGUEZ: Queríamos solicitar ao Pleno do Concello de Vigo que no minuto de silencio polas vítimas de violencia de xénero se inclúa tamén aos seus fillos e fillas, nese minuto de silencio.

PRESIDENCIA: Tomamos nota do rogo.

## **6.- FORMULACIÓN DE PREGUNTAS.**

### **6.1(74).- PREGUNTA FORMULADA POLO CONCELLEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG, SR. ALONSO PÉREZ, RELATIVO AOS PERMISOS DAS OBRAS DE ASFALTADO NO PARQUE DE CASTRELOS.**

SR. ALONSO PÉREZ: Queríamos saber se o Goberno Local ten os permisos de Patrimonio para as obras novas e asfaltado que se están levando no Parque de Castrelos, e cal é a funcionalidade e a finalidade destas obras.

PRESIDENCIA: Contestamos por escrito.

**6.2(75).- PREGUNTA FORMULADA POLO CONCELLEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, SR. ARAÚJO PEREIRA, RELATIVO AOS TRÁMITES PARA OS ACCESOS DA NOVA ESTACIÓN DE URZÁIZ.**

SR. ARAÚJO PEREIRA: Eu teño dúas preguntas cortas. A primeira que se comezou os trámites para a licitación da Estación Intermodal de Urzáiz, queremos saber cando dan comezo os trámites para os accesos á nova estación de Urzáiz.

SRA. SILVA REGO: En relación a cinco anos despois de que tería que haberse licitado a estación de autobuses para lograr a intermodalidade en época electoral, o Partido Popular agora propón que vai licitar a estación de autobuses cando tiñan que telo feito hai cinco anos, sona a risa, xa saben os cidadáns que isto é unha mentira máis do Partido Popular.

Os accesos están debuxados no Plan Xeral e ten vostede que dicirlle á Conselleira cando os vai debuxar no seu propio proxecto porque será ela a que teña que poñelo en marcha porque lle corresponde á Sra. conselleira a construción da Estación de Autobuses e tamén dos accesos. Votedes non se decantan, non me len os papeis, fagan o favor léanme os papeis.

**6.3(76).- PREGUNTA FORMULADA POLO CONCELLEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, SR. ARAÚJO PEREIRA, RELATIVO AOS TRÁMITES PARA AO DESALOXO DO POSTO DO CONSORCIO DO CASCO**

## **VELLO NA FESTA DA RECONQUISTA.**

SR. ARAÚJO PEREIRA: A outra pregunta é cales foron os motivos reais e legais para ordenar o desaloxo do posto que tivo o Consorcio do Casco Vello na festa da Reconquista, non entramos no fondo se é dunha cousa ou doutra. Cales son os motivos reais e legais para ordenar o desaloxo?.

SRA. SILVA REGO: En relación ao desaloxo dun posto, “chiringuito” posto polo Consorcio do Casco Vello, supoño que aprobado polo delegada da Xunta de Galicia e presidenta dese Consorcio do Partido Popular sen consultar co resto dos membros dese Consorcio, non tiña autorización para o uso público porque na festa da Reconquista o único que se permite é poñer postos de hostalería e ademais a xente ten que ir vestida de época, non teñen que ir vestidos de cor azul, cor Partido Popular, non poden haber bandeiras cor Partido Popular e non pode haber postos con azul, color Partido Popular; que significa isto? Que non se pode facer un uso político partidario e electoralista da Reconquista.

Por certo, ese acto da Reconquista financiase exclusivamente con cartos das viguesas/es a través do Orzamento que se aproba neste Concello, neste Pleno, foi vergoñento ver un “chiringuito” cor azul popular facendo política partidaria na gran festa de Vigo, vergoñento.

## **6.4(77).- PREGUNTA FORMULADA POLA CONCELLEIRA DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, SRA. CENDÓN ALONSO, RELATIVO A PREGUNTAS FEITAS NOUTRO PLENO SOBRE O USO DE AMBULANCIA POR PARTE DE PROTECCIÓN CIVIL E QUE NON TIVERON RESPONSTA.**

SRA. CENDÓN ALONSO: Sr. Alcalde, dous Plenos atrás preguntei polo uso dunha ambulancia que está fora de normativa, en desuso, que non pasou a ITV e que non cumpre a normativa da Consellería de Sanidade por parte de Protección Civil, dixéronme que ía recibir resposta por escrito, non a recibín nin oral nin escrita tres meses despois.



PRESIDENCIA: Recibiraa de inmediato.

**6.5(78).- PREGUNTA FORMULADA POLO CONCELLEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, SR. ÁLVAREZ PÉREZ, RELATIVO AO CUSTE DA INSTALACIÓN, TRASLADO E MANTEMENTO DO BARCO DE BERNARDO ALFAGEME.**

SR. ÁLVAREZ PÉREZ: Queremos saber a desagregación de tódolos custos de instalación, traslado e mantemento do Bernardo Alfageme, o barco da rotonda de Coia, ese “mamotreto” ao que vostede cualifica de precioso, é dicir, queremos saber, dado que hoxe se lles encheu a boca coa palabra transparencia e así poderemos ver se son capaces de facer o que din, canto custou a grúa, o transporte, o despregue policial para o seu traslado, canto custou a instalación e canto está custando o destinar efectivos policiais de forma permanente ao barco, canto custaron as luces de cores, o arranxo da rotonda e incluso as letras da rotonda.

PRESIDENCIA: Contestarémoslle por escrito, porque foron moitas preguntas e como vostede comprende eu non teño aquí o dato das catorce preguntas que vostede fai, sabe que ten o seu grupo dereito a facer catro pero deixámoslle que faga catorce porque somos transparentes, pode facer catorce e as que faga falla. Debo dicirlle algo máis, o barco é bárbaro, é fantástico.

E sen ter máis asuntos para tratar, o Sr. Presidente deu por rematada a sesión, ás doce horas e corenta e cinco minutos, da que se redacta a presente acta; como secretario dou fe do seu contido e incorpórase ó libro de actas do Pleno autorizada coa miña sinatura e máis a do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, conforme ó previsto

no artigo 110.2 do RD 2568/1986.  
am.

O ALCALDE,

O SECRETARIO XERAL DO PLENO,

Abel Caballero Alvarez

José Riesgo Boluda.

**DILIXENCIA:**

Esténdese para facer constar que a presente acta corresponde á sesión ordinaria do Pleno do día 30 de marzo de 2015. Consta de ..... folios da serie A numerados do ..... ao ....., e números do ..... ao ..... Aprobouse na sesión extraordinaria do Pleno do día 3 de xuño de 2015.

Vigo, a 3 de xuño de 2015

O SECRETARIO XERAL DO PLENO,

José Riesgo Boluda

